

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10

SESION ORDINARIA DO 25 DE ABRIL DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María Xosé
Bermúdez Pérez, Silvia	Molares Pérez, Lucía Emilia
Calviño Rodríguez, Julio	Pérez Mariño, Ventura
Coello Bufill, Antonio	Polo Lima, María Soledad
Comesaña Abalde, Carlos	Porteiro García, María Josefa
Couto Pérez, José Manuel	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figueroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Graña Barcia, María Luisa	Vieitez Alonso, Henrique
Guerra Fernández, Javier Jorge	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as doce horas e vinte minutos do día vintecinco de abril do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente (con retraso), Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e maila Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Comezamos este Pleno ordinario cun minuto de silencio polas mulleres que morreron este mes vítimas da violencia doméstica.

Os membros da Corporación Municipal e máis todas as persoas asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (80).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN ORDINARIA 31.01.05 E EXTRAORD. 21.02.05)

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Punte).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes á sesión ordinaria do 31 de xaneiro e extraordinaria do 21 de febreiro de 2005.

2.- (81).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PERI DA PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 4414/401.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de abril de 2005, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Cáceres, coa conformidade do Xerente, informa do que segue:

"1.- En data 05/12/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

"Primeiro.- Inicia-la formulación municipal da modificación puntual do PERI da Praza Elíptica a fin de rectifica-la contradicción existente na súa documentación entre a edificabilidade real fixada á parcela 2/01 e o sólido capaz asignado a esta, que non permite a súa localización, trasladando, xa que logo, esta edificabilidade real non subsceptible de ser materializada na parcela 2/01 ás parcelas 3/08, 3/09 e 3/14 ou a calquera outra que no curso do procedemento se poida revelar máis idónea. Isto coa conseguinte rectificación da conta de liquidación da reparcelación do plan especial, na que se deberán reflecti-las compensacións económicas procedentes.

Segundo.- Elaborada que sexa a documentación precisa pola Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo-Dirección Técnica dos Servizos Urbanísticos, tramítese como modificación puntual do PERI da Praza Elíptica, formulada polo Concello, remitindo o expediente ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de

Galicia, a fin de obte-lo informe previo á aprobación inicial previsto no artigo 41.3 da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia".

2.- En cumprimento do disposto nese acordo, o enxeñeiro xefe dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo redactou o proxecto de modificación puntual do PERI e Proxecto de reparcelación da Praza Elíptica. Dito proxecto inclúe a seguinte documentación, datada en novembro (Memoria) e setembro (Planos) de 2004:

- MEMORIA: 1.- Introducción, 2.- Antecedentes, 3.- Información do ámbito da modificación, 4.- Xustificación da nova proposta de modificación do PERI Praza Elíptica, 5.- Descrición da proposta: modificacións, 6.- Afección medioambiental e paisaxista, 7.- Consideracións xurídicas.

- PLANOS.

Na memoria do proxecto de modificación indícase o seguinte:

"(...) El ámbito a la que afecta la modificación corresponde a una superficie de 210,57 m2. Dicha superficie es la edificabilidad remanente no agotada en la parcela 2/01. Esta parcela está construída agotando la edificabilidad que corresponde al sólido capaz grafiado en el PERI, esto es: 1.014,53 m2, siendo la edificabilidad real asignada en el PERI a dicha parcela 1.225,10 m2. Es por ello que esta modificación puntual no supone en ningún momento un incremento de la edificabilidad, sino un traspaso de la edificabilidad, no susceptible de materializar en la parcela 2/01, a las parcelas 3/08, 3/09 y 3/14. (...) La necesidad de realizar una modificación el PERI Plaza Elíptica viene motivada por un error contenido en el Texto Refundido del PERI I-05, ya que a la parcela 2/01 propiedad de ROBEREST, CB, le corresponde una edificabilidad de 1.225,10 m2, habiendo consumido con el sólido reseñado en el PERI y actualmente ejecutadas 1.014,53 m2, por lo que tiene un sobrante de edificabilidad de 210,57 m2, que no son susceptibles de materializar sobre la parcela 2/01, ya que dicha edificación se encuentra ya consolidada. Asimismo, el sobrante de edificabilidad de 210,57 m2 se repartiría de mutuo acuerdo, entre las parcelas 3/08, 3/09 y 3/14, no produciéndose en ninguna de ellas una modificación en la ocupación del subsuelo tal y como se pone de manifiesto en el plano número 5 en relación al plano número 4 el cual refleja la ocupación en subsuelo según el texto refundido expte. 1-5 Plaza Elíptica. Las parcelas 3/08 y 3/09 son propiedad de Doral Galicia Promociones Inmobiliarias, SL y la parcela 3/14 de la entidad Enríquez SA".

No día 26/11/2004 o técnico de administración xeral emitíu informe xurídico e proposta de resolución no expediente de referencia.

3.- En data 07/12/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente a modificación do PERI e do seu Proxecto de reparcelación. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no BOP núm. 19, do 28/01/2005, no DOG núm. 37, do 23/02/2005, e nos diarios "Faro de Vigo" e "La Voz de Galicia", do 21/01/2005, así como notificación individualizada ós interesados.

Durante dito período non se presentou ningún escrito de alegacións, tal e como certificou o secretario da Xerencia de Urbanismo no 01/04/2005.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

S.Ordinaria 25.04.05

A modificación puntual do PERI da Praza Elíptica e do seu proxecto de reparcelación deben tramitarse segundo o disposto nos arts. 86, 134.4 e 117 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Ambas modificacións acumúlanse nun único procedemento, ó amparo do preceptuado no art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXA-PAC).

Segundo manifesta o enxeñeiro xefe dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo, esta modificación non supón ningún incremento de edificabilidade. Obedece unicamente á subsanación dun erro material detectado no texto refundido do PERI actualmente vixente. Afecta a unha superficie mínima do ámbito en non prexudica a ningún interesado. Asemade, a modificación axústase ó preceptuado nos arts. 70 e 94 LOUGA.

É competente para adoptar o acordo de aprobación inicial que agora se propón, o Pleno do Concello, de conformidade co disposto no art. 123.1.i) LBRL."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 14 de abril de 2005 propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Ponte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación puntual do PERI da Praza Elíptica, promovida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, con memoria e planos asinados polo enxeñeiro xefe dos servizos técnicos da Xerencia, en novembro e setembro de 2004 (expte. 4414/401).

Segundo.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. Publíquese no BOP e DOG e comuníquese á CPTOPV da Xunta de Galicia nos termos regulados no art. 92 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA).

No punto núm. 4 da orde do día prodúcese a seguinte explicación de voto do Sr. Soto Ferreiro e, a petición de seu, inclúese tamén neste punto:

Nós estamos en contra deste tema, dixémolo na Xerencia de Urbanismo porque coidamos que ten problemas moi claros coa legalidade en distintos aspectos. Cousa que nos pasou tamén co expediente número 2 e que por unha distracción de meu, arrastrei ó meu compañeiro a non votar en contra cando a nosa opinión era votar en contra.

Déixoo aí porque son plenamente consciente de que a votación non pode ser cambiada de signo pero si para pedir a comprensión da Secretaría Xeral, que esta explicación de voto, citándoa no punto no que a facemos, a citen polo menos a carón do punto 2 para que saiban os cidadáns que vexan esa certificación dos acordos cando se produza que nós moralmente estamos en contra, houberamos e deberamos votar en contra e só unha distracción de meu fixo que arrastrara ó meu compañeiro a votar o que non era.

3.- (82).- CAMBIO DE USO DOTACIONAL NO POLÍGONO 1 DO PERI II.12 A FLORIDA B, PARA PISCINA MUNICIPAL. EXPTE. 8643/411.

ANTECEDENTES.- Con data 4 de abril de 2005 o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade do Xerente, emite o seguinte informe:

"ANTECEDENTES.-

1.- En data 07/09/1990 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior II-12-A Florida-B.

No 07/12/1997 aprobáronse as bases e estatutos do Polígono 1 do devandito PERI (BOP núm. 14, do 22/01/1998). No 05/03/1998 constituíuse a Xunta de Compensación (XC) do Polígono, que se aprobou polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo mediante acordo do 15/05/1998.

No 04/04/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do Polígono 1 do PERI "II-12-A FLORIDA B", na súa versión definitiva, redactado polos arquitectos D. Enrique López Santander e D. Teodoro de Francisco Antes (expte. 4245/401)".

Finalmente, no 31/10/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 4367/401).

2.- No 14/10/2003 a concelleira delegada de Deportes interpuxo na Xerencia de Urbanismo un escrito no que manifestou o seguinte:

"Nesta Concellería detectamos a necesidade urxente de construír e abrir ó público unha piscina cuberta municipal na zona comprendida entre as Avdas.

da Florida e Castelao. Zona deficitaria nesta clase de dotacións, que ademais recentemente veu incrementada a súa poboación por mor das novas urbanizacións executadas. Ó parecer, na praza central do "Polígono 1" do PERI "II-12-A Florida B", preveuse un equipamento deportivo aberto de titularidade pública municipal. Sen embargo, as condicións e características físicas desa praza parecen idóneas para emprazar nela a devandita piscina. Motivo polo cal interese da Concellería de Urbanismo se efectúen as xestións pertinentes para permitir o uso de piscina cuberta na referida praza, incoando, se fose necesario, o procedemento previsto para estes efectos no art. 47.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA)."

En data 14/10/2003 o concelleiro-delegado de Urbanismo emitíu un oficio dirixido á Oficina de Planeamento: "(...)a fin de que procedan a efectuar as xestións necesarias para permitir o uso de piscina cuberta na referida praza, incoando, se fose necesario, o procedemento previsto para estes efectos no art. 47.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA)".

No 27/10/2003 o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitíu un informe xurídico ó respecto. A continuación solicitáronse senllos informes do departamento de obras e proxectos municipais e da Concellería de Deportes, sobre a viabilidade técnica e financeira de nova piscina municipal.

No 27/11/2003 o arquitecto municipal emitíu un informe no que entre outros aspectos fixo constar o seguinte:

"(...) Trala análise do emprazamento, e sen chegar a considerar os aspectos de planeamento que lle atinxan, considérase que é factible a construción deste equipamento na praza central do polígono para o que deberíanse atender as seguintes condicións:

- As dimensións da parcela posibilitan a construción dunha piscina cun vaso de 12'50m*25m de longo e doutro mais pequeno (7'50m*12'50m) para aprendizaxe, incluíndo vestíbulo de acceso e control, vestiarios, almacéns e zona de instalacións.
- O desnivel existente na zona permite a construción da piscina cuberta a cota 342'00m e conserva-la pista polideportiva aberta a cota 348'00m ou a cota superior segundo o proxecto de urbanización.
- En todo caso respetarase unha altura mínima de 6'00m dende o solo da praia da piscina ata o solo da pista polideportiva, conquerindo así unha altura libre interior mínima de 4'50m.
- O acceso á piscina cuberta fariase dende a parte baixa da praza polo que habería que rectificá-la cota 344'42m baixándoa ata os 342'00m. Deste xeito temo-la fachada principal da piscina cuberta a cota co parque exterior.
- O proxecto de urbanización resolverá os saltos de cota que se produzan nas rúas laterais garantindo en todo momento unha axeitada accesibilidade a tódalas zonas.
- Sendo a cota da praia da piscina a 342'00m haberá que profundizar ata os 338'50m aproximadamente para a construción do vaso e das salas de instalacións.

O presente informe achega dous planos orientativos do posible encaixe da piscina cuberta na parcela proposta cun programa tipo de piscina cuberta.

En todo caso chegado o momento será necesario desenvolve-lo proxecto básico e de execución baseado nun programa de usos establecido dende a Concellería de Deportes.(...)".

No 06/05/2004 a Concellería de Deportes emitiu un informe no que manifestou que *"non figura crédito adecuado e suficiente para a execución da obra referida"*, e que incluso descoñece a tramitación deste procedemento. Por ese motivo, no 09/06/2004 o concelleiro-delegado de Urbanismo acordou a finalización e arquivo do expediente.

3.- En data 23/09/2004 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou, por unanimidade, a reapertura deste procedemento *"para permitir o uso de piscina cuberta na zona deportiva de uso e dominio público na praza central do Polígono 1 do PERI II-12-A Florida B"*. No 14/10/2004 o Concelleiro Delegado de Urbanismo acordou revoga-la anterior Resolución de arquivo do expediente e continuar a súa tramitación, así como a apertura dun trámite de audiencia ós afectados.

A continuación notificóuselle individualizadamente aos propietarios do polígono a apertura dun período de audiencia por 20 días.

No 30/11/2004 o representante da Xunta de Compensación interpuxo un escrito de alegacións nesta Administración municipal opoñéndose ao pretendido cambio de uso dotacional.

No 14/02/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe sobre o sinalado pola Xunta de Compensación no seu anterior escrito.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I. O art. 47.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA) dispoñe que:

"O concello pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se mantéña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos".

II. Comprobados os antecedentes do caso, púidose constatar que tanto no "PERI II-12- A Florida B", como no proxecto de compensación do seu Polígono 1, preveuse unha zona deportiva aberta de uso e dominio público na praza central dese ámbito. No proxecto de urbanización presupostouse o custe de execución dese espazo libre, a cargo dos propietarios do polígono.

A modificación do uso da referida praza, de zona deportiva aberta a deportiva cuberta (piscina municipal) resulta compatible co resto das determinacións do PERI e do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93). Dito uso continuará sendo igualmente público, con instalacións de titularidade municipal.

Unha vez rematado este procedemento de cambio de uso dotacional, deberá redactarse e aprobarse o correspondente proxecto técnico da piscina. O custo da súa execución deberá ser asumido polo Concello, considerándose que non se preveu a súa imputación ós propietarios do polígono, nin no PERI, nin

nos proxectos de compensación e urbanización xa aprobados. Ditos propietarios resultarán obrigados unicamente á execución e custeamento da urbanización da zona da praza non ocupada pola futura piscina, e á explanación da base na que se emprazará.

III. No que se refire ás alegacións presentadas polo representante da Xunta de Compensación no trámite de audiencia aberto neste procedemento, os seus motivos de oposición son os seguintes:

- Incompatibilidade da piscina cos transformadores de enerxía eléctrica previstos no Proxecto de Urbanización.
- Incompatibilidade coa rede de augas pluviais no subsolo da praza.
- Indebida afección ás instalacións da Xunta de Compensación.
- A piscina incrementará o tráfico da zona residencial, cos inconvenientes que iso supón, non existindo por outra banda unha suficiente previsión de aparcadoiros.

O enxeñeiro técnico municipal de obras públicas no seu informe do 14/02/2005 sinalou sobre estas alegacións que:

"(...) 1º.- En el Proyecto de Compensación aprobado definitivamente (Exp - 4479/401) el 08/03/04 por la Junta de Gobierno Local, no hay localización de los centros de transformación.

2º.- En el Proyecto de Urbanización, la parcela donde se propone la instalación de la piscina cubierta, solo tiene prevista una red de riego.

3º.- En cualquier caso, la nueva dotación requiere una adecuación del Proyecto de Urbanización para que los servicios que contiene, prevean las conexiones necesarias, y si es preciso, redefinir los accesos y ajustar las cotas del contorno de la nueva instalación.

4º.- Parece evidente, desligar las obligaciones de la Junta de Compensación en materia de urbanización, de la intervención que se plantea, acotando y desvinculando el área que interese.(...)"

Motivos estes polos que poden desestimarse as alegacións da Xunta de Compensación. Isto sen prexuízo de que se deberá modificar de oficio o proxecto de urbanización do polígono, sen incremento do custo imputado á Xunta de Compensación.

IV. É competente para dicta-lo acordo que agora se propón o Pleno do Concello, por maioría absoluta do número legal dos seus membros, tal e como preceptúa o art. 47.4 LOUGA."

Polo exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de abril de 2005 o secretario xeral do Pleno presta a súa conformidade á devandita proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 14 de abril de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da citada proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Ponte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar o cambio de uso dotacional, de zona deportiva pública aberta a piscina cuberta municipal, na praza central do polígono 1 do PERI "II-12-A Florida B", de conformidade co disposto no art. 47.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (expte. 8643/411).

Segundo.- Desestimar as alegacións formuladas pola Xunta de Compensación do devandito polígono durante o trámite de audiencia aberto neste procedemento, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo.

Terceiro.- Iníciase de oficio a modificación do Proxecto de Urbanización dese polígono, adaptándoo ás necesidades da nova piscina, sen incremento do custo imputado á Xunta de Compensación.

Cuarto.- Que coa debida celeridade, pola oficina de obras e proxectos municipais se redacte o pertinente proxecto constructivo da piscina e que pola Concellería de Deportes se inicien os trámites de contratación da obra.

Quinto.- Publíquese este acordo no BOP e no DOG. Notifíquese á CPTOPV da Xunta de Galicia e ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á Concellería de Deportes e á oficina obras e proxectos municipais.

Neste punto se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Barros Puente.

4.- (83).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 7849/411.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de abril de 2005 o técnico de admón. xeral e o arquitecto-xefe de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Cominges Cáceres e Alonso Fernández, informan do que segue:

"Este informe emítese en relación coa modificación puntual do PLAN PARCIAL DE NAVIA, promovida por "Xestur Pontevedra" da Xunta de Galicia, redactada pola entidade mercantil "Alameda12, S.L." e asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Benito Fernández, na súa última versión, con memoria e planos datados en febreiro de 2004 e xaneiro de 2005.

"Xestur Pontevedra" ten encomendada polo IGVS da Xunta de Galicia a xestión desta actuación urbanística, incluída no Convenio asinado no 30/01/1992 entre dita Administración autonómica e o Concello de Vigo para a xeración de solo residencial en Vigo. A entidade mercantil "Alameda 12 SL" tamén redactou a versión primixenia do Plan Parcial de Navia, que agora se modifica puntualmente.

I. Antecedentes:

1.- En data 03/06/1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan parcial de Navia (expte. 2444/411, BOP núm. 183, do 20/09/1996), en desenvolvemento do programa de actuación urbanística aprobado no 08/02/1996. Dito acordo clarexouse noutro posterior de data 29/04/2002 (expte. 7556/411, BOP 19/07/2002). No 03/10/1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 3992/401).

2.- En desenvolvemento das determinacións de xestión do Plan parcial, "Xestur Pontevedra" adquiriu a propiedade dos terreos das fases 1ª e 2ª, mediante o sistema de expropiación (expte. 117/413) e acordo con distintos propietarios do ámbito.

3.- No 05/04/2002 o Ministro de Fomento aprobou o expediente de información pública e o proxecto de trazado "Circunvalación de Vigo. Tramo: Conexión Castrelos-Bouzas con autopista Puxeiros-Val Miñor", que transcorre polo límite sur do ámbito do Plan parcial de Navia, afectando terreos clasificados como zonas verdes neste ámbito.

4.- O 09/08/2002 "Xestur Pontevedra", presentou unha primeira solicitude de modificación puntual do Plan parcial (expte. 7849/411), acompañada de documentación técnica, redactada pola entidade mercantil "Alameda 12 SL" e asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Benito Fernández. En data 13/11/2002 remitíuselle a "Xestur Pontevedra" copia dos informes emitidos ao respecto pola CPTOPV da Xunta de Galicia (do 08/11/2002), Ministerio de Fomento (30/10/2002) e Subdirección Xeral de estradas da Xunta de Galicia (11/09/2002), para corrección da documentación.

5.- O 14/01/2003 "Xestur Pontevedra", á vista da entrada en vigor da nova Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA), presentou unha nova documentación corrixida, substancialmente diferente da anterior, que incorpora novos criterios na ordenación. No 03/02/2003 requiríuselle dende esta Administración municipal a corrección de varios erros detectados nela.

6.- O 02/06/2003 a Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento emitíu un novo informe dando por cumpridas as observacións formuladas no seu anterior informe.

7.- O 21/04/2003 "Xestur Pontevedra" presentou nova documentación, distinta da anterior, restrinxindo o alcance desta modificación puntual ao ámbito das etapas 1ª e 2ª do Plan Parcial, subdividindo a etapa 3ª en dúas fases: "A" e "B".

8.- Nos meses de maio e setembro de 2003 realizáronse diversas reunións entre os servizos técnicos municipais e XESTUR sobre o alcance da

modificación, correccións numéricas a introducir no documento e procedemento a seguir trala entrada en vigor da LOUGA. No 23/04/2004, presentouse por "Xestur Pontevedra", para aprobación inicial, nova documentación corrixida, datada en febreiro de 2004.

No 04/06/2004 a Consellería de Educación emitíu informe favorable ao respecto.

9.- En data 04/07/2004 o arquitecto xefe e o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitiron informe-proposta favorable á aprobación inicial da modificación puntual. No 19/07/2004 a Xunta de Goberno Local acordou dita aprobación inicial. A continuación abriuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG 176, do 09/09/2004, e nos diarios Faro de Vigo, La Voz de Galicia e Atlántico dos días 06/08/2004 e 07/08/2004, así como con notificación individualizada aos afectados.

Durante dito período interpuxéronse dous escritos de alegacións, subscritos por D. Manuel Rodríguez Iglesias (28/09/2004) e D. Fernando Copa Martínez (08/10/2004).

Asemade, no día 12/08/2004 o técnico supervisor da oficina de Medio Ambiente do Concello emitíu informe favorable sobre esta modificación puntual.

Déuselle traslado dunha copia das devanditas alegacións a "Xestur Pontevedra", que procedeu a respostalas nun informe de data 22/11/2004. No 17/12/2004 remitiúselle un oficio dende a Xerencia de Urbanismo no que se lle requiríu a rectificación de certa documentación. Finalmente, no 20/01/2005 dita Administración autonómica presentou na Xerencia de Urbanismo as correccións requiridas.

10.- No 31/01/2005 o arquitecto xefe e o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitiron informe sobre os escritos de alegacións interpostos durante o período de información pública. A continuación remitiúselle á CPTOPV da Xunta de Galicia unha copia compulsada do expediente.

En data 18/03/2005 a Comisión Superior de Urbanismo da Xunta de Galicia emitíu informe favorable sobre esta modificación puntual. Dito informe notificóuselle a esta Administración municipal no día 15/04/2005, vía Fax.

II. Ámbito/ condicións urbanísticas:

O ámbito do Plan parcial de Navia comprende unha superficie aproximada de 728.865 m², que a medición que contén o presente expediente de modificación puntual concreta en 728.321 m², clasificados polo Plan Xeral como solo urbanizable non programado e delimitados como ámbito do PAU de Navia, cos axustes efectuados con motivo das alegacións recibidas na tramitación de dito PAU.

Segundo dito PAU aprobado definitivamente, o aproveitamento tipo do ámbito é de 0,99 m²c/m² de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública.

Os límites do ámbito son: norte: Avenida Europa e terreos exteriores; sur: Avenida de Ricardo Mella; leste: Rúa Pelaios e Cemiterio de Bouzas e oeste: Rúa San Paio e terreos da parroquia de Navia.

III. Documentación presentada para aprobación inicial da modificación.

A documentación presentada, unha vez corrixida a requirimento dos informes sectoriais e dos servizos municipais, comprende os seguintes documentos:

- MEMORIA TÉCNICA.

I. OXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA

1. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE

II. XUSTIFICACIÓN DA ALTERNATIVA ELIXIDA E AS DETERMINACIÓNS

II.1. A ALTERNATIVA

II.2. CUMPRIMENTACIÓN DE INFORMES

II.3. DETERMINACIÓNS DA MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DE NAVIA

II.4. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 47 DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA .

II.5. ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.

III. NORMAS URBANÍSTICAS.

IV. PLAN DE ETAPAS

V. ESTUDIO ECONÓMICO E FINANCEIRO

ANEXO 1: CADROS DE CARACTERÍSTICAS.

- PLANOS:

PLANOS DE INFORMACIÓN:

1.1. EMPRAZAMENTO.

1.2. ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS DO PAU

1.3. TOPOGRÁFICO

1.4. PARCELARIO, CATASTRAL E USOS EXISTENTES.

1.5. (1.5.1. ,1.5.2. E 1.5.3.)CONEXIÓN COS SISTEMAS XERAIS

PLANOS DE ORDENACIÓN:

0.1. ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS

0.2. PLANTA DE VIARIO SOBRE TOPOGRAFÍA INICIAL

0.3. PLANTA DE VIARIO SOBRE TOPOGRAFÍA RESULTANTE (CATRO FOLLAS)

0.4. REDE VIARIA/SECCIÓNS TRANSVERSAIS TIPO

0.5. REDE VIARIA/SECCIÓNS LONXITUDINAIS DAS RÚAS (16 FOLLAS).

0.6. REDE DE AUGAS PLUVIAIS, RESIDUAIS E GAS

0.7. GALERÍAS DE SERVIZOS

0.8. PARCELARIO RESULTANTE

0.9. PLAN DE ETAPAS

0.10 RESIDENCIAL COLECTIVA: ORDENANZAS/CADROS DE EDIFICABILIDADES, USOS E CARACTERÍSTICAS

0.11 ESTUDIOS DE DETALLE DE RESIDENCIAL (2 FOLLAS)

0.12 CADRO DE EDIFICABILIDADES , USOS E CARACTERÍSTICAS

0.13 CUMPRIMENTO DA LEI 8/1997 E D 35/2000

PLANOS DE COMPARACIÓN

- C.1. MODIFICACIÓN DA ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS
- C.2. MODIFICACIÓN DO PLAN DE ETAPAS
- C.3. MODIFICACIÓN DOS ENLACES VIARIOS
- C.4. MODIFICACIÓN DOS SÓLIDOS R1 , R3 E R12

IV. Xustificación da necesidade de modificación:

A solicitude de modificación do Plan parcial aprobado xustifícase, por unha banda, nas obras executadas do primeiro cinto de circunvalación (tramo Castrelos-Bouzas) cun reformulamento non idéntico ao que figuraba no Plan xeral e no Plan parcial, así como no trazado definitivo do segundo cinto de circunvalación, Tramo de Ricardo Mella, que afecta plenamente ao ámbito do Plan parcial.

Por esta razón o Concello de Vigo dirixíuse ao IGVS recomendando a modificación puntual do Plan parcial, co fin de adaptar e axustar o planeamento á nova situación creada polas actuacións do Ministerio de Fomento, así como, tamén, á reconsideración da distribución dos equipamentos para conseguir unha mellor funcionalidade nos usos a que están destinados.

V. Criterios, obxectivos e descrición da ordenación proposta na modificación:

A modificación puntual proposta mantén basicamente a ordenación e os criterios e obxectivos que impulsaron o Plan parcial aprobado, incorporando como novos criterios engadidos os seguintes:

- a) Agrupación do equipamento deportivo nunha zona de 33.100 m², o que permite unha instalación deportiva de gran aforo.
- b) Redistribución do uso docente: como consecuencia do anterior agrupamento de zonas deportivas prodúcese, tamén, unha relocalización dos usos docentes, concentrándoos en localizacións máis unitarias, nas proximidades dos centros docentes existentes. Este uso docente relaciónase coa actual lexislación escolar, e introdúcese unha posibilidade de usos alternativos máis flexible.
- c) Unificación de zonas verdes nun gran parque central, de máis de 80.000 m²
- d) O número de vivendas da totalidade do ámbito mantense igual que no Plan Parcial aprobado, en 4.345 vivendas, ó igual que a edificabilidade que tampouco se incrementa.
- e) Cumprimento dos estándares da LOUGA de equipamentos e espazos libres.
- f) Posibilidade de construír ata un cuarto soto de garaxe aparcadoiro nos sólidos edificables, para satisfacer as esixencias de prazas de aparcadoiros en garaxes.(acordo do Consello de Xerencia do 29 de abril de 2002).

Os novos obxectivos poden resumirse nos seguintes cinco puntos:

- 1. Incorporar ó planeamento as modificacións operadas no sistema xeral viario, recollendo o trazado do 2º cinto e os enlaces do mesmo co solo residencial.
- 2. Mellorar o deseño global de dotacións e equipamentos, con respecto, en todo caso, dos mínimos esixibles segundo a LOUGA.

3. Recoller a modificación da situación en planta dos sólidos das parcelas P-XVII, P-XIX, P-XX, P-XXI.
4. Subdividir en dúas fases o ámbito da 3ª etapa.
5. Modificar a ordenanza de garaxes, permitindo a construción de ata catro sotos.

As características cuantitativas da modificación e a xustificación do cumprimento dos mínimos estándares legais de dotacións públicas do Regulamento de planeamento e da LOUGA resúmense no seguinte cadro:

	Superficie mínima segundo Regulamento de Planeamento	Superficie mínima segundo a Lei 9/2002, (LOUGA)	PLAN PARCIAL APROBADO		MODIFICACIÓN PROPOSTA		
Superficie do ámbito	-	-	728.865 m2		728.321 m2		
Nº de vivendas	-	-	4.345 vdas.		4.345 vdas.		
Edificabilidade residencial	-	-	595.738 m2cR		595.737m2cR		
Edificabilidade terciaria e dotacional lucrativa	-	-	122.072 m2cTD		122.072 m2cTD		
Total edificabilidade lucrativa	-	-	717.810 m2c		717.809m2c		
Edificabilidade terciaria non lucrativa	-	-	16.000 m2cTD		7.384 m2cTD		
Sistema de espazos libres de dominio e uso público	21 m2/vda. X 4.345 vdas = 91.245 m2ZV (> 10% ámbito: 72.886 m2)	18 m2/vda x 4.345 vdas= 78.210 m2 ZV (> 10% ámbito: 72.886 m2)	167.163 m2		146.453 m2		
Equipamento social non lucrativo	-	-	10.182 m2c		10.614 m2c		
Servicios de interese público e social:DEPORTIVO	8 m2 /vda. X 4.345 vdas = 34.760 m2D	10 m2/100 m2c x717.810 m2c = 71.781 m2	35.000 m2		33.100m2		
DOCENTE PREESCOLAR	2 m2 / vda. X 4.345 vdas.= 8.680 m2		8.730 m2	69.700 m2	104.700 m2	55.527 m2	88.627 m2
DOCENTE EGB (PRIMARIA)	10 m2/vda. X 4.345 vdas.= 43.450 m2		43.570 m2				
DOCENTE B.U.P. (ESO)	4 m2/vda.x 4.345 vdas.= 17.380 m2		17.400 m2				
APARCADOIROS	1 praza /100 m2c = 717.810 m2c/100 = 7.178 prazas	2 prazas/100 m2c = 14.356 prazas (3.589 públicas)	10.034 prazas		14.817 prazas		

- A proposta supón unha modificación na rede de acceso e conexión co exterior, no que se refire á intersección coa Avda. de Europa, á intersección do primeiro cinto coa Avda. Ricardo mella, enlaces co

- vial de servicio do primeiro cinto e paso inferior baixo este último vial.
- A rede viaria interior mantense sensiblemente similar ó Plan parcial aprobado, coas previsións oportunas a fin de dar cumprimento á Lei 8/97 de accesibilidade e supresión de barreiras da C.A.. de Galicia e Decreto 39/2000, Regulamento que a desenvolve.
 - As previsións de cesións de zonas verdes, dotacións e aparcadoiros redúcense con relación ó Plan parcial aprobado, superando, non obstante, os mínimos establecidos no Anexo do Regulamento de planeamento.
 - Concrétase na modificación (como xa se recomendou nos informes técnicos do expediente do anterior Plan parcial) a localización das parcelas onde se materializará o 10% de cesión de aproveitamento, sinalándose a tal fin a parcela XVII (R 12, etapas I e II, 42,500 m²c de uso residencial e 800 m²c de uso terciario) e na parcela S-2 (etapa VI, 28.600 m²c de uso social administrativo, en proindiviso).
 - En canto ós servizos urbanísticos introdúcese neste Plan parcial a figura das galerías técnicas de servizos para a urbanización das etapas I, II e III, actualmente en execución.
 - As ordenanzas do Plan Parcial aprobado sofren pequenas correccións e modificacións derivadas da nova proposta así como clarexamentos necesarios sobre a súa interpretación xurdidas da experiencia e aplicación das mesmas.
 - As principais modificacións que se propoñen son:
 - No artigo 13 engádense criterios específicos sobre a forma de medir a altura.
 - Trasládanse ó artigo 16 as referencias sobre normas de habitabilidade e accesibilidade que antes figuraran no artigo 10; precísanse as alturas das plantas baixas e entreplantas e a anchura dos soportais.
 - No artigo 19 corríxese o erro existente na descrición do número de plantas do sólido R1 que non se correspondía co que figuraba en planos.
 - No artigo 52 redúcese a edificabilidade para uso terciario da parcela R.12 dada a nova configuración da dita parcela.
 - Nos artigos 75 a 77 engádense Ordenanzas específicas para usos deportivos e de espazos libres que antes non figuraban.
 - O Plan de etapas adapta o que figuraba no Plan parcial ás circunstancias do desenvolvemento da actuación agora coñecidas, como é a incidencia das expropiacións do cinto de circunvalación.
 - Mantén as seis etapas previstas, aínda que a etapa III se divide en dúas fases (A e B), prevéndose que coa aprobación definitiva desta modificación puntual se inicie a etapa III, cun prazo de oito meses desde a adquisición dos terreos (entre os anos 2004 e 2005), etapa IV (ano 2.005), etapa V (ano 2.005) e etapa VI (ano 2.006).
 - Igualmente o estudio económico-financeiro recolle as variacións orzamentarias derivadas do proxecto de urbanización en relación coas previsións iniciais do Plan parcial, actualizando a estimación dos gastos por implantación de servizos e execución das obras de urbanización, que pasan de 21.633.486 € que figuraban no Plan parcial aprobado a 58.672.993,75 € na documentación agora presentada.
 - A modificación afecta á localización das zonas verdes previstas no Plan Parcial aprobado, así como á cantidade de zonas verdes que se ven reducidas de 167.163 m² a 146.453 m², polas causas xustificadas que se citan no expediente. Xa que logo, trátase dunha modificación

cualificada, das referidas no artigo 94.4 da LOUGA (Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia) que requirirá do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.

- Así mesmo a modificación supón unha diminución de dotacións públicas escolares e deportivas. De acordo co artigo 94.5 da mesma LOUGA, xustifícase no expediente a innecesariedade das dotacións que se reducen e o cumprimento dos estándares de reserva mínima establecidos na Lei.
- Os planos presentados permiten a comparación da modificación co Plan parcial aprobado. Mesmo engadíronse os planos comparativos c.1, c.2, c.3 e c.4, confeccionados para aclaración da modificación, segundo suxerencia do subdirector xeral de Disciplina e informes da Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPV no seu informe previo á aprobación definitiva de data.11.2002.
- A Memoria fai constar expresamente, no apartado 2.3.2.2. e nos planos, o cumprimento da lei 8/97 de accesibilidade, sinalando as determinacións normativas de aplicación e as solucións adoptadas para o seu cumprimento, tal e como esixe o artigo 63 do Decreto 35/2000, polo que se aproba o Regulamento de accesibilidade.
- Igualmente, con relación ó Plan parcial aprobado, incorporanse á documentación as novidades derivadas da LOUGA agora vixente. Así, no artigo 2.4. xustifícase o cumprimento dos estándares de sostibilidade, calidade de vida e cohesión social dos artigos 46 e 47 da LOUGA e no artigo 2.5 da documentación incorpórase un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, esixido polo artigo 65 da LOUGA.

VI. Análise do contido da modificación:

Modificacións do sistema xeral viario e enlaces á zona residencial

Ó resultar afectado o ámbito por estradas de titularidade estatal -Primeiro Cinto de Circunvalación. Tramo Castrelos-Bouzas, e Segundo Cinto de Circunvalación. Tramo de conexión Castrelos-Bouzas coa Autopista Puxeiros-Val Miñor- solicitouse informe do Ministerio de Fomento; solicitude que foi contestada a medio de tres sucesivos informes: da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de data 26 de setembro de 2002, no que se formularon reparos á proposta de disposición dos accesos; do 14 de abril de 2003, do Director Xeral de Estradas, polo que se prestou conformidade á liña de edificación prevista na modificación e de 4 de xuño de 2003, do enxeñeiro xefe da Unidade da mesma Demarcación de estradas do Estado en Galicia, no que se considera que coa disposición de accesos proposta dase cumprida resposta os reparos efectuados no informe ó Plan parcial de 26 de setembro de 2002, que recolle a proposta elaborada, de mutuo acordo, pola Demarcación de estradas e Xestur.

Modificación da localización e dotación de equipamentos

A modificación proposta reduce a superficie destinada a equipamentos públicos, en relación ó planeamento parcial aprobado, superándose, non obstante, os estándares mínimos de calidade de vida e cohesión social que establece o artigo 47.2 da LOUGA neste tipo de solo, tal como se pode comprobar no cadro precedente deste informe.

Non obstante, de acordo co disposto no artigo 94.5 da LOUGA, as modificacións de planeamento que impliquen diminución ou eliminación de dotacións públicas deben preve-la substitución das que se eliminan por outras de superficie e funcionalidade similar no mesmo sector, agás que se xustifique a súa innecesariedade e se manteñan os estándares de reserva mínimos establecidos na Lei.

Nese senso solicitáronse informes das Consellería de Educación e de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia, e das Concellerías de Deportes e Educación do Concello de Vigo, relativos á procedencia da redución de dotacións deportivas e educativas.

No referente á dotación deportiva, na que se propón a redución da superficie destinada a ese uso que pasaría de 35.000 m², que figuran no Plan parcial aprobado, a 33.100 m², a Concellería de de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia procedeu á devolución da documentación remitida informando, con data de 11 de maio de 2004, que non lle corresponde efectuar ningún pronunciamento sobre a cuestión.

O director deportivo do Instituto Municipal de Deportes, adscrito á Concellería da área de Promoción Económica e Deportes, informou o 19 de maio de 2004 que as previsións do Servicios de Deportes en relación co equipamento deportivo ascenden a 30.000 m², polo que, malia a redución observada, debe entenderse suficiente a reserva prevista.

No tocante á dotación pública de equipamento educativo, que pasaría de 69.700 m², que figuran no Plan parcial aprobado, a 55.527 m², o xefe da Unidade Técnica da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia informou o 4 de xuño de 2.004, en informe recibido vía fax, que a pesares de que a superficie destinada a uso educativo é menor no plan modificado, debe considerarse, tamén, que a agrupación de parcelas que se produce mellora a versatilidade para posibles variacións nos edificios educativos, considerando, polo tanto, conveniente a dita modificación.

Pola súa parte, a Concellería de Educación do Concello de Vigo, con data 24 de xuño de 2004, informou, igualmente, que a superficie proposta para uso escolar na modificación é suficiente para o ámbito, polo que resulta xustificada, xa que logo, a innecesariedade da prevista no Plan parcial aprobado.

A diminución que se produce na superficie de espazos libres e zonas verdes débese fundamentalmente á afección producida polo Segundo Cinto de Circunvalación, trazado, precisamente, por parte da zonas verdes do Plan parcial aprobado definitivamente, cando xa estaba en fase de execución.

Esta diminución, totalmente xustificada e inevitable, compénsase, non obstante, coa mellora da funcionalidade que aporta a concentración de zonas verdes propostas na modificación, superando notablemente, por outra parte, o conxunto das zonas verdes e libres resultantes os mínimos esixidos polo artigo 47 LOUGA para este tipo de actuación surbanísticas.

Modificación do "replanteo" dalgunhas parcela.

Estas modificacións son consecuencia directa da execución do Segundo Cinto de Circunvalación e a súa repercusión, e a dos seus accesos, na

urbanización interior do polígono que fai preciso a modificación dos sólidos nalgunhas parcelas.

O novo "replanteo, tanto de sólidos" como de aliñacións e viais queda aclarado tanto no novo plano 0.1, como no plano comparativo c.1.

Subdivisión da etapa 3 en dúas fases

A proposta de subdivisión da etapa 3, en dúas fases, xustifícase, a xuízo do redactor da modificación, na necesidade de facilitar a xestión e a execución do viario principal, e a súa conexión coa galería de servizos executadas nas etapas 1ª e 2ª.

Non obstante, debe precisarse que, de acordo co disposto no artigo 54 do Regulamento de planeamento, as etapas dun plan parcial o son unicamente ós efectos de realización das obras de urbanización (e desde ese punto de vista parece xustificada a proposta de modificación), pero desde o punto de vista da xestión do polígono, deberá terse en conta que o sistema de actuación previsto polo Plan xeral, e desenvolvido no Plan parcial, é o de expropiación, e que a actuación parte da necesidade de expropiar a totalidade dos terreos do sector que xeran o aproveitamento materializable nas primeiras etapas. Por esta razón, o IGVS, non obstante a súa obriga polo Convenio e polo Plan parcial de proceder á expropiación de todo o sector, deberá ter adquirido, en cada momento, unha cantidade de solo suficiente que xere os aproveitamentos urbanísticos que pretende materializar en cada etapa ou garantir o seu valor.

Modificación da Ordenanza de garaxes

A necesidade de dispor dunha maior superficie en sotos para poder cumprir a reserva mínima obrigatoria de prazas de aparcamento por vivenda, prevista no Plan xeral, foi observada xa con motivo da concesión das primeiras licencias de obra no ámbito e motivou o acordo plenario de 29 de abril de 2002, polo cal se considerou un erro material do Plan parcial a limitación de superficies baixo rasante cando fora contraria coa determinacións sobre prazas de garaxe obrigatoriamente vencelladas ó número de vivendas.

Coa modificación que se pretende agora, queda resolta esta cuestión, permitíndose ata catro sotos o que permite elevar o número de prazas de aparcadoiro do Plan parcial a 14.599.

Contén a documentación da modificación as reservas para as prazas de aparcadoiro públicas. Non obstante, os emprazamentos sinalados para estas nas parcelas de aproveitamento lucrativo quizais deban ser reconsiderados na aprobación definitiva da modificación, aproveitando, así, as eventuais suxerencias e alegacións que ó respecto se poidan producir no trámite de información ó público do expediente.

Finamente, outras modificacións que se propoñen nas ordenanzas, relativas ás formas de medir as alturas, ás medicións de plantas e entreplantas, e dimensións dos soportais responden, igualmente, a problemas técnicos observados na aplicación das ordenanzas do Plan parcial en anteriores expedientes de licencias, derivados dos desniveis do terreo e da ordenación detallada aprobada.

VII. Alegacións interpostas trala aprobación inicial da modificación

ALEGACIÓN Nº: 1. Data: 28/09/2004. Doc. 40098737.

ALEGANTE: D. MANUEL RODRIGUEZ IGLESIAS

OBJECTO: Propietario de parcela exterior ó ámbito que solicita a rectificación da delimitación, excluindo completamente a súa parcela.

INFORME: Subscríbese a contestación de XESTUR a esta alegación, no senso de que esta modificación non altera o ámbito do Plan Parcial primixenio. Sen embargo apréciase a existncia dun erro material que procede da trasposición da delimitación a outra cartografía máis actualizada. Non obstante queda claro que a parcela do alegante está excluída do ámbito na súa totalidade, aínda que conviría corrixir esta liña nos planos, como propón o alegante, para evitar confusións.

PROPOSTA: Estimar a alegación, e corrixir o plano de delimitación do ámbito, deixando claro que esta parcela non está incluída nesa delimitación.

ALEGACIÓN Nº: 2. Data: 08/10/2004. Doc. 40102131.

ALEGANTE: D. FERNANDO COPA MARTÍNEZ (INVERSIONES GILREG S.L. E PROMOTORA RABO DE GALO S.L.)

OBJECTO: Solicita que se modifique o esquema-sección da Ordenanza da parcela R-8, tendo en conta a rasante existente.

INFORME: XESTUR, na súa contestación non ve inconveniente a que se considere a alegación no que atinxe ó esquema-sección que figura coa Ordenanza R-8. Non obstante, no esquema que aporta o alegante, que se axusta á diferenza de rasantes do vial ó que da fronte, hai puntos nos que se supera a altura máxima de 8 metros que para a planta baixa e entreplanta establece o artigo 16.3 da Modificación, e o artigo 1.3.1.6 da Memoria Xustificativa (obxectivos e criterios da ordenación proposta). Igualmente incumpríriase nalgúns puntos o número de sotos (que tería cinco e non catro), considerando a definición de plantas baixas e sotos da normativa urbanística do Plan Xeral.

En definitiva coíncidese con XESTUR no senso de que o que figura nos planos do plan parcial trátase unicamente dun esquema indicativo, e o que rexerán serán as Ordenanzas xerais aplicadas ó caso particular. Sen embargo, malia que cómpre admitir a proposta do alegante no referente a ter en conta a diferenza de rasante existente no vial de fronte á Ordenanza R-8, o esquema que debería figurar sería o que se acompaña a continuación.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no senso de corrixir o esquema da Ordenanza R-8 tendo en conta a diferenza de rasante existente na rúa "1-a.", no senso reflecido na documentación corrixida presentada por "Xestur Pontevedra" en data 20/01/2005. Desestimar a alegación en todo o demais, non aceptando o esquema proposto polo alegante.

VIII. Procedemento:

Esta modificación puntual tramitouse correctamente, consonte co disposto nos arts. 86 e 94 LOUGA. Por outra banda, axústase no seu obxecto, determinacións e documentación ó establecido para os plans parciais nos artigos 63, 64 e 65 LOUGA. É competente para acordar a súa aprobación definitiva o Pleno do Concello, tal e como preceptúa o art. 123.1.i) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL)."

Polo anteriormente exposto os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 21 de abril, propón ó Pleno da corporación a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Por suposto que lles anticipo que imos votar que si. Coma vostedes saben nós pulamos esta actuación durante o mandato pasado, coidamos que é absolutamente fundamental para que en Vigo haxa oferta de vivenda de protección e por esa razón, coma algún de vostedes sabe, o Sr. Iglesias sábeo seguramente máis directamente ca ningunha outra persoa do Goberno municipal, pulamos dende o inicio esta actuación.

Esta modificación puntual é rotundamente necesaria e xa se puxo enriba da mesa no ano 2001 en reunións que tivemos daquela coa Consellería de Ordenación do Territorio e co Instituto Galego da Vivenda e Solo, co Sr. Redondo, e púxose de manifesto a necesidade de arranxar algúns asuntos das Ordenanzas que tiñan que ver con garaxe-aparcadoiro que estaban mal enfocadas no Plan Parcial, unificar as zonas verdes, homoxeneizar o tratamento do Plan Parcial co paso do segundo cinto, que ó cabo resultou seren o máis grave dos problemas, e polo tanto, como vostedes poden ver no expediente, en agosto de 2002 remítese un documento por parte de Xestur ó Concello de Vigo e tramitamos ese documento e ata agora.

O resultado é fidedigno, xenericamente aquel primeiro documento que discutíramos naquel intre os responsables do Instituto Galego da Vivendo e Solo, da Delegación da Consellería de Ordenación do Territorio, os Servizos da Xerencia e eu mesmo, pero se produciron modificacións que fan empeorar o resultado porque se no Plan Parcial se contemplaban 167.000 m2 de zona verde en conxunto, naquel documento de agosto de 2002 contemplábanse non 167, senón 172.000 m2, o resultado resulta ser 146. Prodúcese unha redución de zonas verdes de 25.000 m2. As outras reducións case nos importan menos porque son pouco significativas quitando a redución que tamén se produce no dotacional educativo de 70.000 metros que había naquel documento a 55.000 metros; 15.000 metros de diferenza.

Polo tanto o resultado é peor que o documento de inicio. Nótase que hai acordo no documento entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galiza, nótase que hai ese acordo que tiña que ver co tema do segundo cinto, asunto que deu lugar (o Sr. Iglesias lembrarao) a unha reunión tempestuosa na Coruña aló polo ano 2001. Pero nótase que o Concello de Vigo estivo ausente, estivemos ausentes desa negociación dende agosto de 2002, que non se lle prestou atención a esa negociación, que non fixemos valer os nosos intereses, independentemente dos do Ministerio de Fomento cunha posición en

exceso celosa e en colaboración coa Xunta de Galiza, colaboración que se mantivo naqueles anos precisamente en relación con este asunto.

O resultado é un Plan Parcial peor que aquel documento de agosto de 2002. Somos conscientes de que dende agosto de 2002 o Concello non estivo presente na mesa de negociación, é moi evidente e este é un asunto moi importante.

Señores e señoras do Goberno, seguramente non toda a responsabilidade é de vostedes, pero si é a súa responsabilidade que diante dun empeoramento das condicións de vida do Plan Parcial de Navia porque zonas verdes son mellores condicións de vida, vostedes, un, non pediran axuda dos outros Grupos municipais, dous, non pediran o noso concordo e o noso apoio político porque llo daríamos e, tres, non estiveran sentados na mesa de negociación que é a mesa na que hai que estar porque de nada vale nalgúns momentos na xestión política a política de banderías e de reivindicacións se ó final os dereitos dos cidadáns de Vigo non son axeitadamente defendidos, non só nas notas de prensa, senón nas mesas de negociación que comen moito tempo, moito traballo pero poden dar resultados froitíferos.

Polo tanto imos votar con entusiasmo esta modificación do Plan Parcial que foi unha iniciativa desenvolvida ó longo dos últimos anos, pero sinceramente nos queda o mal sabor de boca derivado da ineficacia na xestión política deste Concello no último ano e medio. Gracias.

SR. IGLESIAS CARRERA: Só pola alusión. Estou de acordo co Sr. Toba, non sei que pasou logo pero eu quería pensar en alto o que dixen xa outras veces aquí no Pleno: sigo dicindo que o Ministerio de Fomento, ocúpeo quen o ocupe, non ten interlocutores válidos dende a clave política porque eu fago a diferenza entre os técnicos e os políticos, os profesionais e os políticos e sego dicindo que (non sei noutras autonomías) non existen interlocutores políticos porque os subdelegados non valen.

Eu querería pensar en alta voz ou preguntar se é certo o que penso que está a pasar, que está prohibido ós Concelleiros actuais (non sei se a outros) acceder á construción do segundo cinto por parte do director da mesma obra. Moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Dende o Concello se fixeron todas as negociacións posibles pero, ratificando as verbas do Sr. Iglesias, dicir que hai dificultades de interlocución continuamente en todos os proxectos. Dicirlles que a día de hoxe o Concello aínda non ten o proxecto do segundo

cinto, non hai xeito do acadar, nin por escrito, nin con boas palabras, nin por ningún outro método. Houbo aquí un acordo plenario que se remitiu co apoio de todos os Grupos políticos e aínda se nos imposibilita esa opción que poderíamos ter.

Polo tanto dicir que o Concello tentou e acadou o mellor acordo posible dentro das negociacións que houbo entre as tres partes e que loxicamente nos gustaría que fose mellor pero Navia ten que seguir cara adiante aínda que se reduzan zonas verdes, que tampouco é un elevado número de metros aínda que si sería bo mantelos, pero na negociación foi totalmente inviable e por iso esa é a proposta que se trae.

SR. RUIZ CENICEROS: Non pensabamos intervir pero nos gustaría puntualizar un pouco os feitos.

É certo e o Sr. Iglesias sábeo ben, que a Modificación Puntual á parte de corrixir determinados aspectos das ordenanzas que na práctica se viu que non funcionaban ben e que era necesario incluír, como por exemplo a previsión de prazas de aparcadoiro nos garaxes subterráneos que non estaba previsto e non se axustaba ó Plan Xeral. É certo que a modificación ven dada pola reforma do proxecto orixinal do segundo cinto e a nova ocupación de terreos, agora ben, iso é ata onde chega o Ministerio de Fomento e coido que todos podemos recoñecer que mesmo fixo un esforzo especial no sentido de reducir ó máximo a zona de afección, cousa que agora mesmo estamos pedindo no novo tramo de Valladares, para afectar o menos posible ós edificios que agora mesmo se están rematando. Pero dende logo o Ministerio de Fomento non determinou que se reduzan as zonas verdes, nin que se reduza o equipamento docente, nin que se reduza o equipamento deportivo; reduciuse o ámbito e é este Concello, negociándoo directamente coa Xunta de Galiza e máis concretamente con Xestur, os que decidiron manter o aproveitamento edificable, residencial e terciario na mesma contía que estaba orixinariamente prevista e reducir o que son, digamos, as dotacións públicas e os espazos libres.

É máis, todo o retraso no expediente e coido que os técnicos da Xerencia poden dar fe diso, así como os concelleiros de Urbanismo que estiveron exercendo as súas funcións dende o ano 2000 e nós mesmos polos seis meses que estivemos veu dado por problemas que formulou Xestur. Podemos mencionar o feito da reparcelación que se negaban a realizar e que lle requiriron por activa e por pasiva os técnicos municipais; podemos mencionar a súa negativa a que se notificase persoal e individualmente a cada un dos

propietarios esta modificación por un curiosísimo motivo que xamais chegamos a entender, porque se opoñía a que no trámite de información pública se notificase a todos os propietarios cando mesmo os propietarios dixeran que se lles notificara para saír dunha vez dese parón administrativo, que eles non ían poñer ningún problema na tramitación do expediente coma se ve aquí xa que as alegacións que hai son individuais, razoadas, razoables e mesmo estimadas.

É dicir, para poñer as cousas no seu sitio: ó noso entender nin o Ministerio de Fomento tivo nada que ver en que este expediente, dende que se iniciou en agosto de 2002, se tardara en aprobar, nin ten nada que ver con que se reducirán as zonas verdes, nin o equipamento docente, nin o deportivo; nin ten nada que ver co resto de erros do Plan parcial que motivaron esta modificación. Nada máis, gracias.

SR. TOBA GIRÓN: Nada máis que para, sen repetir argumentos, dicir que discrepo da posición do Sr. Ruiz Ceniceros e coido que o que ten que ver co resultado é a súa propia inactividade política, nin máis nin menos. Gracias.

SR. IGLESIAS CARRERA: Eu quero falar aínda que todos queremos rematar xa con este tema pero a desaparición de 33.000 m² de zona verde do PAU de Navia sorprendeu a Xestur porque non se contaba con iso, foi unha comunicación tardía ata onde eu o poida saber, Sr. Ruiz.

Por outra banda o que non se pode é sacar a zona de afección do segundo cinto neste tema, coido que é levar a auga a outro sitio porque aquí a Corporación e o Goberno actual fixo moitísimas viaxes á Coruña, tanto o Xerente de Urbanismo coma outros técnicos e outras persoas das que non procede falar, para que a zona de afección se modificase contra a Lei Xeral de Estradas dese xeito de penetración do chamado segundo cinto que a min non me gusta chamar así porque é unha vía de penetración da cidade. Eran 100 m² e cargábase o Plan Xeral e moitas casas, entón verdadeiramente coido que non ten nada que ver o PAU de Navia, agás na desaparición das zonas verdes que foron 33.000 m², coa zona de afección que ese é outro tema e moi importante.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecinco votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández,

Figuroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruíz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e o voto en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Estimar total e parcialmente as alegacións formuladas durante o trámite de información pública no expediente de referencia, no senso e polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 1 do plan parcial de Navia, promovida por "Xestur Pontevedra" (Xunta de Galicia), na súa última versión, con documentación redactada pola entidade mercantil "Alameda 12 SL", asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Benito Fernández, datada en febreiro de 2004 e xaneiro de 2005 (expte. 7849/411).

Terceiro.- Publíquese este acordo no DOG e as ordenanzas refundidas do Plan Parcial (doc. III) no BOP. Comuníqueselle á CPTOPV da Xunta de Galicia nos termos regulados no art. 92 LOUGA. Notifíqueselle tamén ós interesados e alegantes coa advertencia de que contra el cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Explicación de voto do Sr. Soto Ferreiro:

Nós estamos en contra deste tema, dixémolo na Xerencia de Urbanismo porque coidamos que ten problemas moi claros coa legalidade en distintos aspectos. Cousa que nos pasou tamén co expediente número 2 e que por unha distracción de meu, arrastrei ó meu compañeiro a non votar en contra cando a nosa opinión era isa.

Déixoo aí porque son plenamente consciente de que a votación non pode ser cambiada de signo pero si para pedir a comprensión da Secretaría Xeral, que esta explicación de voto, citándoa no punto no que a facemos, a citen polo menos a carón do punto 2 para que saiban os cidadáns que vexan esa certificación dos acordos cando se produza que nós moralmente estamos en contra, houberamos e deberamos votar en contra e só unha distracción de meu fixo que arrastrara ó meu compañeiro a votar o que non era.

5.- (84).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA COBERTURA DUN POSTO DE TÉCNICO MEDIO DE SERVIZOS ECONÓMICOS. EXPTE. 100506/140.

ANTECEDENTES.- O xefe da Unidade de Persoal, coa conformidade do concelleiro delegado, con data 29 de marzo de 2005, informa do que segue:

"A base sexta da convocatoria para cubrir a través de concurso de traslados o posto de técnico medio de servizos económicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia do 3 de marzo de 2005, contempla que a comisión de valoración estará integrada por tres representantes, titulares e suplentes designados pola Corporación.

Dado que o prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado día 22 de marzo, solicítase desa Corporación a designación de tres representantes cos seus respectivos suplentes para a cobertura dunha praza de técnico medio de Servizos Económicos, grupo B de titulación.

Ditos representantes deberán contar con titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso á praza."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de abril de 2005, dictamina na forma que se expresa na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Arias Moreira e a Sra. Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear para formar parte da Comisión de valoración para a cobertura dun posto de técnico de medio de Servizos Económicos ós seguintes membros da Corporación:

Titulares: D^a M^a Luisa Graña Barcia

D. Xabier Toba Girón

D. Manoel Soto Fereiro

Suplentes: D. Mauricio Ruiz Cenicerros

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

D. Xulio Alonso Vázquez.

6.- (85).- ADHESIÓN DO CONCELLO Ó "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADADORA COAS ENTIDADES LOCAIS". EXPTE. 224/500.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 13 de abril de 2005, a directora de Ingresos, Sra. Magdalena Vila, coa conformidade da interventora xeral, formula o seguinte informe-proposta:

"Mediante acordo plenario do 28 de xullo de 2003 o Concello de Vigo acordou a "Adhesión íntegra ó convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario".

O desenvolvemento da citada colaboración ven resultando de gran interese e utilidade para a xestión tributaria, en particular polo que atinxe á axilidade na obtención dos datos necesarios para a concesión de beneficios fiscais.

NOVAS NECESIDADES DE ACCESO A OUTRA INFORMACIÓN DA AEAT.

Dende a entrada en vigor da lei 51/2002 de Reforma da lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello só recibe información de datos identificativos dos suxeitos pasivos do imposto de actividades económicas que teñen que tributar efectivamente. Non se recibe información de aproximadamente 25.000 titulares de actividades económicas radicadas no municipio que, estando exentos de IAE, si teñen obrigas fiscais co Concello por outros tributos.

A obtención desta información tributaria procedente da AEAT sería posible se o Concello formulase a adhesión a unha segunda modalidade de convenio de colaboración denominado:

"Convenio de colaboración entre a AEAT e a FEMP en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadadora coas entidades locais".

Mediante a adhesión a esta modalidade o Concello podería obter, entre outras, as seguintes prestacións, do máximo interese para a xestión tributaria:

- Censo de contribuíntes que pertencen ó municipio de Vigo con identificación de apelidos e nome, no caso de persoas físicas, ou razón social para persoas xurídicas e entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, NIF e domicilio fiscal con periodicidade semestral.

- Censo de obrigados incluíndo as persoas físicas, xurídicas e entidades do artigo 35.4 da lei Xeral Tributaria, que realicen algunha actividade empresarial ou profesional cando o domicilio fiscal da actividade estea no municipio de Vigo, con periodicidade semestral.

S.Ordinaria 25.04.05

Como contrapartida, o Concello estaría obrigado a subministrar a AEAT:

- Datos identificativos do PMH: apelidos e nome, NIF, data de nacemento e domicilio das persoas físicas con periodicidade anual.
- Imposto de construcións, instalacións e obras: emprazamento da obra, identificación do dono da obra ou promotor, constructor se fose distinto, orzamento da obra, data de concesión da licencia e data de finalización prevista, con periodicidade anual.
- Liquidacións do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana, con periodicidade semestral.
- Bens inmobles de titulares residentes no estranxeiro, con periodicidade anual.
- Cambios de clasificación urbanística do solo con identificación de titulares das fincas afectadas.
- Información urbanística relativa a licencias urbanísticas concedidas.

Con data 10 de marzo de 2005 o Sr. Concelleiro Delgado de Xestión Municipal aproba a seguinte RESOLUCIÓN:

1.- Impulsar o presente expediente a fin de someter a aprobación plenaria a adhesión ó "Convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadadora coas entidades locais".

2.- Dar traslado da presente resolución así como do texto do Convenio á Xerencia Municipal de Urbanismo, Servizo de Estatística, Servizo de Informática e Servizo de Administración de Tributos, a fin de implementar os medios necesarios para o futuro cumprimento do convenio así como para coñecemento e manifestación dos posibles problemas que se poidan suscitar.

A Dirección de Ingresos deu cumprimento á citada Resolución comunicando aquela ós servizos interesados e requirindo da Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Vigo o modelo vixente do citado convenio.

Con data 31 de marzo de 2005, a Delegación da AEAT de Vigo remite texto do convenio, protocolo de posta en marcha e información sobre subministro de contas correntes dentro do convenio. Os citados documentos constan no presente expediente."

Polo anteriormente exposto, a directora de Ingresos formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O concelleiro delegado de Economía e Facenda, con data 15 de abril, presta a súa conformidade a citada proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de abril de 2005, dictamina favorablemente.

S.Ordinaria 25.04.05

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Moi brevemente para explicar un pouco o contexto desta adhesión para a que solicitamos aprobación polo Pleno.

Vostedes saben que no ano 2003 houbo un convenio entre a Federación Española de Municipios e Provincias e o Ministerio de Economía e Facenda sobre intercambio de información en catro variedades.

Se a miña información é correcta no Pleno de xullo-agosto de 2003 a Corporación municipal aprobou a adhesión a un dos tipos de convenios que se presentaban nese momento. O convenio está funcionando perfectamente, está axudando a toda a política de ingresos deste municipio, pero a partir da aplicación da Lei do IAE, co cambio legal aplicado sobre o IAE, nós perdimos algún tipo de información sobre algúns suxeitos pasivos que non están suxeitos ó IAE. Por mor diso os servizos técnicos deste Concello e nós mesmos formulamos a posibilidade desta adhesión a este segundo tipo de convenio.

Basicamente supón que no Concello recibiremos da Oficina de Xestión Tributaria do Estado o censo de contribuintes que pertencen a este municipio e o censo de obrigados fiscais, tanto persoas físicas coma xurídicas de todo tipo que están obrigadas fiscalmente neste municipio. En troques o Concello ten que subministrar ó Ministerio de Economía e Facenda o Padrón Municipal, o Padrón do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, a liquidación do Imposto sobre o Valor dos Terreos de Natureza Urbana, tamén a titularidade dos bens inmobles e outra serie de información de tipo fiscal.

Débolles sinalar que en todo caso o municipio está obrigado a dar esa información pola Lei xeral tributaria, o único que facemos neste caso é formalizar un convenio co Ministerio para que haxa unhas canles digamos que de estandarización desa información.

Por todo o antedito solicito que aproben a adhesión a este convenio.

SRA. GRAÑA BARCIA: Propoñerlles un paso máis. Estamos totalmente de acordo e xa no seu momento propuxemos e votamos no Pleno do 28 de xullo de 2003 o antecedente deste convenio, realmente estamos a falar dunha actualización de convenio, pero si dar un paso máis.

Coma ben sabe, Sr. Guerra, a orixe está nun protocolo de colaboración entre a Axencia e a FEMP que tamén contempla a posibilidade de subscribir outro tipo de convenios entre o Concello e a Axencia estatal, en concreto en

materia de recadación en vía executiva dos tributos das entidades locais por parte da Axencia Tributaria.

Estimamos que, tendo en conta por unha parte a garantía que en materia de recadación e en concreto de recadación executiva ten a Axencia e que actualmente é un servizo parcial/totalmente prestado por unha entidade privada para o Concello, coidamos conveniente que por parte dos servizos técnicos do Concello se estude a posibilidade de ampliar ese grao de colaboración coa Axencia e se estenda á recadación executiva dos tributos locais.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Non teño inconveniente porque podemos estudar esta ampliación de convenio, pero neste caso é un convenio taxado, é o convenio que temos que asinar e posteriormente estudaremos o que vostede propón.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a adhesión do Concello de Vigo o "Convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadadora coas entidades locais" co seguinte texto:

En Madrid, o día de de 200..

REUNIDOS

A Excm. Sra, D^a Rita Barberá Nolla, Presidenta da Federación Española de Municipios e Provincias.

O Excmo. Sr. D. Cristobal Montoro Romero, Ministro de Facenda.

O Excmo. Sr. D. Estanislao Rodríguez-Ponga y Salamanca, Secretario de Estado de Facenda e Presidente da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

EXPOÑEN

I

A Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiante, Axencia Tributaria) é a Entidade de Dereito Público encargada, en nome e por conta do Estado, da aplicación efectiva do sistema tributario estatal e do aduaneiro e daqueles recursos doutras administracións e entes públicos nacionais ou da Unión Europea cuxa xestión se lle encomende por Lei ou por convenio.

A Federación Española de Municipios e Provincias (en adiante, FEMP) é unha asociación constituída por Entidades Locais, creada ó abeiro da Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e declarada de utilidade pública mediante acordo do Consello de Ministros do 26 de xuño de 1985, para a protección e promoción dos seus intereses comúns.

Os municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado e canle inmediato de participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividades.

As provincias e illas son entidades locais con personalidade xurídica propia, que gozan de autonomía para xestionar os intereses propios das correspondentes colectividades.

II

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as administracións públicas e conforme ó principio establecido no artigo 4.1.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os representantes de ambas partes consideran que sería moi beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins e establecer un sistema estable e periódico de intercambio de información tributaria entre a Axencia Tributaria e as Entidades Locais, así como convir algúns aspectos relacionados coa xestión recadadora das citadas Entidades.

Igualmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 55 que "Para a efectividade da coordinación e a eficacia administrativa, as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, dun lado, e as Entidades Locais, doutro, deberán nas súas relacións recíprocas: c) Facilitar ás outras Administracións a información sobre a propia xestión que sexa relevante para o adecuado desenvolvemento por istas dos seus cometidos e d) Prestar, no ámbito propio, a cooperación e asistencias activas que as outras Administracións puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas".

O presente intercambio de información ven posibilitado tanto pola lexislación reguladora dos dereitos e garantías dos contribuíntes como pola que rexe o subministro da información tributaria ás Administracións Públicas.

Así, de acordo co artigo 112.1 da Lei Xeral Tributaria, todas as entidades públicas están obrigadas a subministrar á Administración Tributaria cantos datos e antecedentes con transcendencia tributaria recabe esta mediante disposicións de carácter xeral ou a través de requirimentos concretos e a prestarlle a ela e ós seus axentes apoio, concurso, auxilio e protección para o exercizo das súas funcións. Ademais o apartado cuarto do mesmo precepto, na redacción dada pola Disposición Adicional Cuarta da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, dispón que a cesión daqueles datos de carácter persoal, obxecto de tratamento, que se deba efectuar á Administración Tributaria non requirirá o consentimento do afectado. Na mesma liña, o artigo 11.2.a) da mesma Lei exceptúa a regra xeral da necesidade de consentimento do interesado para o suposto de que a cesión está autorizada por Lei.

Pola súa parte, o artigo 113.1 da Lei Xeral Tributaria, despois de sentar o principio xeral de os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración Tributaria no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos cuxa xestión teña encomendada, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, enumera unha serie de excepcións ó mesmo dentro das que se atopan o suposto -apartado b)- de que a cesión teña por obxecto a colaboración con outras Administracións Tributarias a efectos do cumprimento de obrigas fiscais no ámbito das súas competencias.

Por outra banda, os artigos 2 e 3 de Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de Dereitos e Garantías dos Contribuíntes, se establecen, por unha banda, os principios xerais de eficacia e limitación de custos indirectos derivados do cumprimento de obrigas formais que deben articular a aplicación do sistema tributario e, por outra banda, que os contribuíntes teñen dereito a solicitar certificación e copia das declaracións por eles presentadas e a non aportar os documentos xa presentados que se atopan en poder da Administración actuante. Seguindo esta orientación, a Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias, baixo o título de "Información por medios telemáticos", contempla, previa autorización dos interesados, o subministro de información tributaria por medios telemáticos e informáticos a favor das Administracións Públicas para o desenvolvemento das funcións que teñan encomendadas, supeditándoo ós termos e garantías que se fixen mediante Orde do Ministro de Economía e Facenda e no marco de colaboración que se estableza.

En cumprimento desta habilitación legal, dictouse a Orde do 18 de novembro de 1999 que regula o subministro de información tributaria ás Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como nos supostos contemplados no artigo 113.1 da Lei Xeral Tributaria (BOE: nº 286 do 30 de novembro). No artigo 2 desta Orde regulase, en concreto, o subministro de información de carácter tributario para o desenvolvemento das funcións atribuídas ás Administracións Públicas, previndo que "cando o subministro de información sexa procedente, procurárase a súa cumprimentación por medios informáticos ou telemáticos atendendo ás posibilidades técnicas tanto da Axencia Estatal de Administración Tributaria como da Administración cesionaria, que poderán convir en cada caso concreto o que estimen máis conveniente".

Razóns de eficacia no exercizo das competencias atribuídas ás partes signatarias xustifican o establecemento dun sistema de intercambio de información que permita unha axilización na disposición da información e unha diminución dos custos incorridos, aproveitando ó máximo o desenvolvemento das novas tecnoloxías. Dito sistema regúlase a través do presente convenio, dado que o intercambio se producirá sobre os datos dun elevado número de interesados ou afectados polos mesmos e terá que verificarse dunha forma periódica e continuada no tempo. Por iso, a utilización de medios non informáticos nin telemáticos será absolutamente excepcional en orde a axilizar os procedementos establecidos no presente convenio.

En todo caso, o subministro de información efectuado no ámbito de aplicación deste convenio deberá respetar os dereitos fundamentais ó honor e á intimidade persoal e familiar dos cidadáns e á protección de datos

persoais que prescriben os apartados 1 e 4 do artigo 18 da Constitución Española, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Por último, convén en todo caso precisar que o presente convenio en modo ningún supón unha limitación ás facultades de cesión de información e deberes que para a xestión recadadora a lexislación establece a favor das partes convenientes.

III

En consecuencia, sendo xuridicamente procedente o establecemento dun sistema estable de intercambio entre a Axencia Tributaria e as Entidades Locais por medios informáticos ou telemáticos, ambas partes acordan realizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto do convenio.

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración sobre as condicións e procedementos polos que se debe rexer o intercambio de información e a colaboración na xestión recadadora entre a Axencia Tributaria e as Entidades Locais que se adhiran ó mesmo, preservando en todo caso os dereitos das persoas a que se refira a información.

2.- As partes intervintes poderán intercambiarse a información que precisen para o desenvolvemento das súas funcións, nos termos previstos no presente convenio. En modo ningún o presente convenio supoñerá unha limitación ás facultades de intercambio de información que a lexislación establece.

Este sistema de colaboración queda establecido sen prexuízo dos deberes recíprocos que impón o artigo 8 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, cuxo desenvolvemento interno na Axencia Tributaria atópase na circular 4/1990 da Dirección Xeral de Recadación da mesma.

SEGUNDA: Suxeitos intervintes.

Os interlocutores institucionais e informáticos coa Axencia Tributaria ós exclusivos efectos do intercambio de información serán os seguintes:

- Respecto do subministro de información para finalidades tributarias (ou ó abeiro do artigo 113 b) da LGT), da Axencia Tributaria ás Entidades Locais, os interlocutores serán cada unha das Entidades Locais que se adhiran ó presente convenio. Non obstante, respecto do subministro de datos identificativos se estará ó disposto no terceiro guión seguinte.

- Respecto do subministro de información para finalidades tributarias (ou ó abeiro do artigo 113 b) da LGT) das Entidades Locais á Axencia Tributaria, os interlocutores serán cada unha das Entidades Locais que se adhiran ó presente convenio.

- Respecto da información subministrada pola Axencia Tributaria ás Entidades Locais para o desenvolvemento doutras funcións (as recollidas na cláusula Cuarta 1.B), os interlocutores serán cada unha das Entidades Locais que se adhiran ó presente convenio, a través do interlocutor único a que se refire a Cláusula Sétima do presente convenio.

- Respecto do Imposto sobre Actividades Económicas, tanto na información subministrada pola Axencia Tributaria ás Entidades Locais como na subministrada por estas últimas á primeira o abeiro do artigo 113.1 b) da LGT, os interlocutores serán cada una das Entidades Locais determinadas segundo a normativa vixente do citado imposto, que se adhiran ó presente convenio.

TERCEIRA: Sistema de adhesión ó convenio.

A adhesión ó presente convenio por parte das Entidades Locais interesadas será segundo o seguinte procedemento. Cada Entidade Local a través do seu órgano do goberno e por conducto da FEMP, enviará ó Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais a súa solicitude de adhesión plena e sen condicións ó presente convenio (se inclúe como Anexo II modelo do Protocolo de Adhesión). A aceptación de tal adhesión, previos os informes internos oportunos, será realizada polo director do mencionado Departamento e posteriormente, comunicada á Entidade Local por conducto da FEMP e ó Delegado Especial/Delegado da Axencia Tributaria do ámbito da Entidade Local. Para valorar adecuadamente a solicitude de adhesión e dado que o sistema de subministro será con carácter xeral telemático, tendo en conta os principios inspiradores da cesión de información, basicamente o de intimidade e necesaria confidencialidade dos datos, o departamento mencionado valorará a adecuación e pertinencia de dita autorización.

CUARTA: Intercambio de información tributaria.

Sen prexuízo do disposto na cláusula Sétima, o resto de subministros de información a que se refire a presente cláusula levarase a cabo mediante os procedementos que acorde a Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento prevista na cláusula Decimoterceira deste convenio.

1. Da Axencia Tributaria ás Entidades Locais.

O subministro de información que efectúe a Axencia Tributaria no marco do presente convenio rexerese polas regras e principios contemplados no artigo 6 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999.

A. Información subministrada ó abeiro do artigo 113.1.b) da Lei Xeral Tributaria.

□ Datos identificativos.

- *Contido do subministro:* Apelido e nome, no caso de persoas físicas, ou razón social, para as persoas xurídicas e entidades do artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, NIF e domicilio fiscal.

No suposto de sociedades civís e comunidades de bens, ademais dos datos anteriores relativos á entidade, subministraranse os datos identificativos dos partícipes e o seu grao de participación na sociedade ou comunidade.

- *Periodicidade:* Semanal.
 - Censo de contribuíntes. O subministro refírese ós contribuíntes que pertencen ó ámbito territorial da Entidade Local.
 - *Contido do subministro:* Apelido e nome, no caso de persoas físicas, ou razón social, para as persoas xurídicas e entidades do artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, NIF e domicilio fiscal.
 - *Periodicidade:* Semestral.
 - Censo de obrigados. O subministro comprende persoas físicas, xurídicas e entidades do artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que realicen algunha actividade empresarial ou profesional, cando o domicilio fiscal da actividade se atope no ámbito territorial da Entidade Local.
 - *Contido do subministro:* Será determinado pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento prevista na Cláusula Duodécima.
 - *Periodicidade:* Semestral.
 - Imposto sobre Actividades Económicas. A información e periodicidade do subministro realizarase conforme á normativa vixente.
- En relación cos tres tipos de subministro inmediatamente anteriores e ó obxecto de facilitar o tratamento da información por parte das Entidades Locais, no seo da Comisión Mixta de coordinación e Seguimento do convenio adoptaranse as medidas necesarias que permitan evitar duplicidades nos datos subministrados a través do censo de contribuíntes, do censo de obrigados e da Matrícula do imposto sobre Actividades Económicas.
- Cesión de información sobre depósitos bancarios da provincia en cuxo ámbito territorial se atope a Entidade Local, cuxa titularidade corresponda ós debedores da citada Entidade Local, sempre que se trate de débedas que estean en fase de embargo.
 - *Contido do subministro:* Identificación do depósito bancario (entidade, sucursal e número de depósito).
 - *Periodicidade:* Trimestral.
 - Cesión de información sobre participacións en fondos de inversión da provincia en cuxo ámbito territorial se atope a Entidade Local, cuxa titularidade corresponda ós debedores da citada Entidade Local, sempre que se trate de débedas que estean en fase de embargo.
 - *Contido do subministro:* Identificación da entidade xestora e depositaria do fondo.
 - *Periodicidade:* Trimestral.

O ámbito a que se refire a cesión de información sobre depósitos bancarios e participacións en fondos de inversión será ampliable

mediante acordo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento prevista na cláusula Decimoterceira do presente convenio.

B. Información subministrada para o desenvolvemento doutras funcións.

O subministro de información procedente da Axencia Tributaria para finalidades non tributarias terá como finalidade exclusiva a colaboración coas Entidades Locais no desenvolvemento das funcións que estas teñan atribuídas cando, para o exercizo das mesmas, a normativa reguladora esixa a aportación dunha certificación expedida pola Axencia Tributaria ou a presentación, en orixinal, copia ou certificación, das declaracións tributarias dos interesados ou de calquera outra comunicación emitida pola Axencia Tributaria, en particular no caso de non obrigados a declarar. Nestes supostos, a información que debe constar en tales documentos solicitarase directamente da Axencia Tributaria, sempre que resulte necesaria para o exercizo de tales funcións, se refira na súa totalidade a un elevado número de interesados ou afectados e teña que efectuarse de forma periódica ou continuada no tempo.

Para o cumprimento desta finalidade establécense os subministros de información que se recollen no Anexo I ó presente Convenio, que deberán realizarse coa periodicidade e contido que se detallan no mesmo, mediante o tratamento telemático das solicitudes efectuadas.

As peticións deberán conter todos os datos que sexan precisos para identificar claramente ós interesados afectados e o contido concreto da información solicitada, que deberá ser o imprescindible para garantir o adecuado exercicio das funcións que ten atribuídas o ente solicitante da información.

Os subministros de información tributaria a que se refire o presente apartado deberán contar coa previa autorización expresa dos interesados, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/98, do 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias nos termos e coas garantías que se establecen no artigo 2.4 da Orde de 18 de novembro de 1999. De non contar coa previa autorización do interesado, a Axencia Tributaria poderá subministrar á Entidade Local a información necesaria para o cumprimento das finalidades descritas na letra B do apartado 1 desta cláusula, sempre que dita cesión poida ampararse no artigo 133.1 da Lei Xeral Tributaria.

2. Da Entidade Local á Axencia Tributaria.

- Datos identificativos contidos no padrón municipal (só no caso de Concellos)
 - *Contido do subministro:* Apelidos e nome, NIF, data de nacemento e domicilio das persoas físicas que consten no Padrón do Concello.
 - *Periodicidade:* Anual.
- Altas, baixas e modificación no Imposto sobre Actividades Económicas. A información e periodicidade do subministro realizarase conforme á normativa vixente.
- Liquidacións do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras.

- *Contido do subministro:* Cando o custo da obra supere 83.000 € subministraranse os seguintes datos: Número fixo de imputación do inmovible, emprazamento da obra, identificación do dono da obra ou promotor (apelido e nome ou razón social e NIF), identificación do constructor cando sexa distinto do anterior, presuposto da obra ou custo real da obra ou construción, data de concesión da licenza e data de finalización prevista, identificación dos facultativos e número de visado. Cando o custo da obra non supere 83.000 €: identificación do promotor, orzamento da obra e ubicación do inmovible.
- *Periodicidade:* Anual.
- Liquidacións do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
 - *Contido do subministro:* Localización do inmovible transmitido, número fixo de imputación do mesmo, apelido e nome ou razón social e NIF da persoa que transmita o terreo e de quen o adquira, número de anos transcorridos dende a anterior transmisión -a partir de 1994- ou, no seu defecto, antigüidade dende a anterior transmisión, cota total a ingresar, data da transmisión, clase da transmisión e valor catastral do terreo transmitido.
 - *Periodicidade:* Semestral.
- Bens inmoables cuia titularidade corresponda a persoas residentes no estranxeiro.
 - *Contido do subministro:* Localización do inmovible, valor catastral e número fixo de imputación do mesmo e identificación do titular (apelido e nome ou razón social e NIF ou NIE).
 - *Periodicidade:* Anual.
- Cambios na clasificación do solo (Só no caso de Concello).

Subministro dos cambios na situación urbanística do municipio, xa sexan xerais ou parciais e de calquera natureza que modifiquen a clasificación do solo, urbano, urbanizable e non urbanizable: expedientes aprobados referentes a Programas de Actuación Urbanística (PAUs), Planes Especiais de Reforma Interior (PERIs), Planes Parciais e Modificacións Parciais de Planeamento.

 - *Contido do subministro:* Identificación dos titulares das fincas afectadas (apelido e nome ou razón social, domicilio e NIF), especificación do tipo de Expediente de Planeamento Urbanístico e localización das fincas afectadas con expresión da parcela, polígono, número fixo de imputación das mesmas, etc.
 - *Periodicidade:* Anual.
- ◆ Información de natureza urbanística: Licenzas urbanísticas concedidas: Identidade do promotor (nome ou razón social e NIF), orzamento da obra

para a que se concede a licenza e ubicación do inmueble respecto do que se concede a licencia.

QUINTA: Destinatarios da información subministrada.

A información cedida pola Axencia Tributaria só poderá ter como destinatarios ós órganos das Entidades Locais que teñan atribuídas as funcións que xustifican a cesión, incluídos os órgano de fiscalización, na medida en que, pola súa normativa participen nos procedementos para os que se subministra a referida información. Igualmente poderán ser destinatarios os organismos ou entidades de dereito público dependentes das Entidades Locais que exerzan funcións ou instrúan os procedementos para os que se subministran os datos. En ningún caso poderán ser destinatarios órganos, organismo ou entes que realicen funcións distintas das que xustifican o subministro.

Todo iso sen prexuízo da estricta afectación da información remitida pola Axencia Tributaria ós fins que a xustifican e para os que se solicitou. En calquera caso, o destinatario non poderá ceder a terceiros a información remitida pola Axencia Tributaria.

Do mesmo modo, a información cedida polas Entidades Locais á Axencia Tributaria só poderán ter como destinatarios ós órganos da mesma que teñan atribuídas as funcións que xustifican a cesión, sen que en ningún caso poidan ser destinatarios órganos que realicen funcións distintas das que xustifican o subministro.

SEXTA: Natureza dos datos.

Os datos subministrados son os declarados polos contribuíntes e demais obrigados a subministrar información ós liquidados polas Administracións Tributarias, sen que, con carácter xeral, teñan sido sometidos a actividade ningunha de verificación previa á súa automatización. Non obstante, cando os citados datos foran comprobados polas Administracións Tributarias, facilitaranse os datos comprobados.

Tanto a Axencia Tributaria como as Entidades Locais poderán solicitarse reciprocamente especificacións ou clarexamentos sobre a natureza e contido dos datos obxecto de subministro.

SÉTIMA: Procedemento de subministro de información para finalidades non tributarias e de datos identificativos.

Para a execución do previsto na cláusula Cuarta 1 A (datos identificativos) e B do presente convenio, a Entidade Local que se adhira ó mesmo deberá designar, mediante acordo do seu máximo órgano representativo, un interlocutor único, coas funcións que se describen a continuación.

A). Fase inicial:

1.- Trala adhesión ó presente convenio, os órganos administrativos da Entidade Local e os organismos ou entidades de dereito público dependentes da mesma, deberán remitir ó seu interlocutor único a seguinte documentación:

- Datos identificativos do órgano, organismo ou entidade de dereito público solicitante (denominación, NIF, dirección, teléfono, ...)
- Obxecto do subministro de información.
- Procedemento ou función desenvolta polo órgano solicitante.
- Competencia do órgano , organismo ou entidade de dereito público (con referencia á concreta normativa aplicable).
- Tipo de información solicitada. Este deberá axustarse ós diferentes tipos de información establecidos no Anexo I do presente convenio ó subministro de datos identificativos, sen prexuízo do disposto no apartado C) desta cláusula.
- Adecuación, relevancia e utilidade da información tributaria solicitada para o logro da finalidade que xustifica o subministro.

O interlocutor único da entidade Local, recibidas todas as solicitudes, remitirá á Delegación da Axencia Tributaria unha relación detallada de todos os órganos e organismos solicitantes, a normativa na que se recollan as funcións desenvoltas e a súa competencia, así como o tipo concreto da información solicitada.

2.- Unha vez examinada a documentación e comprobado que todas as solicitudes se axustan ó previsto no presente convenio, o Delegado da Axencia Tributaria procederá a dar de alta ó órgano, organismo ou entidade de dereito público na aplicación correspondente de subministro telemático de información. Así mesmo comunicará esta circunstancia ó interlocutor único da Entidade Local, para que a partir dese momento, as peticións de información se realicen de acordo ó establecido neste convenio.

3.- A incorporación posterior de novos órganos, organismos ou entidades á aplicación de subministro telemático de información realizarase, tamén, conforme ó previsto nos apartados anteriores.

B). Subministro de información:

1.- Solicitud:

Os órganos, organismos e entidades de dereito público dependentes da mesma previamente autorizados e para cada tipo de procedemento, remitirán á Axencia Tributaria por vía telemática unha relación de solicitudes de información na que se incluírán todos os datos que sexan precisos para identificar claramente ós interesados afectados e o contido concreto da información solicitada, que deberá axustarse ós diferentes tipos de información previamente determinados pola Axencia Tributaria. Así mesmo, deberase facer constar que os interesados na información solicitada teñen autorizado previamente o subministro de datos, sen que se teña producido a súa revogación, a excepción dos que se realicen ó abeiro do artigo 113.1.b) de Lei Xeral Tributaria, e que se tiveron en conta as demais circunstancias previstas no artigo 2.4 da Orde do 18 de novembro de 1999 respecto de dita autorización.

Non poderán incorporarse peticións de información de órganos, organismos ou entidades de dereito público que non obtiveran previa autorización.

2.- Tramitación e contestación:

Unha vez recibida a petición, tralas verificacións e procesos correspondentes, a Delegación da Axencia Tributaria remitirá a información solicitada nun prazo non superior a sete días dende a recepción de dita solicitude. No suposto de que algunha petición non fose atendida nese prazo, o usuario poderá coñecer o motivo para que, no seu caso, poida ser obxecto de subsanación.

3.- Formato:

Tanto a solicitude como a entrega da información realizarase por medios telemáticos. En especial, poderá realizarse polos medios e nos termos que estableza a Axencia Tributaria para a expedición de certificacións tributarias electrónicas por parte dos seus órganos.

C). Modificacións:

Previo acordo entre o Delegado da Axencia Tributaria en cuxo ámbito territorial estea situada a Entidade Local e o órgano de goberno de ista, poderán modificarse ou ampliarse os tipos de información tributaria a subministrar, de conformidade coa tipoloxía que a estes efectos estableza o Departamento de Informática Tributaria da Axencia Tributaria e de conformidade co procedemento descrito no apartado A) desta cláusula, a periodicidade das solicitudes e a data límite de subministro.

OITAVA: Control e seguridade dos datos subministrados.

O control e seguridade dos datos subministrados rexerese polo disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 994/1999, do 11 de xuño, que aproba o Regulamento de Medidas de Seguridade de Ficheiros Automatizados que conteñan datos de carácter persoal e nos documentos de seguridade aprobados pola Axencia Tributaria e a Entidade Local que se adhira ó presente convenio.

Estableceranse controis sobre os accesos, a custodia e utilización da información subministrada ó abeiro deste convenio, tanto polo ente titular da información cedida, como polo ente cesionario da información. O Servizo de Auditoría Interna da Axencia Tributaria poderá acordar outras actuacións de comprobación ó obxecto de verificar a adecuada obtención e utilización da información cedida e das condicións normativas ou convencionais que resultan de aplicación.

Reciprocamente, poderán levarse a cabo por parte das Entidades Locais que dispoñan de servizos de control interno, actuacións da mesma natureza en relación coa información cedida á Axencia Tributaria, previa comunicación á mesma no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento.

NOVENA: Obriga de sixilo.

Cantas autoridades, funcionarios e resto de persoal teñan coñecemento dos datos ou información subministrados en virtude deste convenio estarán obrigados ó estricto e completo sixilo respecto deles. A violación desta

obriga implicará incorrer nas responsabilidades penais, administrativas e civís que resulten procedentes, así como o sometemento ó exercizo das competencias que correspondan á Axencia de Protección de Datos.

O expediente para coñecer das posibles responsabilidades administrativas de calquera índole que se puideran derivar da indebida utilización da información subministrada en execución deste convenio deberá ser iniciado e concluído, así como esixida a responsabilidade, no seu caso, pola Administración á que pertenza a autoridade, funcionario ou outro persoal responsable de dita utilización indebida.

DECIMA: Archivo de actuacións.

A documentación en poder de cada Administración relativa ós controis efectuados sobre a custodia e utilización dos datos cedidos, deberá conservarse por un período de tempo non inferior a dous anos. En especial, deberán conservarse, por parte da Entidade Local, os documentos nos que conste a autorización expresa dos interesados prevista na letra B do apartado 1 da Cláusula Cuarta.

UNDÉCIMA: Efectos dos datos subministrados.

De conformidade co previsto no artigo 9 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, na medida na que as Entidades Locais poidan dispoñer da información de carácter tributario que precisen para o desenvolvemento das súas funcións mediante os canles previstos no presente convenio de colaboración, non se esixirá ós interesados que aporten individualmente certificacións expedidas pola Axencia Tributaria, nin a presentación en orixinal, copia ou certificación, das súas declaracións tributarias ou de calquera outra comunicación emitida pola Axencia Tributaria no caso dos non obrigados a declarar.

O subministro de información amparado por este convenio non terá outros efectos dos derivados do obxecto e a finalidade para a que os datos foron subministrados. En consecuencia, non orixinará dereitos nin expectativas de dereitos en favor dos interesados ou afectados pola información subministrada, nin interromperá a prescrición dos dereitos ou obrigas a que poidan referirse os procedementos para os que se obtivo aquela. De igual modo, a información subministrada no afectará ó que puidera resultar das actuacións de comprobación ou investigación ou da ulterior modificación dos datos subministrados.

DUODÉCIMA: Colaboración na xestión recadadora.

Ó obxecto de establecer un sistema de embargo de devolucións que satisfaga e faga compatibles os intereses recaudatorios das Entidades Locais e os intereses de asistencia ó contribuínte da Axencia Tributaria, establecerase no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do presente convenio un procedemento áxil para a traba daquelas devolucións tributarias solicitadas polos contribuíntes e que a súa vez sexan debedores con debedas tributarias en fase de embargo das Entidades Locais

De igual modo, o obxecto de satisfacer os intereses recadatorios da Axencia Tributaria e non entorpecer os procedementos de execución orzamentaria das Entidades Locais, establecerase no seno da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do presente Convenio un procedemento áxil para a traba pola

Axencia Tributaria daqueles pagos que deban realizarse con cargo ó orzamento das Entidades Locais, os seus Organismos Autónomos e demais entes e empresas municipais respecto de obrigados ó pagamento de débedas xestionadas pola Axencia Tributaria.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do presente convenio adoptará as medidas necesarias e impulsará os traballos precisos para que os procedementos a que se refire a presente cláusula se atopen a pleno funcionamento antes do 1 de decembro de 2003. Ata que non se leve a cabo tal desenvolvemento, os embargos a que se refire esta cláusula practicaranse a través dos sistemas actualmente existentes.

O sistema deberá garantir en todo caso que non se produzan duplicidades de ingresos que redunden en molestias innecesarias e evitables ós debedores.

DECIMOTERCEIRA. Organización para a execución do convenio. Solución de conflitos.

Co fin de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión, seguimento e control, crearase unha comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta por tres representantes nomeados polo Director do Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais da Axencia Tributaria e outros tres nomeados pola Presidencia da FEMP.

En calidade de asesores, con dereito a voz, poderán incorporarse calquera outros funcionarios que se considere necesario.

A Comisión reunirse a instancia de calquera das partes e, alomenos, unha vez cada seis meses, para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada.

As controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio serán resoltas pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento, que estará, así mesmo, facultada para modificar o contido dos subministros acadados nos puntos 1.A e 2 da cláusula cuarta do presente convenio.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento rexerese en canto o seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ó non establecido expresamente na presente cláusula, polo disposto no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DECIMOCUARTA. Prazo de vixencia.

1.- O presente convenio terá unha vixencia inicial ata o 31 de decembro de 2003, renovándose de xeito automático anualmente agás denuncia expresa de calquera das partes. Dita denuncia deberá realizarse, alomenos, cun mes de antelación á finalización do prazo de vixencia.

2.- Por outra parte, a Axencia Tributaria e cada Entidade Local poderán acordar a suspensión unilateral o a limitación do subministro da información cando advirtan incumprimentos da obrigación de sivilo por parte das autoridades, funcionarios ou resto de persoal do ente concesionario, anomalías ou irregularidades nos accesos ou no réxime de control ou

incumprimentos dos principios e regras que deben presidir o subministro de información, de acordo co previsto neste convenio. Unha vez adoptado o acordo de suspensión ou limitación do subministro darase conta inmediatamente á Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento, sendo oída esta en orden á revocación ou mantemento do acordo.

DECIMOQUINTA. Natureza administrativa.

O presente convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose incluído no art. 3.1.c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 2/2000, do 16 de xuño.

As controversias sobre a interpretación e execución do mesmo serán resoltas pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento prevista na Cláusula Decimoterceira.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

No suposto de Mancomunidades de Municipios que pertencen a máis dunha provincia, o órgano da Axencia Tributaria ó que se refire a Cláusula Sétima deste Convenio, será o Delegado Especial que exerza competencia territorial sobre ditos municipios.

No suposto de Mancomunidades de municipios que pertencen a máis dunha Comunidade Autónoma, o órgano ó que se refire a Cláusula Sétima deste Convenio será o Director do Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais da Axencia Tributaria. Non obstante, neste caso, tanto o alta na aplicación como a resposta ás concretas solicitudes de información levaranse a cabo polo Departamento de Informática Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

As Entidades Locais que se adhiran ó presente convenio de colaboración non terán que se adherir ó convenio de colaboración en materia de subministro de información de carácter tributario suscrito entre a Axencia Tributaria e a FEMP.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

As Entidades Locais que, á firma deste Ccnvenio, se atopan dadas de alta na aplicación telemática de subministro de información da Axencia Tributaria, dispondrán dun prazo de tres meses para adherirse ó mesmo ou ó de subministro de información de carácter tributario ás Entidades Locais. Transcorrido dito prazo sen se producir esta circunstancia, a Axencia Tributaria suspenderá o subministro de información a que se refire o presente convenio.

E en proba de conformidade, ambas partes o firman por duplicado na data e lugar indicados no encabezamento.

ANEXO 1 Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIA

EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADADORA COAS ENTIDADES LOCAIS.

De conformidade co previsto na Cláusula Cuarta 1.B. do presente convenio, recóllense os seguintes subministros periódicos de información da Axencia Tributaria as Entidades Locais:

INFORMACIÓN	PROCEDEMENTO	PERIODICIDADE	DATA LÍMITE DO SUBMINISTRO
Situación de estar ó corrente das obrigacións tributarias	Subvencións e axudas públicas: beneficiarios	Semanal	7 días dende a recepción
Situación de estar ó corrente das obrigacións tributarias	Procedemento de contratación administrativa	Semanal	7 días dende a recepción
Datos do IRPF.	Os procedementos establecidos polas Entidades Locais en cada caso.	Semanal	7 días dende a recepción

ANEXO II

PROTOCOLO DE ADHESIÓN Ó CONVENIO

En sesión do Pleno realizada o díadede 200..... do (Concello, Deputación Provincial, Cabildo Insular, Mancomunidade, etc.) acordouse a adhesión íntegra ó convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadadora coas Entidades Locais.

Data e firma do Alcalde/Presidente da Entidade Local

ILMO. SR. DIRECTOR DO DEPARTAMENTO DE ORGANIZACIÓN, PLANIFICACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA. (A adhesión ó convenio farase chegar por conducto de la FEMP)."

7.- (86).- DAR CONTA DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Ó 1º TRIMESTRE DE 2005.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de abril de 2005 a interventora xeral presenta perante o Pleno da Corporación documentación relativa á execución dos orzamentos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación, correspondentes ó primeiro trimestre de 2005.

S.Ordinaria 25.04.05

Todo isto en aplicación do disposto na base 3ª das de execución do orzamento xeral de 2005.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 18 de abril de 2005 quedou enterada do anterior.

A Alcaldía-Presidencia da conta do expediente ó Pleno da Corporación Municipal quedando iste enterado.

8.- (87).- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2004 DO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de marzo de 2005 a interventora xeral dá conta do seguinte:

"En cumprimento do previsto no art. 193.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, remítense as liquidacións aprobadas pola Alcaldesa-Presidenta, que conforman 7 volumes, tres deles corresponden á Entidade Local e os catro restantes corresponden a cada un dos seus organismos autónomos administrativos, Xerencia de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, IMD e Escola Municipal de Artes e Oficios".

O expediente consta dos seguintes volumes:

- Expediente administrativo da liquidación do ano 2004 do Concello de Vigo.
- Liquidación de ingresos do orzamento do ano 2004 do Concello.
- Liquidación de gastos do orzamento do ano 2004 do Concello.
- Liquidación dos organismos autónomos administrativos:
Instituto Municipal dos Deportes
Xerencia Municipal de Urbanismo
Vigo-Zoo
Escola Municipal de Artes e Oficios.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido do expediente.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: O tempo pasa voando, xa hai un ano aproximadamente que eu tiven a oportunidade de lles presentar os resultados orzamentarios da liquidación do ano 2003.

Se o lembran, naquel momento eu tiven o gusto de felicitar ós meus predecesores polos resultados que acadaran, pola liquidación do ano 2003.

Mesmo lembro que se me presentou unha especie de pequeno e cariñoso reto por veren se nós podíamos mellorar eses resultados que se presentaban do ano 2003.

Recollimos o desafío e con moito orgullo coma concelleiro e coma economista que son, pero tamén sobre todo coma cidadán teño o orgullo de lles presentar uns resultados orzamentarios que na miña opinión son realmente excelentes.

A verdade é que coido que as novas que lles traio son unhas boas novas para o Concello porque isto permite seguir na liña que iniciaron con anterioridade de consolidar a estrutura financeira municipal e con isto se pode permitir financiar proxectos que logo comentaremos supoño que máis polo miúdo e que gracias a estes bos resultados se poden financiar sen ningún tipo de problema.

Neste sentido non coido moi esaxerado dicir que a liquidación orzamentaria que se deriva do exercicio 2004 é probablemente unha das mellores dos últimos anos da historia municipal, senón a mellor.

A verdade é que isto pode soar a slogan pero non o é, sinxelamente ven de estudar a liquidación orzamentaria e analizar un por un todos e cada un dos indicadores de xestión que se viñeron aplicando tradicionalmente neste municipio, dá igual se falamos de remanentes, de xestión orzamentaria, de xestión de ingresos ou de gastos, calquera indicador, gracias a Deus, mellorouse nalgúns casos en contías moi relevantes. Dicía que felicitei ós meus compañeiros predecesores porque o máis importante é que o fixemos sobre un exercizo do 2003 que francamente foi un bo exercizo e que nalgún caso foi calificado coma irrepetible.

A realidade é esta, eu tentarei explicarlles algúns destes indicativos do xeito máis levadero posible para non ser moi árido e sobre todo para que os cidadáns nos comprendan.

O primeiro dos indicadores e que mediaticamente acostuma ser o máis coñecido, aínda que non na miña opinión, son os remanentes; en moitos casos se consideran coma superávits, outras persoas os consideran como diñeiro dispoñible. O feito é que os remanentes líquidos de Tesourería, dato básico da xestión municipal, lembro que xa se comentou no Pleno da discusión orzamentaria que unha parte do éxito da nosa actividade fora que existían uns remanentes que proviñan do ano 2003, por un importe de 30 millóns de euros; pois direilles que ese mesmo dato de remanentes totais líquidos deste Concello a 31 de decembro cuantificábanse en 38.300.000, estando só afectados desa cantidade 1.900.000, non coma no caso anterior no que

estaban afectados 11 millóns. Os remanentes líquidos deste Concello medraron en máis dun 27% ó longo do ano 2004.

Outro dato moi significativo e que coido que explica o xeito de xestión que tivemos durante o ano 2004 é algo así como a conta de resultados que vostedes seguro que teñen unha idea do que é. Dende o punto de vista da contabilidade municipal o máis próximo á conta de resultados é o que se chama resultado orzamentario; para o entender e facelo fácil un resultado orzamentario é a diferenza entre os ingresos netos dun exercizo e os gastos netos dese mesmo exercizo, sen se ver afectados por outros exercizos como no caso dos remanentes.

Ese resultado orzamentario, que insisto que é un dato que mide a xestión de ingresos e gastos dese mesmo ano, medrou un 33% respecto ó ano anterior que tivera un bo resultado orzamentario.

Podía seguir a falar doutros datos como o aforro, como o equilibrio orzamentario que mellorou un 75%, pero a verdade é que quero facelo fácil e para que os meus amigos Xoan e María Xesús e os cidadáns nos entendan dunha vez, quero lles dicir ós vigueses que a 31.12.2004 este Concello debía 18 millóns e medio menos de euros que antes; é certo que vostedes me dirán que iso é debido a que houbo unha prórroga orzamentaria e que non tiñamos que investir, pero o certo é que o dato é ise, temos 49% sobre o total do orzamento coma débeda, este ano voltaremos á situación inicial porque puxemos no orzamento 18 millóns e medio coma necesidade de financiamento externo pero imos investir 20 millóns de euros durante o ano 2005.

O segundo dato ben importante e que quero que os vigueses saiban é que neste intre na caixa municipal existen fondos líquidos por un 21,4% máis que a finais do ano 2003, é dicir, nas contas correntes municipais hai máis fondos nunha contía tan importante como un 21%.

Ademais a xestión de ingresos, este dato tan relevante e que se segue con tanta atención, mellorouse en 6,7 puntos respecto ó ano 2003. Non só iso, porque non só baixamos a xestión de ingresos, senón que a xestión de gastos, é dicir, a execución das partidas de gasto orzamentarias acadou por primeira vez un 92,2% de todo o orzamento cando no ano anterior, que fora unha boa execución e eu recoñecinllo no seu momento, chegara ó 85% tendo ademais o dato, especialmente relevante para min que como son empresario vivo moito, de que o prazo medio de pagamento deste Concello baixou de xeito relevante.

Coma resume de todo isto teño que dicir que a liquidación orzamentaria do ano 2004 é mellor en todos os aspectos e permite sinalar que a saúde

financeira deste Concello é boa e a partir daí se poden levar adiante todos os proxectos que se van proxectar a partir do seguinte punto da orde do día.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar déixeme dicirlle, Sr. concelleiro, que a súa é unha xestión positiva e que me parece estimable. Logo déixeme dicirlle que diga ós seus amigos, que seguramente polo que dixo a outra vez son moi novos e non terán memoria, que esa xestión é manifestamente mellorable porque cando eu era Alcalde esas ratios estaban claramente melloradas en casi todo pero na media de pagamento abismalmente e senón pregúntelle ós provedores. Tamén noutros moitos ratios.

Dígollo como resumo e como acicate porque é mellorable a xestión e moitos aspectos; un deles tenme sentido vostede dicilo varias veces e conceptualmente compartímolo pero non acaban de implementar os medios suficientes como para que iso mellore.

Sego a dicir que son moi mellorables eses 6,7 puntos que vostede cita na xestión de ingresos. Díxenllo na Corporación pasada ós corporativos que tiñan a responsabilidade de gobernar, dígollo a vostede hoxe e sei de qué falo porque xa o tiñamos feito.

Sr. concelleiro, felicitalo porque vai nun camiño de mellora e a min iso sempre me ten que producir alegría porque será bó para os vigueses pero lle digo unha vez máis que eses datos son mellorables e polo tanto, cando lle conte ós seus amigos con total lexitimidade que está orgulloso porque mellora a xestión, dígalle tamén que noutros tempos, cando gobernaba o Partido Socialista coa persoa que lle fala de Alcalde eses datos deixáronse xa nun listón que ningún de vostedes acadou.

SR. TOBA GIRÓN: O reto segue en pé porque, Sr. Guerra, vostede hoxe está a presentar a liquidación dunha prórroga orzamentaria; nivel de execución de gasto corrente do 92% dunha prórroga. Logo falaremos diso. As variables económicas do Concello están ben porque vostedes non tiveron orzamento no 2004.

Para min o valor que ten é que a Facenda municipal está agora moito mellor. Vostedes non tiveron orzamento e as variables se conservan porque sinxelamente non tocaron. Baixo o meu punto de vista o dato máis relevante dun orzamento e dunha liquidación é a nivelación orzamentaria interna, o auténtico aforro económico en que se suman os ingresos ordinarios e se restan os gastos ordinarios.

Como no ano 2004 vostedes si tiñan ordenanzas o nivel de ingresos ordinarios aumentou e o nivel de gastos se mantén constante porque vostedes tiveron unha prórroga e o resultado é unha diferenxia con respecto ó nivel de nivelación interna do ano pasado de cinco millóns de euros máis como vostede ve. Isto é derivado de que vostedes executaron unha prórroga e por iso ten o 92% de execución porque o gasto é pagar as nóminas, os contratos, as subvencións, pagar os intereses, amortizar o capital pedido no seu día e o resultado indubidablemente non incide de ningún xeito negativamente nas variables.

De saúde financeira e de xestión económica se lle parece falamos no seguinte punto.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: D. Manoel, moitas gracias polas súas palabras. Do que eu falaba era dos mellores resultados na historia recente, pero vostede foi Alcalde xa hai algún tempo, en todo caso tentarémoslo.

Sr. Toba, o que non pode ser é o ovo e a galiña, ou presentamos resultados orzamentarios con investimentos, que vostedes son os que non nos deixaron orzamentar e realizar investimentos, ou presento uns resultados orzamentarios do ano 2004. As dous cousas son absolutamente imposibles.

Si hai algúns datos que se poden comparar de igual a igual e vou tomar o dato que vostede di que é a nivelación orzamentaria, qué casualidade. Resulta que a nivelación orzamentaria efectivamente en ingresos e gastos ordinarios mellora en cinco millóns e medio de euros, pero coma a estatística é a ciencia que fai que vostede teña un polo, eu ningún e comamos medio, resulta que iso significa que medramos un 30,6% que é moito máis que o incremento do orzamento se non fose prórroga senón un novo orzamento.

Resulta que se o medimos en termos relativos é moito mellor esa nivelación orzamentaria pero ademais hai algúns outros datos que non teñen nada que ver co investimento, por exemplo o tema dos ingresos do que falamos antes e mencionou o Sr. Soto. Nós temos unha execución dos ingresos dun 110% e non ten nada que ver cos gastos nin cos investimentos, sinxelamente é executar mellor. Podería falar tamén do aforro neto que non considera os capítulos de investimentos e que se mellorou un 42%.

Eu sigo aceptando o reto pero o mesmo que vostede me botou en cara a outra vez que me dixo que podería dicir que as cousas foron ben no 2003, pois eu tamén lle pido que considere que, ademais de non ter orzamento, a execución

do orzamento que tivemos foi mellor e espero que sega a ser mellor se Deus quere.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

9.- (88).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 18/2005 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de abril de 2005 a Alcaldía-Presidencia dicta a seguinte resolución:

“Coa finalidade de atender ás distintas necesidades xurdidas no marco do normal funcionamento das distintas dependencias/concellerías do Concello e, en uso das atribucións que me confire a lexislación vixente, de conformidade co art. 177.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobadas mediante RDL 2/2004 e conforme ó especificado nas Bases de Execución do Orzamento,

RESOLVO:

Primeiro.- Incoar expediente de modificación orzamentaria (Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito) por un importe total de 11.699.160,72 euros, desglosado nas seguintes partidas e contías:

a) **FINANCIACION :**

con cargo a remanentes líquidos para gastos xerais (87000)

b) **APLICACIONES:**

DEPARTAMENTO	PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
PATRIMONIO H.	4531.2140000	Recuperación “Bernardo Alfageme”	275.000,00
	4531.2100003	Rehab. muro estanque Castrelos	150.000,00
	4531.2100004	Reforzamento muro p. Castrelos	317.767,00
	4531.6100000	Musealización Finca Mirambell	120.000,00
VIAS E OBRAS	5110.6110023	Melloras en beirarrúas en Coia	1.000.000,00
TRAFICO	2221.6290002	Adq. Radar	72.000,00
URBANISMO	4326.6010009	Urbanización zona Barreiro	832.928,00
	4326.6110002	Alameda de Bouzas	300.000,00
	1210.6320001	Rectorado	1.000.000,00
	5110.6110022	Prza. Independencia	229.499,00
ALCALDIA	1110.6250000	Dependencias Alcaldía	100.000,00
VIAS E OBRAS	5110.6110014	Obras no rural	1.000.000,00
COMERCIO	6220.6320000	Melloras en Mercados	19.000,00
XUVENTUDE	4520.2120000	Reforma local López de Neira	9.000,00
DEPORTES	4521.2130000	Rep. urxente eléctrica	72.000,00
	4521.4700000	Pagos cidade de Vigo 2002-2003	300.000,00
	4521.2100000	Césped Balaídos	94.272,00
	4521.2100006	Outras débedas pendentes (1999-2004)	370.000,00

S.Ordinaria 25.04.05

PARQUES/XARDINS	4326.6010010	3 novos parques infantís	18.000,00
ELECTROMECHAN.	4324.6110007	Inst. farolas avda. Samil	45.000,00
	4324.2130001	Cambio iluminación	30.000,00
	4324.2130001	Melloras alumado público	300.000,00
VIAS E OBRAS	5110.6110055	Pza. pública Berbés	600.000,00
	5110.6110018	Mobiliario/ilum. en prazas	120.000,00
	5110.6110019	Melloras igrexa Bouzas	121.916,00
	5110.6110017	Melloras zona Churruca	150.000,00
	5110.6110021	Adq. varanda ornamental	30.000,00
	5110.6110016	Actuacións r/Cruz Blanca	250.000,00
	5110.6110020	Actuacións en Barreiro	150.000,00
	5110.6110001	Actuación Trav. Vigo	1.000.000,00
ARQUIVO	1213.6290000	Acondicionamento arquivo	33.100,00
ATENCION CIDADA	1210.2120005	Modernización "lonxa" Concello	73.740,00
PART.CIDADA	4631.2120001	Obras mellora centros AA.VV.	56.275,00
	4631.6250000	Mobiliario centros AA.VV.	60.000,00
	4631.6010000	1ª fase urb. accesos centro "Saiáns"	108.706,00
	4631.2120002	Acond.local r/Quintela	48.000,00
BENESTAR SOC.	3130.2120000	UBAS Teis	180.114,00
	3130.2270608	Plan Drogas	60.000,00
VIAS E OBRAS	5110.7240000	Convenio Zona Franca Vigo 2005	990.000,00
CULTURA	4510.6000000	Auditorio	1.556.779,03

Segundo.- Dar conta deste Decreto ás Concellerías interesadas e á Intervención Xeral.

Terceiro.- Someter o expediente, previa proposta, á aprobación do Pleno da Corporación de acordo co previsto no art. 168.4 do RDL 2/2000 e 123.1.4 da Lei 7/1985."

A interventora xeral, Sra. Guarner González, coa mesma data do 15 de abril informa do que segue:

"Remítese a esta Intervención Xeral Resolución da Alcaldía Presidencia do 15 de abril, no que se insta á incoación dun expediente de modificación do orzamento vixente para facer fronte a gastos urxentes e inaplazables para el próximo exercicio.

O expediente que se tramita inclúe un crédito extraordinario e un suplemento de crédito por un importe global de 11.699.160,72 euros.

O art. 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), regulá a tramitación, o financiamento e demais requisitos que lle son de aplicación a este tipo de modificacións orzamentarias.

Cando haxa de se realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito no orzamento ou este sexa insuficiente ó consignado, o presidente da corporación ordeará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito, en función de que se trate dunha falla de crédito o dunha insuficiencia.

A Resolución inclúe as distintas unidades ás que afecta a modificación orzamentaria, así como as partidas a suplementar ou a crear.

O financiamento que se propón para financiar a modificación orzamentaria é o remanente líquido de tesourería que se deriva da liquidación do orzamento do ano 2004. En relación con este tipo de recurso, o apartado 4 do art. 177 do TRLRHL, califica este recurso como axeitado para financiar a modificación de orzamento (Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito).

O remanente de Tesourería para gastos xerais que se derivan da liquidación de orzamento do ano 2004, ascendeu a 36.397.996,62 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos nº 5/2005 (incorporación de remanentes) 5.877.218,08 euros. En consecuencia co anterior, existe remanente de líquido de Tesourería para Gastos Xerais con saldo suficiente para facer fronte á modificación de orzamentos que se propón por un importe de 11.699.160,72 euros.

A citada modificación de créditos non altera en ningún caso o coeficiente de endebedamento, xa que o recurso que a financia non computa ós efectos do previsto no art. 53.2 do TRLRHL.

En canto ó cumprimento do previsto no art. 3 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, as Entidades Locais aprobarán e liquidarán os seus orzamentos de acordo co disposto no citado art. O orzamento aprobado para o ano 2005, aprobouse en réxime de estabilidade e o liquidado para o 2004 tamén, dando así cumprimento ó previsto na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

Non obstante o anterior, a modificación nº 5/2005, xa xerou un desequilibrio orzamentario de 7.766.228,85 euros. Esta Intervención Xeral, calificou o desequilibrio xerado pola incorporación de remanentes como técnico, xa que os créditos incorporados chegaran á fase de compromiso no exercicio anterior no que dispuñan de financiamento axeitado.

A modificación de orzamentos que se propón, engadirá ó déficit comentado, outro polo importe de 11.699.160,72 euros. A Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, non obriga o mantemento do equilibrio constantemente ó longo do exercicio, pero de forma tasativa, obriga a que a aprobación e liquidación dos orzamentos anuais cumpra co obxectivo de estabilidade e así, as Entidades Locais que no alcanzaran o obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto no art. 19 da citada Lei, virán obrigadas a elaborar no prazo dos tres meses seguintes á aprobación ou liquidación do Orzamento en situación de desequilibrio, un plan económico-financieiro para a corrección do mesmo (art.19. Lei 18/2001).

Ós efectos de evitar un desequilibrio orzamentario negativo na liquidación dos orzamentos do ano 2005 por execución das citadas modificacións orzamentarias, deberanse adoptar as medidas oportunas para o cumprimento das previsións de ingresos aprobadas e fomento de novas liñas de recursos, todo isto encamiñado a unha liquidación de dereitos por riba das estimacións orzamentarias, o que garantiría o cumprimento do previsto na Lei 18/2001.

En consecuencia co anterior, expediente axústase a Dereito, tanto no inicio de tramitación como na motivación e recursos que o financian, existindo Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible para

financiar a modificación de orzamentos nº 18 /2005, por un importe de 11.699.160,72 euros, cuxa aplicación e desglose figura na Resolución da Alcaldía Presidenta do 15 de abril.

A citada modificación quedará sometida á aprobación polo Pleno da Corporación, con suxeición ós mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Unha vez que se cumpran os requisitos legais, procederase á súa tramitación contable."

Visto o anterior, con data 18 de abril o concelleiro delegado de Xestión Municipal propón aprobar inicialmente a anterior modificación e someter o expediente ós trámites de información regulamentarios.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de abril dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: O Goberno presenta unha modificación orzamentaria por un importe de 11.699.160 euros. Logo de todo este debate económico e como a saúde deste Concello é boa, hai unha serie de demandas que presentan colectivos e a sociedade viguesa que son importantes, demandas que non se puideron incluír dentro do orzamento ordinario porque non había capacidade para as atender, pero despois destes datos consideramos que sería conveniente atender unha serie de peticións que presenta a cidadanía e que imos relatar porque coido que é importante que se dean de conta do que estamos a propoñer.

A recuperación do Bernardo Alfageme coido que todo o mundo a está desexando, 275.000 euros. Rehabilitación dun muro do estanque de Castrelos que mesmo é necesaria e urxente e pola urxencia e o perigo que crea, habería que quitar esta obra exactamente igual; reforzamento dun muro do parque de Castrelos que está na mesma situación; a musealización da Finca Mirambell que serían necesarios 120.000 euros para rematar ese proxecto, temos no orzamento 300.000 pero non chegan; melloras en beirarrúas que vostedes solicitan en moitas mocións, neste caso concreto para todos os veciños de Coia, 1.000.000 de euros; adquisición dun radar porque coa apertura do novo túnel é necesario, 72.000 euros; outra petición que toda a Corporación e coido que toda a cidadanía está facendo que é a urbanización da zona de Barreiro en Lavadores, 832.922 euros; recuperación e rehabilitación da Alameda de Bouzas por un importe de 300.000 euros; adquisición por parte deste Concello en convenio coa Universidade do Rectorado que coido que é importante recuperar ese edificio para a cidade, a parte da que nós fixemos concesión era de 1.300 metros pero agora nos

aportan unha superficie de 2.700 metros máis que é o edificio anexo, polo tanto 4.000 metros cadrados para novas instalacións na nosa cidade; Praza da Independencia, que por demandas que presentan os veciños a superficie está en malas condicións, facer un investimento de 229.000 euros; dependencias da Alcaldía: investimento para mellorar temas de equipamento da Alcaldía que está en condicións pésimas; obras no rural, 1.000.000 euros: estas son obras que se están a demandar continuamente por parte dos veciños do rural na maior parte de parroquias da cidade; melloras en mercados, partidas pequenas de temas moi puntuais, 19.000 euros; reforma local López de Neira, 9.000 euros.

Logo ven unha partida importante que é de temas que se fixeron e quedaron pendentes de pago: reparación eléctrica urxente en Balaídos; pagamento dos trofeos Cidade de Vigo que quedaron pendentes do anterior mandato dos anos 2002 e 2003 e que hai un acordo co Celta de Vigo; outras débedas pendentes por importe de 370.000 euros e o céspede que tiveron que o habilitar e reparar eles porque no ano 2004 non había orzamento no Concello e foi imposible levalo a piques; o Real Club Celta fíxose cargo desta obra que ademais polo convenio corresponde ó Concello.

Tres novos parques infantís, 18.000 euros; instalación de farolas na Avenida de Samil, 45.000 euros; cambio de iluminación 30.000 euros; melloras de alumado público en todas as parroquias de Vigo, 300.000 euros; praza pública do Berbés, enriba do pavillón do Berbés, unha praza que leva sete ou oito anos en mal estado e con situación de perigo, 600.000 euros; mobiliario e iluminación en prazas, 120.000 euros; mellora da igrexa de Bouzas, que é unha reivindicación da parroquia, 121.916 euros; melloras na zona de Churruca que se están a reinvidicar continuamente, 150.000 euros; adquisición dunha baranda, 30.000 euros; actuación na rúa Cruz Blanca que é outra reivindicación que se fai, 250.000 euros; algunha actuación puntual máis en Barreiro, 150.000 euros; actuación na Travesía de Vigo que é rematar totalmente as beirarrúas, saben que nestes momentos temos no orzamento 900.000 euros pero ampliaríamos un millón de euros máis co que daríamos cobertura a un compromiso dun acordo plenario que aprobamos por unanimidade penso que no 2001; acondicionamento do Arquivo, 33.000 euros; modernización da lonxa do Concello que coido que todos os cidadáns que nos visitan saben en qué condicións está, 73.000 euros; obras e melloras en centros e asociacións veciñais, 56.000 euros; mobiliario de centros de asociacións veciñais 60.000 euros; primeira fase de acceso do centro de Saians, 108.000 euros; adquisición local na rúa Quintela, 48.000 euros;

UBAS Teis, 180.000 euros; Plan de drogas, 60.000 euros; convenio con Zona Franca Vigo 2005, para que non se nos diga que non dotamos unha partida para ese convenio e logo teñamos que compensar cos impostos que eles nos poidan ter que aboar, metemos unha partida de 990.000 euros; e para o auditorio 1.556.000 euros que é o 37% da mesma contía que se aportou porque o resto, o sesenta e pico por cento, aportaríao a Xunta de Galicia.

Fixen esta exposición nomeando unha a unha todas as partidas que queremos consignar porque como vostedes se darán conta son partidas que demanda a cidadanía, colectivos, que en moitos dos casos hai acordos plenarios enriba da mesa aprobados por todos os grupos políticos.

Este goberno non presenta partida ningunha que poida ser de gasto corrente ou de gasto innecesario ou que non teña unha petición, un apoio, unha necesidade importante de colectivos ou de zonas da cidade que necesitan este investimento.

Este é o motivo polo que pedimos o seu apoio para poder quitar adiante esta modificación porque ó final os únicos que se van ver beneficiados dela son os propios cidadáns e cando se presenta algo con tanta coherencia, con tanto rigor e cun formulamento totalmente pechado, porque repito que aquí non hai gastos innecesarios, ou son compromisos de acordos plenarios ou hai demandas dos colectivos veciñais e cidadáns. Na maior parte das parroquias hai peticións que no orzamento non fomos quen de incluír porque naquel intre a situación económica non o permitía pero agora, ó ter unha cantidade de remanentes importante que están preto dos 39 millóns de euros, si que se propón destinar 11.600.000 euros a estas partidas. Non significan nin o 30% dos remanentes que temos dispoñibles neste intre.

Por todo isto dende o Goberno pedímoslle o seu voto porque ademais repito que na meirande parte dos casos hai acordos plenarios e mesmo propostas que fixo a oposición en momentos determinados para levar a cabo estes investimentos.

SR. SOTO FERREIRO: A nosa conducta ten sido sempre positiva no sentido de que nunca tentamos de obstaculizar a acción de goberno. Se vostedes me din se estamos de acordo coas partidas que están aquí, diríalle que con todas menos con algunha declaración que fixeron vostedes con respecto a unha. Estamos a favor de todas, nós tamén fariamos istas e outras cousas pero o que é opinable é qué elixes. Gobernar é sempre quedarte coa insatisfacción de facer unhas cousas e deixar sen facer unha chea delas.

Como todos sabemos iso, déixeme dicirlle que o que aquí está relacionado parécennos cousas positivas agás unha e non polo que di aí, senón polas súas declaracións. Falo do tema da recuperación do edificio do Rectorado.

Esta recuperación, se é para un edificio institucional polas moitas necesidades que hai en Vigo, nós estamos encantados do recuperar. Se é para Alcaldía de Vigo e nos mete nese gasto que entón si que nos metería nun gasto corrente subrepticamente, non estaríamos a favor, pero non din para que é polo tanto para recuperar o edificio si.

Fago esta reflexión para lle recomendar, Sra. Alcaldesa, que o tema da Alcaldía de Vigo debe ser un tema tratado con certa institucionalidade, hai moitos temas que se deben consensuar nunha cidade, ogallá que fose posible que todos, pero iste é claramente un deles porque senón parece que andamos coa Alcaldía de Vigo dun lado para outro e na miña opinión créame que da moi mala imaxe. Vostede pode ter moi boas intencións que non vou entrar a xulgar agora, poden ser moi respectables igual que outros poden ter outras pero eu ánimoa a que convoque unha Xunta de Voceiros se lle parece oportuno para que con prudencia opinemos todos o que debemos facer porque non sería lóxico que, por exemplo, vostede ten unhas competencias que eu nunca lle negarei a súa posibilidade de execución, claro está, pero convirá comigo que non sería bo que vostede tome unha decisión do que fai coa Alcaldía hoxe e dentro de dous anos outro tome outra decisión en andaría a bailar a Alcaldía de Vigo. Pareceríame unha falla de rigor político grave.

Dito isto, que foi unha reflexión polo camiño polo que dixeron, nós non queremos obstaculizar estes investimentos como non o fixemos cos municipais.

Pídlle un par de consideracións, habería moitas cousas que podería dicir pero hai un par delas que me parecen extraordinariamente urxentes. Unha delas é unha moción que hai uns días fixo o Sr. Fernández sobre un muro que debe ter un tratamento urxente en Candeán porque pode virse abaixo e constitue un grande perigo; aquela moción votámola na Corporación e eu non a vexo reflectida nunha acción concreta para reparar ese muro que está onde ten o campo de entrenamiento o Celta e pode constituir, como ben dixo o Sr. Fernández na súa moción, un grave perigo.

Ademais para non obstaculizar esta acción de goberno, pídolles que ben aquí ou se iso lles fai cambiar os conceptos en paralelo co orzamento municipal, se comprometan a darlle unha solución a ese tema.

Poderíamos pedir dous mil cousas pero insisto en que iremos sempre con absoluta prudencia nestes temas e vou pedir que asuman de inmediato, sen

prexuízo de que temos unha moción que trata outros aspectos paralelos, a responsabilidade de reconstruir o chalet Agarimo, nestes orzamentos ou nos orzamentos ordinarios dos que vostedes dispoñen e nos que podería haber partidas para o executar.

Con esas dúas cousas que por distintas razóns nos parecen tan urxentes como calquera das que aquí hai, pedímoslles que as incluan e entón nós votariamos a favor.

SR. TOBA GIRÓN: Imos ver esta modificación con algo de detalle a respecto do que significa. En primeiro lugar hai deixar claro enriba da mesa que vostedes teñen un orzamento aprobado e que debe ser efectivo dende do pasado mes de febreiro que acada a cantidade en crédito definitivos, que non iniciais, de case que douscentos millóns de euros, case que 34.000 millóns de pesetas, un orzamento record en créditos definitivos.

Vostedes presentaron aquí ese orzamento que o Pleno aprobou co noso voto en contra e nese orzamento vostedes fixeron expresión das prioridades que para vostedes debían ser os orzamentos do ano 2004. Non insisterei naquel debate, douno por reproducido en canto á posición do noso grupo pero actuaron vostedes coa capacidade que lles deu o Pleno naquela ocasión, co noso voto en contra e cos votos a favor e as abstencións que lles permitiron ter ese orzamento.

Un mes e pico despois veñen vostedes cunha modificación de crédito coa friorenta de case que doce millóns de euros sobre o diñeiro dispoñible, o remanente líquido de Tesourería, porque non é outra cousa.

Ista non é forma de xestionar a facenda municipal. Ó final da miña intervención entenderase o que sucintamente dicía en relación coa liquidación do orzamento para entender que sinceramente, con vostedes aí hai que se andar con cuidado coa facenda municipal porque o traballo realizado nos últimos anos que ten dado lugar a unha manifesta mellora de todas variables da facenda local deste Concello, pódeno vostedes desmontar cunha modificación de crédito.

En primeiro lugar esta modificación de crédito non se sustenta politicamente, iste non é o momento. Teñen vostedes un orzamento aprobado de case que douscentos millóns de euros e ¿canto teñen executado? E vou ós datos do punto 7 da orde do día de hoxe que non comentamos. Teñen executado aproximadamente 29 millóns de euros, redondeando a 30 millóns de euros teñen vostedes executado o 14% do orzamento que aprobaron hai nada. Executen o seu orzamento sen poñer en perigo a facenda local.

Ademais os datos de execución preocupan, Sr. Guerra, porque falo de datos de execución da totalidade do orzamento e non son datos significativos. Tiñan en capítulo VI, en créditos definitivos, 19 millóns de euros, 3.200 millóns de pesetas, para que me comprendan os amigos do Sr. Guerra. Pois teñen executado 300.000 euros, iso é todo, o 1,7% do orzamento de investimentos.

Vou aceptar mesmo o dato de comprometido porque fun concelleiro de facenda e sei que moitas veces os investimentos quedan en comprometido. Pois se imos a comprometido teñen vostedes o 7%. Ises son os resultados co seu orzamento.

No capítulo VII que tamén son investimentos baten vostedes todos os records; tiñan en créditos definitivos 4.400.000 euros e teñen executados a friorenta de 20.000 euros, é dicir, o 0,51% do orzamento do capítulo VII. Vostedes non executaron o orzamento.

Haberá quen me diga que é un pouco pronto para o ter executado, pero direilles que depende qué orzamento. Se me falan do orzamento do 2003 seguro que si, do 2004 nin falamos que é unha prórroga; pero do orzamento do 2005 que teñan vostedes, que o esgrimiron coma un elemento do seu debate orzamentario, só pendentes de convalidar tres millóns de euros e non fixeron absolutamente nada. Non están xestionando o seu orzamento.

Onde teñen ratios importantes de execución do orzamento é nos capítulos I, II, III e IV, as facturas do día a día. ¿Onde están os proxectos postos en marcha, as adxudicacións, a execución do orzamento? Está nesas cantidades, entre o capítulo VI e VII 350.000 euros, é o que teñen vostedes en obriga dun orzamento entre o capítulos VI e VII de 24 millóns de euros e por riba queren meter 12 millóns de euros máis. Para qué se vostedes non estan a executar ese orzamento, executeno, teñen dotación orzamentaria, non teñen vostedes necesidade de nada máis.

Ademais o expediente nin con moito ten que ver cos datos dados polo Sr. Figueroa. Os 38 millóns de euros de remanente líquido de Tesourería non son tales porque entre a incorporación de remanentes por unha banda, que se comeron vostedes sete millóns de euros o que por outra parte é normal, máis os dous millóns de afectados estamos a falar de 30 millóns de euros. Ise é o remanente total de Tesourería para gastos xerais e diso si que pretenden vostedes comerse máis do 30%.

Polo tanto, se vostedes van adiante con esta operación se comen o 30% de remanente de Tesourería para gastos xerais e ¿qué medidas teñen vostedes para evitar o déficit? ¿qué medidas toman para evitar o déficit nas

resultas de 2005? Porque nós non as coñecemos, só coñecemos o convenio que apareceu hoxe polo Pleno e que sinxelamente vai intercambiar datos e permitirá actuar sobre todo no padrón do lixo industrial pero pouco máis, se queren unha opinión persoal. Non teñen vostedes feito nada, os datos de ingresos da liquidación pasada son derivados fundamentalmente do traballo feito anteriormente, vostedes atopáronse cun traballo feito en ingresos que entre outras cousas daba lugar a que aumentara a recadación por IBI.

Pero dende aquela, como dicimos os que traballamos algunha vez na facenda local, vostedes non meteron nada no forno, nin hai novas liñas de traballo, nin hai reforzamento dos servizos. Eu non vou citar as baixas que agora mesmo hai sen cubrir, nalgún caso dende hai dezasete meses no sector da Dirección de Ingresos pero, créanme, se non se cubren as baixas na Dirección de Ingresos e nos Servizos Económicos vostedes nos van meter directamente no buraco, un buraco de doce millóns de euros.

Polo demais e en canto ás propostas que ten o documento todo é necesario, un goberno está para priorizar. Vostedes priorizaron hai un mes e dixeron cal era a súa priorización e a Corporación co noso voto en contra deulles a aprobación a ese orzamento. Pasado un mes vostedes xa están cambiando a súa priorización, as súas prioridades son outras, aquelas sei que xa as esqueceron e digo isto porque non se executan.

Desas priorizacións, deixando de lado obras que nos parecen absolutamente necesarias e que xa non entendimos porqué non estaban nos orzamentos, porque vir agora falando do estado da lonxa ou do acondicionamento do Arquivo, non parece ter sentido.

Vostedes o forte formúlano en dous puntos que están ó final. Un o convenio coa Zona Franca. Cantas veces temos dito que aquel convenio Vigo 2005 era un desastre para esta Administración. Vostedes xa orzamentaron unha cantidade no orzamento vixente; xa daquela dixémoslle miren en qué acaba o famoso convenio Vigo 2005 que aplaudían vostedes calurosamente. Acaba poñendo cartos o Concello de Vigo, valente convenio. Xa daquela lles dixen que nos libren de semellantes convenios.

Agora un millón de euros máis do Concello de Vigo para sufragar o famoso convenio e así vai seguir ata seis. Fantástico convenio. Nós non imos votar esa modificación de ningún xeito. Dixémoslle que ese convenio era un desastre e vostedes seguen e están sentando un precedente moi malo nas nosas relacións coa Zona Franca porque agora resulta que pagamos nós os investimentos que realiza Zona Franca. O investimento faino a Zona Franca pero nós lle transferimos os cartos porque como temos tan ben a facenda

local tranferímoslle os cartos á Zona Franca que en cuestión de liquidez nos da como cinco ou seis voltas.

Logo está o tema do auditorio. A posición do noso grupo é ben coñecida, hai moi pouco tempo neste mesmo Pleno o noso voceiro, Sr. Domínguez, presentou unha moción que se aprobou por unanimidade na que se solicitaba a cesión gratuita dos terreos. Nos últimos días dimos un paso máis: un dos órganos do Congreso dos Deputados aprobou unha proposición non de Lei presentada por Olaia Fernández Davila, a nosa parlamentaria, solicitando a cesión gratuíta dos terreos. Indubidablemente haberá que xestionar politicamente ese acordo que nós propiciamos no Congreso dos Deputados pero que non queremos patrimonializar porque é un acordo a favor da cidade de Vigo, para que nesta cidade se faga o mesmo que se ten feito noutras cidades: que nos cedan os terreos gratuitamente.

Sra. Presidenta, xestione vostede esa proposición non de Lei. Agora xa non é nosa, xa non é de Olaia Fernández Davila, xa non é do BNG; é unha proposición non de Lei aprobada nun dos órganos do Congreso dos Deputados e polo tanto é da cidade de Vigo e correspóndelle a vostede xestionar politicamente esa proposición non de Lei e como xa lle dixemos nalgunha ocasión nesa xestión vai contar con nós coma sempre.

Toda xestión que serva para que os cartos de vigueses e viguesas non se enterren nalgo que deberamos obter gratuitamente porque é de xustiza, fágao, este Pleno se ten amosado por unanimidade na mesma dirección, contan agora vostedes cunha proposición non de Lei aprobada. Sra. Presidenta, ímonos con vostede un representante de cada grupo a Madrid, estou seguro de que o Sr. Soto nos acompañara e de que o Grupo Socialista, que tamén votou a favor nesta Corporación, tamén nos acompañará, está moralmente obrigado porque aquí votamos todos os corporativos e corporativas. O que pase logo no Congreso dos Deputados é xestión política dos deputados e deputadas pero o aquí votamos foi un acordo de representantes da cidade.

Tome vostede esa proposición non de Lei e marchamos todos a Madrid a reivindicar o que é noso e non gastamos o remanente de Tesourería que con tantas dificultades se foi construindo ó longo dos últimos anos e que agora mesmo permite pagar ben as facturas.

Polo tanto, se hai algunha prioridade que vostedes non tiveron en contra na aprobación do orzamento, modifiquen o seu orzamento. Se agora vostedes chegan á conclusión de que algo que tiñan previsto naquel orzamento non é conveniente e que é máis urxente e máis prioritario, porque gobernar é priorizar, calquera das outras actuacións que teñen agora no documento

enriba da mesa vaiamos modificar ese orzamento, o mesmo que vostedes aprobaron hai un mes. Vostedes mesmos digan que é o que quitan e que é o que poñen e o discutimos aquí.

SRA. GRAÑA BARCIA: Son demasiadas as razóns que nos impiden votar a favor desta proposta. Nesta ocasión a forma é o fondo, o como e o cando e sobre todo as consecuencias son determinantes.

O artigo 177 do Real decreto lexislativo polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais establece: "Cando haxa de se realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercizo seguinte e non exista no orzamento da Corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da Corporación ordeará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario no primeiro caso ou de suplemento de crédito no segundo".

O requisito é claro: gasto que non se poida demorar ata o seguinte, a norma contempla a excepcionalidade, urxencias motivadas e imprevistas porque para o ordinario xa está o orzamento.

Gastos que se poden estimar necesarios moitos, Sr. Guerra. Os que vostedes propoñen e moitos máis, en calquera momento do ano, con ou sen orzamento, con orzamento anual ou con orzamento prorrogado e dende logo algúns mesmo bastante máis apremiantes e necesarios para a mellora das condicións de vida do cidadán que os que aparecen na súa relación.

Só un gasto cumpriría o requisito de urxente e imprevisto: o destinado ó auditorio porque a resolución que cuantifica o importe da adquisición prodúcese con anterioridade á aprobación do orzamento e o avanzado estado de tramitación do expediente de concesión de obra e explotación e o que si é realmente urxente e indemorable por razóns de seguridade, como é o derrubo do edificio actual, si motivarían suficientemente unha modificación orzamentaria.

Falemos de gastos e demoras. Aprobaron o seu orzamento hai dous meses. ¿Por qué non eran gastos acuciantes, que non admitían demora hai dous meses? Cando aprobaron o orzamento, nese momento dicidiron que eran gastos que si admitían demora, comprobamos que ata esqueceron incluír débedas existentes. Hoxe realmente están presentando un novo orzamento, feito que amosa a súa ausencia de previsión no proceso de elaboración do orzamento que acaban de aprobar. Dificilmente se pode confiar en boas prácticas de xestión de quen se esquece incluír doce millóns de euros de investimento no seu orzamento.

Vostedes, Sres. do PP, romperon o proceso de negociación do orzamento con este grupo municipal porque non podían acceder á nosa proposta e sen embargo, milagreiramente, agora aparecen doce millóns de euros.

É máis, acaban de subscribir unha operación de endebedamento de 18 millóns de euros que se suma ó endebedamento existente. Cando menos é imprudente obrigar ó Concello a aumentar a súa débeda por moi boas que sexan as condicións financeiras do crédito cando, como queda demostrado coa presentación desta modificación orzamentaria, existe un remanente que nos permitiría mellorar a nosa situación económica e por tanto afrontar o orzamento do próximo ano en mellores condicións.

Con isto demóstrase que vostedes están moi lonxe de aplicar criterios sans ó manexo das contas públicas, ós cartos de todos os cidadáns.

Canto menos sorprende que se pasaran un ano en situación de prórroga orzamentaria case que sen formular modificacións e sen embargo este ano, cun orzamento aprobado, o goberno municipal presenta ós dous meses unha modificación de doce millóns de euros.

Acaban de presentar a información correspondente á execución orzamentaria do primeiro trimestre cuns índices de execución que canto menos poderíamos calificar de axustados e como exemplo da súa áxil xestión podemos mencionar que cunha aprobación de oferta pública de emprego do ano 2003 en outubro pasado aínda non se convocou a mesma e que cun orzamento aprobado do 2005 aínda non aprobaron a oferta de emprego público do ano 2005. Sen embargo con esta proposta atrévense a moito máis.

Sres. do PP, fixeron as cousas mal, o goberno municipal elaborou un orzamento esquecendo investimentos que agora declara indemorables. Enganou nun proceso de negociación manifestando incapacidade económica para acceder á proposta do Grupo Socialista e agora aparecen doce millóns e optou por incrementar o endebedamento en 18 millóns de euros en vez de amortizar débeda existente.

Non é posible obviar os seus erros porque só camiñan nunha dirección: provocar a curto ou medio prazo un posible desequilibrio financeiro do Concello. Remitímonos en concreto ó informe da Intervención que obra no expediente onde textualmente di: "Ós efectos de evitar un desequilibrio orzamentario negativo na liquidación dos orzamentos do ano 2005 por execución das citadas modificacións orzamentarias, deberanse adoptar as medidas oportunas para o cumprimento das previsións de ingresos aprobadas e fomento de novas liñas de recursos, todo isto encamiñado a unha liquidación de dereitos por riba das estimacións orzamentarias".

A modificación axústase a dereito pero trasvasan os límites da prudencia que garantíu ata o de agora o cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria. ¿Cómo fomentarán novas liñas de recursos? ¿Non remataremos o ano cun plan de saneamento?

Cando nos abstivemos no debate de orzamentos anticipámoslles que non existía un voto de confianza e que controlariamos a súa xestión. En dous meses xa obtiveron o primeiro suspenso: imprevisión, engano, mala xestión e sobre todo risco de desequilibrio financeiro a curto medio prazo do Concello impiden votar favorablemente as súas propostas irreponsables.

Pero si é certo e reiteramos que a proposta correspondente ó auditorio podería cumprir os requisitos que debe ter unha modificación orzamentaria e por tanto presentamos a seguinte alternativa: poden vostedes ou ben someter a unha votación onde exclusivamente se inclua a proposta relativa ó auditorio, onde anticipariamos o noso voto favorable, ou ben presentaremos neste acto unha moción urxente para que se vote nese mesmo sentido.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que istes son os debates interesantes para a cidadanía porque entramos no cerne da salsa política. Sr. Toba, o Sr. Guerra recoñeceu un traballo que fixo vostede durante anos. O que presentou o Sr. Guerra dos números e datos da liquidación orzamentaria son brillantes, o Sr. Guerra e o equipo de Goberno fixeron un magnífico traballo.

Eu a vostede coñezoo e digo que está utilizando toda a carga política, movendo tres ou catro datos e tenta de trasladar á opinión pública que é mellorable. Non, é a mellor liquidación orzamentaria e de execución orzamentaria da historia deste Concello e os datos que hai enriba da mesa creo que son incontestables.

Vostede falaba do perigo da facenda local, eu seguramente non son experto que si o é o Sr. Guerra e a máis brillante, con moitos coñecementos e formación, pero o mínimo imprescindible coñezoo perfectamente. Vostede tiña un remanente no ano 2003 de 28 millóns de euros, menos 11 que había que incorporar eran 17 millóns de euros; nós temos agora mesmo 39 millóns de euros; sete que temos que incorporar segundo os datos que da vostede máis a operación, once e pico, quedarían 22 millóns de euros, cinco máis dos que tiñan vostedes no 2003 polo tanto trasládolle á opinión pública que o Goberno do Partido Popular no peor dos casos deixaría cinco millóns máis de remanentes do que deixaron o BNG e o Partido Socialista cando deixaron a Alcaldía.

Polo tanto coido que a modificación de créditos non alteraría en ningún caso o coeficiente de endebedamento e dío o informe da interventora xeral e os datos son claros. O Goberno do Partido Popular no suposto de levar a cabo esta modificación de créditos deixaría cinco millóns máis de remanente de Tesourería que o que deixaron o BNG e o Partido Socialista no ano 2003.

Sr. Guerra, equipo do Goberno e técnicos de Intervención, noraboa porque isto é unha xestión brillante despois de ter investido doce millóns de euros. Esta era á primeira parte que lle quería respostar porque é clara e non mo vai discutir porque está aí, pode ser medio millón arriba ou abaixo pero en torno a cinco millóns de euros quedarían nas arcas municipais de remanente.

Dixo vostede tamén que a execución do orzamento é do 1,7%. ¿Cando se aprobou o orzamento? Vostede sabe que se montan os expedientes, contratación, exposición pública e é totalmente imposible nun mes e medio executar o capítulo de investimentos. Seguramente os cidadáns non o saben e pensarán que cómo agora pedimos doce millóns de euros máis se resulta que non executamos o orzamento que temos. Vostede tampouco di cántas débedas se pagaron dentro dese orzamento de gobernos anteriores porque no orzamento do ano 2005 hai débedas do goberno anterior polo tanto deses 20 millóns de euros seguramente máis da metade son de débedas e o resto de investimentos que temos que facer, vou deixalo no hipotético caso de que sexa o 50%. Vou explicalo así porque isto é o que querían saber os amigos do Sr. Guerra.

A segunda cuestión é priorizar. Claro que nós priorizamos o que queríamos meter no orzamento pero evidentemente vostede ten que entender que se a situación económica o permite Vigo necesita moitos investimentos que non se fixeron durante anos e que no ano 2004 non se puideron levar a cabo porque non había orzamento.

O único que tentamos de levar a cabo en canto a investimentos é recuperar o tempo perdido por non ter un orzamento. Se vostede me dixese que estes cartos eran para gasto corrente ó mellor me tiña que calar, pero cando son para investimentos que están enriba da mesa e que necesita toda a cidade, non é un novo orzamento, é unicamente unha cuestión de aplicar o sentido común.

Se temos unha situación económica boa e temos uns remanentes que podemos utilizar, ¿por qué non imos presentar coma iniciativa política obras importantes para esta cidade? Estou convencido que o seu discurso no mes de setembro sería ó revés, dirían qué Goberno máis incapacitado, tendo 30

millóns de euros de remanentes non fai investimentos na cidade coas demandas e necesidades que hai.

Iste non é un novo orzamento, son investimentos que se están adiantando porque os precisa a cidade.

Aquí tamén se falou de enganos e falla de rigor. Só hai que ler o informe da interventora: "A citada modificación de créditos non altera en ningún caso o coeficiente de endebedamento xa que o recurso que o financia non computa ós efectos do previsto no artigo... En consecuencia co anterior o expediente axústase a dereito tanto no inicio de tramitación como na motivación e recursos que o financian, existindo remanente líquido de Tesourería para gastos xerais dispoñibles para financiar a modificación de orzamentos núm. 18/2005 por un importe de 11.699.000 euros cuxa aplicación e desglose figura na Resolución da Alcaldía Presidenta do 15 de abril".

Polo tanto todo o rigor técnico e todo o formulamento e boa vontade política.

Dinlle intencionadamente toda a relación das obras da modificación de crédito, vostede xa me coñece e fíxeno para que cando remate este Pleno a eses veciños que piden obras explicarlles que nós temos a vontade do facer, temos cartos, a situación económica pode ser boa nesta cidade pero que os grupos do BNG e o Partido Socialista non o queren votar. Adiántolle xa que a eses veciños remitirémoslles unha carta da Acaldesa co acordo Plenario para lles dicir que non podemos investir en Alcabre, en Barreiro, en Bouzas, en Teis, que non se pode facer o da Travesía de Vigo, no Parque de Castrelos, que o Bernardo Alfageme se irá a pique porque non hai cartos para o facer e cando isto pase nós dirémoslles que votaron en contra desta modificación de créditos.

Evidentemente que iso é política pero xa lle adianto que imos coa cara por diante do que imos facer e a ver cales deses investimentos son innecesarios. Seguramente das corenta relacións de obras que hai aquí poderíamos cuestionar dúas ou tres pero das demais non hai cuestión de ningún tipo.

Se se fala do Rectorado, chamaremos ó Rector ó rematar, supoño que xa se enterará e dirémoslle que se quede co Rectorado. Será unha oportunidade que perderemos, abandonarase o edificio, quedará aí, entraremos nun contencioso coa Universidade e a parte de atrás a venderán a un privado que seguramente mercaráa a bo prezo, fará oficinas e dentro duns anos depenaremos dicindo cómo un edificio céntrico, a carón doutro municipal, non se pode aproveitar para facer instalacións cando chegue a Área Metropolitana, a Axencia de

Pesca ou outras posibilidades que haxa. E ó presidente da Deputación lle diremos que busque outro edificio porque ten toda a vontade política, por unha vez hai un presidente que quere investir nesta cidade e nós non podemos porque non temos os votos suficientes para poder habilitar outras instalacións na nosa cidade e a Deputación seguirá en Pontevedra e perderemos unha oportunidade histórica de ter unha delegación nesta cidade, cousa que sempre reclamamos e non poderemos levalo a cabo.

Isa é a política, Sr. Toba e Sra. Graña, os demais contos demagóxicos que seguramente en discusións técnicas vostede poderá argumentar o que queira pero o único que hoxe imos facer aquí é non poder aprobar 12 millóns de euros que irían para investimentos na nosa cidade.

Supoño que vostede coincidirá comigo en que a praza do pavillón do Berbés haberá que arranxala igual, ó mellor por urxencia porque cae abaixo. O Sr. Iglesias sabe que hai algún informe por aí onde se fala do perigo que ten. O muro de Castrelos igual. Ocorrerá que como vostede sabe se farán algunhas obras sobre a marcha e chegaremos ó 2005 e dirase que o Concello de Vigo ten de débedas cinco ou seis millóns de euros. Voltamos outra vez á historia de sempre, deixando débedas para outros gobernos e outras Corporacións. Xa llo adianto porque cando me diga que deixamos cinco ou seis millóns de débedas voulle quitar a acta. Sr. secretario quero que conste en acta o que digo.

Sr. Toba, isto é política municipal pura e dura e o demais son contos e ganas de facer liorta. Quixen facerlle a exposición deste xeito para que os cidadáns se dean de conta de porqué chegan as débedas, porqué non se pagan, porqué habendo cartos non se fan investimentos e ó final Vigo quedará á cola e perderemos outros dous ou tres anos de posibles investimentos.

Coido que vostede foi un defensor claro de Barreiro e por iso o felicito. Temos aquí preto de 900.000 euros para a urbanización de Barreiro e isa era unha das demandas que vostedes presentaban no seu programa electoral. Estou convencido que excepto tres ou catro proxectos, se quito o programa electoral de calquera de vostedes, todos poderíamos ratificar todos os acordos que nós pretendemos tomar hoxe aquí e mesmo vou facer ese traballo porque é bonito.

Vou coller o programa electoral do Partido Socialista e máis do BNG e ver as propostas que vostedes facían para as eleccións; estou convencido que moitos destes temas estarían recollidos e agora négannos esa oportunidade. Evidentemente están no seu dereito, teñen os votos pero nós tamén temos a

obriga de que se temos unha situación económica boa, facer propostas e programas políticos e iste é un dos que queremos facer.

Ó Partido Socialista agradecerlle que alomenos un proxecto importante para esta cidade se poida levar a cabo, ó final o importante é facer cidade e á marxe das dificultades que tivemos durante estes últimos meses co pagamento desa parcela, agradecemos a iniciativa que van ter de apoiar este tema porque o auditorio si que urxe, é unha obra importante e témola que levar a cabo. Do mal o menos, se nos votan iso ben e se votan algo máis tamén llo agradeceríamos.

En canto ó que propoñía o Sr. Soto sobre o chalet Agarimo, dime o compañeiro Sr. Comesaña que se están a facer as negociacións coa Xunta Parroquial, hai algunhas dificultades técnicas pero imos tentar resolvelas porque se se voltan trasladar as pedras dun lado para outro poderíamos ter problemas. Temos a vontade de poder buscar a negociación con Beade para resolver este tema. Reunirémonos con vostede, co Sr. Comesaña e con representantes de Beade para ver que decisión tomamos a este respecto.

En canto ó muro da Madroa dime o Sr. Iglesias que xa está o proxecto e que xa o vai executar dentro do orzamento do ano en vigor e por tanto ese compromiso aceptámolo.

SR. SOTO FERREIRO: Teño sorte, pedínlles dúas cousas e xa as ían facer, as tiñan feitas ou no camiño das facer co que lles saíu gratis. É igual, eu tamén lles ía votar a favor aínda que dixeran que non polo tanto fagan de conta que non lles pedín nada.

Sr. Figueroa vostede dixo unha cousa que é absolutamente incerta. Dixo que esta é a mellor liquidación da historia deste Concello e iso non é certo, xa dixen noutra ocasión que iso era falso e non o digo por nada persoal senón polo Sr. Baños, por José Antonio Sánchez, polo Sr. Príncipe que foi concelleiro de Facenda, aínda que pasaron moitas augas baixo as pontes logo. Houbo xentes que estabamos nun goberno e algunhas que hoxe estamos aquí sentados en partidos diferentes e fixemos xestións diferentes.

Por certo, tiñamos un goberno en minoría, sempre gobernamos en minoría, pero tamén lle digo que estas cousas faciámolas doutro xeito, non confiabamos soamente na responsabilidade dos demais que é o que parecen facer vostedes cando sacan este tema dos remanentes.

Vostede, se me permite a expresión, acaba de "asomar a patiaña por baixo da porta" cando di que vai dicir ós veciños que nós imposibilitamos facer isto co cal, perdoen que llo diga ós tres grupos municipais, están facendo

política abstracta que é a que non resolve problemas, senón que serve para guerrear uns políticos con outros pero non para resolver problemas e os tres grupos está a facer o mesmo.

Vostedes teñen unha posición de dicir que como non lles votan, van gañar igual porque van dicirlles ós veciños que non puideron facer nada por culpa dos outros. Se chega ser iso sinxelamente o que presentan vostedes, eu votaría en contra porque eu non acepto ese tipo de argumentacións.

Eu voto porque obxectivamente algunhas destas cousas en xeral parécenme boas. Por certo, ¿só é o auditorio o que paga a pena votar? Comprendo que lle queiran sacar as castañas do lume ó Goberno do Estado do Partido Socialista que é o que vostedes fan dicidindo isto. Eu estaría máis de acordo coa exposición do Sr. Toba nese tema, habería que xestionar ata as últimas consecuencias.

Sr. Toba, poderíame preguntar entón porqué non actuo consecuentemente e voto a favor disto; porque prefiro ter a solución na recámara a non a ter porque, despois das manifestacións do Partido Socialista, despois de perder a votación que reclamou con razón porque foi a iniciativa dunha boa amiga, a Sra. Olaia Fernández, que tiña razón obxectiva de ser en moitos sentidos e por iso votaron todos os grupos do arco parlamentario agás o Partido Socialista e o Partido Socialista de Vigo, que votou aquí a favor, xoga a dicir que isto é o único necesario para lle quitar as castañas do lume ós outros, o xogo é bastante claro.

O BNG ten que xustificar porqué dicían que non ós orzamentos e seguen nesa liña orzamentaria; o PP din que fan isto pero que non poden porque os outros son malos e non os deixan e o Partido Socialista fai unha emenda para arranxar o de auditorio e que non quede moi mal o Estado porque senón se vería moito na foto.

En canto ó do Bernardo Alfageme, ¿iso non é urxente nin extraordinario? ¿se se afunde quen paga os vinte millóns que me está a dicir o Sr. Alonso? Por certo, que ten traballado nese tema que ninguén lembra. Nós facemos as cousas de boa fe tentando axudar sempre que podemos. Se se afunde o Bernardo Alfageme custa vinte millóns de pesetas levantalo do mar e é propiedade do Concello.

Mesmo recollendo o seu criterio, Sra. Graña, que é tan estricto que non lembro que ningún concelleiro de Facenda o tivera empregado para medir en qué se pode gastar e en qué non, en que se poden facer modificacións e en qué non. Pero mesmo co seu argumento, acabo de lle poñer un pero aquí hai

máis exemplos de cousas que se poderían estimar como realmente urxentes e merecentes das abordar.

Os tres grupos poden seguir a xogar ós raquetazos políticos abstractos, mirando quen sae na foto.

Sres. do Partido Popular, vostedes cometeron unha imprudencia política grave, ás veces para quitar as cousas en minoría hai que saber acompañarse ós tempos políticos e a algunhas cousas máis. Se vostedes sacan este tema no momento procesal político no que estamos, pois xa era optimista pensar que llo ían aprobar os demais xogando como xogan habitualmente.

Ó mellor ¿poderíase aprobar un tema coma iste se fose no mes de xullo? Recoñezan politicamente que tería máis posibilidades que agora. Así como teño criticado moito a actuación orzamentaria do pasado do Partido Socialista, teño loubado a que fixeron este ano: deron unha medida de responsabilidade evidente, por suposto na nosa opinión que andamos nese tipo de pensamento, permitíndolles gobernar ó se abster.

Aquí en política de dereitos quedamos cada vez menos, nós imos seguir actuando igual, con campaña ou non, pero non é fácil. Vostedes entraron nunha proposición política que non está no tempo que debería estar.

En todo caso lamento que por culpa de todos realmente unha serie de cousas que se poderían facer en Vigo queden sen facer porque ó mellor vostedes terían que, primeiro elixir o tempo político e logo ter máis capacidade de diálogo para tentar ver o que se podería facer entre todos antes que escoller cómo festexo ou como lle boto en cara ós demais o poder facer ou non cousas unilateralmente sen máis.

Tampouco lle vexo a xenerosidade política de pensar obxectivamente no ben dos vigueses e vaguesas e ver qué se pode facer.

Eu dixen ó principio da miña intervención que ó mellor, con absoluta lexitimidade aínda que o que aquí se propón son cousas razoables, hai quen con parecidos criterios podería propoñer outras cousas. Non propoñer ningunha e xugar á contra politicamente iso é o máis fácil do mundo pero non axuda a facer cidade.

SR. TOBA GIRÓN: Non vou falar da intervención do Sr. Figueroa pero é evidente que unha operación contra remanente líquido de Tesourería non sería endebedamento, ata aí poderíamos chegar, sería para se botar a tremer.

No que si estou de acordo co Sr. Figueroa e no que foi absolutamente rotundo foi coa descrición de iniciativa política. Vostedes non executan

orçamento pero o que si van facer é falar moito de moitas obras e como estamos a un tiro de pedra das eleccións autonómicas hai cousas que se ven ben evidentes. Hai que se lanzar á campaña electoral, hai que poñer enriba da mesa o que non se puxo no debate orzamentario e hai que se sacar da manga algo e isto é o que se saca: 12 millóns de euros contra o remanente líquido de Tesourería.

Modifiquen o seu orzamento, modifiquen a súa relación de prioridades pero iso non, quizas porque non teñen ningunha á vista da execución, pero non o fan. A máis aquí do que se trata é de facer campaña contra a facenda local que é a que paga, paga o traballo desenvolvido durante os últimos anos que corre risco.

Eu non teño por costume citar informes de ningún técnico e vostede sábeo, non o fago nunca no debate político porque para min os técnicos deben estar fóra deste debate e dende logo nunca serei eu quen os embarulle. Hai que saber ler o único informe que acompaña ó expediente e ese informe expón o que é evidente cando un vai a unha operación deste tipo e é que se pon en xogo a situación de déficit para o 2005 en función de cómo se executen os ingresos, ninguén pode expoñer outra cousa, calquera persoa que ten experiencia sabe que se está a poñer en risco o déficit do 2005. É o que está escrito.

Sinceiramente, non se precisaba que se escribira con tanta rotundidade pero así está feito; a vostedes iso non lles importa. O que lles importa é que imos á campaña electoral e que queren falar de moitas cousas que por outra parte non executan.

Vostedes van á campaña electoral cun orzamento aprobado neste Pleno. Se o necesitan modifíqueno de acordo con este Pleno e cos grupos que no seu momento lles deron o seu apoio.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Soto, a vostede pasoulle coma nos, as eleccións colleron co pé cambiado porque este proxecto de modificación de crédito tiñámolo preparado moito antes e non sabiamos cando ían ser as eleccións, pasa que se nos adiantou.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Quero que conste en acta que se o Bernardo Alfageme se vai a pique, como así vai ser, ó Concello de Vigo vaille custar entre 15 e 20 millóns telo que levantar, é obrigatorio.

SR. FIGUEROA VILA: Nós pediríamos a colaboración dalgún grupo neste tema porque coido que é un tema puntual necesario, ou o facemos ou podemos ter dificultades.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, o recoñecemento ó Sr. Alonso no relativo a este tema coido que o fixen público en varias ocasións; unha vez máis o meu recoñecemento ó seu traballo.

SRA. GRAÑA BARCIA: Respecto ó Bernardo Alfageme en primeiro lugar lembrarlles que non estamos a falar dunha situación nova, a situación era exactamente a mesma hai dous meses, catro ou seis. En todo caso presenten vostedes un expediente específico e xustificado respecto á suposta necesidade dunha modificación en relación con ese gasto, estudiarémolo, valorarémolo e no seu caso negócienlo.

A PRESIDENCIA: Votamos todo excepto o relativo ó Bernardo Alfageme e Auditorio.

SRA. GRAÑA BARCIA: No relativo ó Bernardo Alfageme o que solicitamos é que se retire pero para a presentación dun novo expediente.

A PRESIDENCIA: Xa sei pero o resto dos grupos tamén teñen que opinar e nós queremos poñelo a votación para ver se somos quen do quitar adiante.

A Alcaldía-Presidencia, en virtude das intervencións producidas durante o curso do debate polos concelleiros Sra. Graña Barcia e Sr. Alonso Vázquez, propón a votación da súa proposta nos seguintes termos:

VOTACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PROPOSTA POLA ALCALDÍA EN DATA 15 DE ABRIL, EXCEPTUANDO AS PARTIDAS RELATIVAS Á RECUPERACIÓN DO "BERNARDO ALFAGEME" E "AUDITORIO":

Con doce votos en a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, e quince votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez

Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Rexeitar a proposta da Alcaldía de data 15 de abril co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo, excepto no que se refire ás partidas 4531.2140000 "Recuperación do Bernardo Alfageme", por importe de 275.000 euros e 4510.6000000 "Auditorio", por importe de 1.556.779,03 euros.

VOTACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, CRÉDITO EXTRAORDINARIO, PARA A PARTIDA 4531.2140000 RECUPERACIÓN DO "BERNARDO ALFAGEME":

Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e oito votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria, crédito extraordinario, por importe de 275.000,00 euros, para a partida orzamentaria 4531.2140000 "Recuperación do Bernardo Alfageme", financiada con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais (87000), procedente da liquidación orzamentaria correspondente ó exercicio 2004.

Segundo.- Proceder á publicación do presente acordo no BOP, ó obxecto de que durante os quince días hábiles seguintes á súa publicación os interesados examinen o expediente e presenten, no seu caso, as reclamacións que consideren convenientes.

Terceiro.- Entender definitivamente aprobada a modificación de crédito no suposto de que durante o prazo citado non se presentaran reclamacións, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP.

VOTACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, CRÉDITO EXTRAORDINARIO, PARA A PARTIDA 4510.6000000 "AUDITORIO":

ACÓRDASE:

Con vinte votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto

Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso,

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria, crédito extraordinario, por importe de 1.556.779,03 euros, para a partida orzamentaria 4510.6000000 "Auditorio", financiada con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais (87000), procedente da liquidación orzamentaria correspondente ó exercicio 2004.

Segundo.- Proceder á publicación do presente acordo no BOP, ó obxecto de que durante os quince días hábiles seguintes á súa publicación os interesados examinen o expediente e presente, no seu caso, as reclamacións que consideren convenientes.

Terceiro.- Entender definitivamente aprobada a modificación de crédito no suposto de que durante o prazo citado non se presentaran, reclamacións entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP.

10.- (89).- RATIFICACIÓN DA NOVA CARTA DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIDADES EDUCADORAS (AICE).

ANTECEDENTES.- Con data 29 de marzo de 2005, ó técnico do IME, Sr. Vázquez Iglesias, coa conformidade do concelleiro delegado de Asuntos Sociais, emite o seguinte informe:

"A adhesión do Concello de Vigo á "ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIDADES EDUCADORAS"(AICE) acordouse unanimemente na sesión plenaria da Corporación do 4 de maio de 1993. Entón subscribiuse a carta inicial de cidades educadoras na que se recollían os principios básicos para impulsar a capacidade educadora das cidades, segundo a declaración de Barcelona de 1990.

O Concello de Vigo ven tendo unha participación activa na AICE: presentando as súas intervencións e iniciativas didácticas en distintos congresos internacionais, no banco internacional de programas e experiencias (BIDCE) e sendo unha das cidades pioneiras na creación da "Rede Española de Cidades Educadoras" (RECE) e, ao mesmo tempo, aprendendo durante todo este tempo das iniciativas e programas promovidos por outras cidades.

Na asemblea xeral da AICE realizada en Xénova, o día 17 de novembro do 2004, actualizouse a carta de cidades educadoras. Era necesario adecualá á

realidade na que viven inmersas as cidades hoxe en día, adaptala aos novos retos e necesidades sociais.

Pero existe un desexo expreso, nacido da valoración da experiencia destes anos de traballo común, de que esta anovación pretende manter o espírito da carta inicial: ampliáse o preámbulo, reorganizáanse os principios en torno a tres grandes apartados,

- O dereito á cidade educadora
- O compromiso da cidade
- O servizo integral ás persoas

Incorpóranse novos temas, como a formación ao longo da vida, a accesibilidade das persoas con dependencia aos espazos públicos, o acceso e formación nas tecnoloxías da información e comunicación, o diálogo intercultural, o desenvolvemento sostido, entre outras.

Con esta actualización da carta de cidades educadoras preténdese aportar un marco de actuación útil e acorde cos tempos no eido da educación. Ratificala supón renovar o compromiso de incorporación dos principios que nela se recollen ao proxecto político de cidade, para promover unha cidade máis grata, humana e consciente da responsabilidade de educar para un futuro mellor, en hirmadade con outras cidades do mundo."

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 18 de bril, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Que deixáramos isto de lado paréceme que é un exemplo máis do paso atrás que na preocupación educadora hai neste Concello de certo tempo a esta parte. O que estamos a votar agora é algo que parte do ano 93, tiven a honra do propoñer no seu momento como concelleiro de Educación ó Pleno da Corporación naquel intre e non podía deixar pasar que isto non se tratara aínda que fose minimamente.

Trátase neste caso de anovar o compromiso permanente que ten que ter calquera Corporación coa formación dos seus cidadáns. Xa se fixo no congreso de Bolonia no ano 94, ó que por certo tiven a honra de asistir, e faise agora coma consecuencia dun congreso en Génova no que non houbo representación deste Concello. Tampouco a houbo no congreso de Lisboa no ano 2002 pero en todo caso coido que compre salientar que non estamos ante un tema menor, xa sei que non é o dos cartos, non é o que redunde en moito voto electoral pero o municipalismo desta cidade ten moita historia no tema da preocupación polo feito educativo e coido que sería un gran atraso que

non o tocamos polo menos brevemente e ademais poñelo en relación coa situación actual.

Sendo moi breve quixera salientar que o de cidade educadora abrangue absolutamente a todo, mesmo ata o urbanismo. Recomendaría a todos os concelleiros e ó público que poida ter a carta de cidades educadoras que lea por exemplo o principio número 8 que ten que ver co compromiso da cidade, no que se fai referencia á planificación urbana e moitas das cousas que están a ser importante obxecto de debate na actual Corporación.

Por non entrar no que serían cuestións moi xerais pero que abranguerían a todo, quixera facer referencia ó fío do debate anterior que si que hai algo que forma xa historia, non só deste Concello senón que de moitos outros, como é o tema do uso e promoción da cidade como recurso didáctico que é algo que obriga realmente a pertencer a esta asociación internacional de Cidades Educadoras ou a temas como potenciar a educación en valores cun compromiso por parte dos Concellos a ese respecto.

Se digo que é ó fío do debate anterior é porque en outubro de 2003, por exemplo, cando eu exercía de concelleiro de Educación, aínda que a miña preocupación fundamental naquel intre era o tráfico e a seguridade, se tomaron resolucións en base a algo que son os programas educativos que tiñan xa historia nesta cidade, resolucións que por exemplo ían na dirección apuntada por estes dous puntos que comento: os programas que se seleccionaron en base ó concurso de ideas de aprender a convivir, nestes intres nos que a comunidade educativa está tan preocupada por estes temas, un programa educativo que xa ten unha historia tamén neste Concello e outros como a prevención da violencia de xénero e educación sexual, por exemplo, programas que falan da educación en valores, que defenden a integración, a convivencia, a solidariedade e curiosamente estes programas, que estaban seleccionados en outubro do 2003, son tirados para atrás por parte do novo concelleiro de Asuntos Sociais, que non de Educación, e modifícase no mes de marzo de 2004 quedándonos por exemplo sen eses programas ou ben tamén modificando a realización dunhas xornadas importantes para potenciar o programa "Vigo por dentro" que é o exemplo típico de utilización da cidade como recurso didáctico.

Faciámolo por unha razón moi sinxela, porque o programa Vigo por dentro, tamén con moita historia nesta cidade, non ten hoxe documentación, monografías, non ten nada que permita que o seu rendemento sexa óptimo. Limitase a coller ós rapaces en autobús, facer unhas visitas, cunha

elaboración previa e un debate posterior nas aulas pero non hai ningún tipo de documentación a ese respecto. Iso tamén anulouse en marzo de 2004.

Podemos referirnos ó orzamento deste ano, acabamos de debater este tema e atopámonos que o propio concurso de ideas e proxectos apróbase, para que existan programas educativos para debater durante o presente curso escolar na Xunta Local de Goberno do mes de novembro de 2004 e non hai ningún tipo de resolución, non hai programas educativos a ese respecto. Por tanto no curso que rematará no próximo mes de xuño non hai unha serie de programas educativos que permite o actual orzamento municipal.

Ó fío do debate que tivemos anteriormente é un exemplo dun certo esquecemento destes temas que fai que o que hoxe nos veña a aprobación a Carta de Cidades Educadoras sexa un feito ampuloso que soará moi ben para a foto ou para o titular do periódico pero dende logo non ten unha manifestación concreta na política educativa, xa non digo do día a día senón da que abrangue a todo un curso escolar que de novo está baleiro deste compromiso que hoxe seguro imos aprobar formalmente.

Quedarán moi ben, seguimos incluíndonos nesta Asociación Internacional de Cidades Educadoras mentres na práctica do día a día a estamos abandonando e sendo plenamente conscientes de que incumprimos esta Carta de Cidades Educadoras.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Coido que o concelleiro non leu a Carta de Cidades Educadoras. A Carta aprobouse en Génova en novembro de 2004 coa finalidade de adaptala ás novas necesidades, ás realidades que viven as cidades hoxendía, ós novos retos que teñen en materia social. Así modifícase o contido da carta educadora ampliando o preámbulo e tres grandes apartados e divide ó contido que é o dereito á Cidade Educadora, o compromiso das cidades ó servizo integral das persoas.

Incorpóranse novos temas que son a formación ó longo da vida, a accesibilidade das persoas con deficiencias a espazos públicos, ó acceso á formación das novas tecnoloxías de información e intercomunicación, ó diálogo intercultural e o desenvolvemento sostido, entre outros.

Todo o demais que dixo penso que non é certo. O tema de "Vigo por dentro" do que se falou bastante tempo, é un programa que leva xa bastantes anos. Este programa era tan curioso que se coñecían cidades e vilas de fóra de Vigo que non eran Vigo, eran excursión que se organizaban para fóra da cidade e que restrinximos bastante esas visitas coa finalidade de que o

obxectivo do programa fose Vigo por dentro e non Vigo por fóra porque era así ata que eu asumín as responsabilidades de concelleiro de Educación.

Sobre guías didácticas é certo que elaboramos algunhas que non existían, por exemplo a guía didáctica do Verbum a teñen os que o visitan que, por certo, o museo Verbum non estaba incluído cando o Sr. Calviño era concelleiro de Educación e os nenos non podían visitar dentro do programa Vigo por dentro este museo.

Tampouco existía a guía do museo Quiñones de León; hoxe xa está elaborada; da exposición de Goya tamén se elaborou unha guía didáctica. No último concurso que se adxudicou xa hai un par de semanas vense elaborar as guías didácticas do Marco e doutros museos da nosa cidade, por tanto coido que estamos cubrindo unha deficiencia que existía no programa de educación.

Respecto a outras cousas que se dixeron que non son certas, como por exemplo, no ano 2003 tiña que ter adxudicado vostede o concurso de ideas, non tiña que adxudicar eu nada, tiña que estar xa adxudicado. O que pasa é que se adxudicou parte do programa Vigo por dentro e o demais se deixou sen adxudicar e tivemos que adxudicar nós no ano 2004. Do programa que fala "Aprender a convivir", non se adxudicou porque non se presentara e hai que ter en conta que se vostede quixera telo adxudicado tiña a posibilidade de solicitar que se presentara nese ano; mellor dito, presentárase pero vostede non o elixiu e nós eliximos sobre todo o dirixido ós nenos e á elaboración de guías didácticas da nosa cidade que era o que non existía dentro da programación de visitas educativas.

Tamén hai que ter en conta que como este ano xa se adxudicou o programa "Vigo por Dentro", tiña catro apartados que eran Vigo, Cidade Educadora, Vigo, formación de guías didácticas e, mesmo cumprindo unha moción penso que do BNG sobre a educación integral de xéneros, adxudícase tamén un programa relativo a ese tema.

Hai que ter en conta, por tanto, que aquí se está a cumprir para que o programa Vigo por dentro siga adiante e se están a elaborar programas educativos. Por exemplo o programa "Aprender a convivir" este ano non se adxudica porque non se presentou a concurso e por tanto non se pode adxudicar porque é necesario que exista transparencia e por tanto concurso público para a adxudicación dos programas. De todos os xeitos os programas educativos están adxudicados e non imos esperar ó último de ano para os adxudicar como fixo vostede cando era concelleiro de Educación e ademais non adxudicou todos.

A execución do programa de Educación non é só a execución dos programas educativos. Só lle quero lembrar que a outra vez que falou deste tema, a pesar de todo, das dificultades, o problema do que fala da educación na sociedade, que non existe ou si existe pero dende esta concellería estamos a facer todo o necesario e mentres vostede era concelleiro de Educación atrasou o seu inicio e deixou sen clase a dúas mil persoas.

O ano pasado, a pesar de que somos poucos como vostede dixo e non tiñamos tempo, a Escola de Artes e Oficios empezou no mes correcto porque convocamos ó Padroado no tempo correspondente.

Pode que non esteamos de acordo nos programas e que uns preferan uns ou outros pero iso é gobernar e, por certo, todos os programas educativos que se elixiron foron con acordo de todos os representantes da Mesa de directores; este ano mesmo engadimos un director máis de tal xeito que o Goberno tiña ó concelleiro responsable e ó técnico municipal e tres profesores directores de centros educativos, por tanto eses programas acéptaos a comunidade educativa a través deses directores. Engadimos un máis para que fose aínda maior a presenza dos directores dos centros.

Os programas educativos están aceptados polos representantes da Mesa de Directores e por tanto se adxudican entre os que se elixen; ademais vanse executar e cumprir como vostede non fixo durante o seu tempo e quero lembrarlle outra vez o tema da Escola de Artes e Oficios que se retrasou o seu inicio por non convocar ó Padroado.

SR. CALVIÑO RODRIGUEZ: ¿Está adxudicado de verdade o concurso de ideas e proxectos? ¿están en marcha e aprobados en Xunta Local de Goberno? ¿están funcionando nalgún centro? Comprobarémolo pero non están.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Se quere lle mando a relación das visitas ó Verbum dentro do programa "Vigo por dentro".

SR. CALVIÑO RODRIGUEZ: ¿En qué cabeza cabe que os estudantes e os escolares de Vigo non podan visitar o Verbum, estean dentro do programa "Vigo por dentro" ou non? ¿a qué ven poñer ese argumento tan ridículo? Non estaba por unha cuestión formal no seu momento e punto.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pois se é unha cuestión formal arránxeo. Sinxelamente os nenos visitaban o Verbum pagando o autobús para ir alí;

hoxe poden facelo dentro de programas educativos. Era un arranxo formal pero nós o fixemos, vostede non.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira, Figueroa Vila, Ruiz Cenicerós e Toba Girón e a Sra Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Ratificar o compromiso de incorporación á actuación política da Corporación Municipal de Vigo dos principios que se recollen na CARTA DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIDADES EDUCADORAS (AICE), segundo a proposta, que se refrendou polo devandito organismo na asemblea xeral de Xénova do 17 de novembro do 2004, coa que se pretende facer fronte aos novos retos da convivencia urbana, para promover unha cidade máis grata, humana e consciente da responsabilidade de educar para un futuro mellor, en hirmandade coas cidades do mundo que a subscriben.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Imos empezar tratando coma primeira moción o punto 19 da orde do día por razóns persoais do concelleiro que se ten que ausentar.

19.- (98).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO A QUE DENTRO DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DA TRAVESÍA DE VIGO SE INCLÚA O SOTERRAMENTO DE CONTEDORES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"A Xunta de Goberno Local, en sesión do 7 de marzo de 2005, aprobou o proxecto de remodelación de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo.

O proxecto aprobado contempla a previsión de espazos para o emprazamento de contedores de residuos na superficie existente entre a calzada e a beirarrúa.

A colocación e permanencia continua dos contedores na rúa dificulta o tránsito de peóns, xera focos de suciedade e deteriora a imaxe urbana.

A execución deste proxecto, como ocorreu con anterioridade noutros, sen adoptar medidas alternativas respecto á instalación de contedores supón a perda da oportunidade de mellorar de maneira integral a imaxe da Travesía de Vigo.

Por iso, estimamos que deberá contemplarse o soterramento dos contedores en todo o ámbito do proxecto de mellora da Travesía de Vigo, executando o convenio suscrito coa Xunta de Galicia que permite o financiamento desta actuación e que ata a actualidade só se leva executado parcialmente.

Polo exposto presentamos para a súa aprobación no Pleno da Corporación a seguinte moción:

Que por parte do Goberno Municipal se contemple no proxecto de mellora da Travesía de Vigo o soterramento dos contedores de residuos, aplicando o convenio suscrito coa Xunta de Galicia, previsto para o financiamento de actuacións destas características e só parcialmente executado."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 18 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. BARRROS PUENTE: Sra. Presidenta e Sres. concelleiros, moi agradecido por ter permitido esta alteración da orde do día para poder tratar primeiro esta moción.

É unha cuestión sinxela, trátase de aproveitar o feito de remodelar a Travesía de Vigo para que non teñamos doutra volta os problemas que se presentan co tratamento dalgunhas rúas onde se fai un importante traballo de remodelación pero logo o voluminoso contedor para residuos sólidos urbanos desluce considerablemente esta obra.

Puidemos advertilo no Calvario onde era un terrible problema colocar nalguns lugares os contedores porque son moi difíciles de ocultar polo seu propio volume.

Como nalgún momento creo lembrar que este Concello tivo un convenio coa Xunta de Galicia para o tema do soterramento de contedores e ese convenio este ano non se anovou ou non se fixo, pareceríanos moi importante que se aproveitase a coincidencia porque como sabemos que Travesía de Vigo é unha rúa emblemática do que realmente se debe evitar na cidade, para o soterramento deses contedores.

SR. IGLESIAS CARRERA: Existe un convenio e está en vigor e executándose. Definía catorce illas soterradas pero non o lugar onde poñelas. Dende o ano

2001 existía a petición de poñer as beirarrúas na Travesía de Vigo, coma vostede ben coñece, e ningún fixo dende ese ano ese proxecto. Non me quero poñer medallas pero se fixo o proxecto, está en expediente de contratación, pronto adxudicárase e chegarase ó momento de lle dicir á Consellería de Medio Ambiente se se poden poñer alí porque ás veces hai problemas técnicos que o impiden facer.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Puente e Ruiz Ceniceros e a Sra. Martíns Vilanova).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, instando a que dentro do proxecto de remodelación da Travesía de Vigo se inclua o soterramento de contedores, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (90).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO O ESTABLECEMENTO DUN PLAN PROGRESIVO DE ACOLLIDA DE NENOS SAHARAUIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril, o voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Todos os veráns son acollidos en Concellos europeos nenos que viven nos campamentos saharauís. Son nenos que viven cunha precariedade extraordinaria, cousa que puiden comprobar persoalmente, polo que cando veñen a Europa atópanse cun mundo pra eles moitísimo máis ilusionante e diferente (só ven o deserto no que viven), ca se un neno europeo o levasen a Disneylandia, pra que se me entenda co exemplo. Eses nenos merecen que lles axudemos a ter ilusións.

Iso por non lembrar o lamentábel que España fixo coa descolonización do Sáhara que tivemos colonizado, o que nos confire a todos algún tipo de responsabilidade.

O ano pasado tiñamos acordado nunha Xunta de Voceiros que acolleríamos a un número máis razoable dos que se estaban acollendo. Díxose que se farían aumentos progresivos, polo que se acollerían 8 nenos. Logo soamente se acolleron 5. ¡En Vigo!

Hai familias viguesas abondo pra teren ós nenos nas súas casas. Só falla o Concello de Vigo, que non sufraga os gastos das pasaxes, como fan os demais Concellos. Acompaño a lista do número de nenos que acollen noutros Concellos de Galicia, pra ver se o goberno municipal lle da algunha vergonza...

Consonte co antedito propoñemos:

Que o Goberno Municipal estableza un plan progresivo e permanente de acollida de nenos saharauís ata que alcancemos cotas equiparábeis a outros Concellos galegos. Consonte co anterior, este ano o Concello de Vigo acollería dez nenos saharauís."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 18 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Facemos unha moción que como poderán ver é absolutamente prudente. En primeiro lugar pedimos que o Concello recupere en parte, porque tampouco queremos estragar agora mesmo o funcionamento do seu programa sectorial de Benestar Social, pero no ano 2000 o Concello dentro deste programa sufragaba a vida de seis nenos; no ano 2001 cinco Benestar Social e dez Cooperación Internacional, total quince; no ano 2002 catorce, catro e dez; no ano 2003 catro e dez. Por certo, estes dous últimos anos non se lle pagaron aínda as subvencións. Por último no ano 2004, 5'8 que é unha cantidade que daba para iso.

Acompaño un escrito no que se di que por exemplo a cidade de A Coruña sufraga a vida de 14 nenos, As Pontes 7, Cee 9, Gondomar 5, Lugo 9, Moaña 8, Narón 11, Oleiros 9, Ourense 28, Pontearreas 21, Porriño 21, Redondela 17, Santa Comba 8, Santiago 15, Taboada 11, Tui ou Vilagarcía 8. Falo de Concellos indiscriminadamente e por lles dicir algúns exemplos.

Estamos moi atrás que o resto dos Concellos de Galicia neste programa de Benestar Social e, sabendo as cifras que veño de ler, non me vou equiparar en ningún sentido con ninguén porque tamén comprendo que ás veces ós orzamentos non se lles pode dar a volta da noite para a mañá pero propóñolles e pídolles que se estableza unha acollida para este ano de 10 nenos.

Que se sufrague non a acollida, senón a viaxe, porque as acollidas fanas as familias con quen están e que se faga un aumento progresivo e que se consensúe na Xunta de Voceiros. É dicir, que este ano se acollan dez nenos e en anos vindeiros fagamos unha proposta de xeito que nos vaiamos equiparando co que fan outros Concellos de Galicia neste tema.

Non me vou alongar máis, pero déixenme dicir que algúns que tivemos a oportunidade de estar nos campamentos saharauis créanme que clama ó ceo. Ás veces algúns non queren falar de España e outros falamos pero temos sentimentos colectivos e dende logo España nese tema comportouse dun xeito absolutamente vergoñoso, a desconolización do Sáhara é un dos puntos máis negros da historia de España para quen lle quera algo a España. Foi un abandono absoluto daqueles nenos, daquelas familias e daquel pobo saharauí que quedou condeado a andar errando por un deserto porque nos fumos correndo porque alguén, neste caso o Reino de Marrocos, anunciaba unha "Marcha verde". Foi vergoñoso.

Polo tanto me parece que temos unha responsabilidade especial. Témolala en moitos temas sociais e hai moitos problemas que resolver no mundo, xa o sei, pero iste débenos atinxir un pouco a todos porque todos formamos parte, gústenos máis ou menos, do Estado Español e polo tanto propoño que asuman a responsabilidade de facer algo mellor do que estamos a facer neste punto.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Ponte e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, instando o establecemento dun plan progresivo de acollida de nenos saharauís co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (91).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A DIFERENTES ACTUACIÓNS NA AVENIDA ATLÁNTIDA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 6 de abril de 2005, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

"Recentemente rematouse de asfaltar a Avenida Atlántida, avenida de referencia para un número moi importante de persoas, tanto polas que viven nela ou nas rúas que conflúen, como para aquelas persoas que queren disfrutar das magníficas praias de Alcabre.

Esta avenida pasou de ser caseque un vial de paso, a ser usado con moita frecuencia, pois a zona ten incrementado a súa poboación residencial nos últimos anos dun xeito notábel. Ao mesmo tempo debemos tamén salientar aspectos como é a presenza do único hotel de cinco estrelas que ten a nosa cidade, situado nun lugar privilexiado, xunto a un colexio público que xera un incremento do tráfico peonil polas súas beirarrúas. A maiores debemos telas en perfectas condicións en previsión do verán, xa que no tramo comprendido entre Santa Baia e a confluencia coa Avd. de Samil, é decir no contorno do Museo do Mar, é moi concorrida.

Agora ben, nun paseo detido ao longo do seu trazado, ollamos como as beirarrúas deixan moito que desexar xa que, á parte de ter diversos pavimentos, nalgúns lugares está totalmente estropeado ou falla, cando non presenta afundimentos, algúns deles representando un perigo real ás persoas que por alí pasan. A isto debemos engadir que, produto do asfaltado, en moitos dos lugares a beirarrúa esta a nivel ou algo máis baixa, o que vai orixinar problemas de entrada de augas nalgúns dos portais que dan a esta avenida.

Por outro lado, moitos dos problemas que teñen estas beirarrúas son orixinados polo mal estado das tuberías de abastecemento. As roturas constantes producen fugas co conseguinte despilfarro dun ben tan esencial como é a auga e erosiona o subsolo do pavimento, provocando os anteditos afundimentos.

Chama poderosamente a atención a situación na que se atopa actualmente a rotonda na confluencia das rúas Paulino Freire, Camilo Veiga, Tomás Paredes e Rocío, xa que despois de facer un esforzo no asfaltado das vías principais, quedou sen reparar un anaco pequeno pero cheo de buratos que dificulta a circulación dos vehículos, xa que para esquivalos fan manobras perigosas.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

- 1.- Iniciar a reparación das beirarrúas da Avenida Atlántida, naqueles lugares nos que presentan desperfectos por rotura ou falla de pavimento, así como nos que se atopa fundido.
- 2.- Rematar o asfaltado da rotonda na confluencia das rúas Paulino Freire, Camilo Veiga, Tomás Paredes e Rocío.
- 3.- Substituir a tubería de abastecemento da Avenida Atlántida, pois agás o tramo dende Tomás Paredes até o Camiño da Castaña na marxe esquerda, o resto é de fibrocemento, incluído algún cruzamento, para evitar as roturas das propias tuberías e o desabastecemento á cidadanía, os desperfectos nas beirarrúas e a conseguinte repetición de parcheos e molestias.
- 4.- Erguer o nivel das beirarrúas na marxe dereita entre Tomás Paredes e Casiano Martínez."

A comisión informativa de Servizos Sociais, en sesión do 18 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIEITEZ ALONSO: No mes pasado rematouse de asfaltar a Avenida Atlántida e como consecuencia a maiores unhas deficiencias que xa estaban pero que non se actuou nelas. Téñase en conta que a Avenida Atlántida sofríu sobre todos nos últimos anos un incremento de poboación tremendo; nese aspecto é unha das rúas máis utilizada, entre outras cousas porque está un colexio como é o Colexio Javier Sensat, está a piques de se abrir o único hotel de cinco estrelas que está alí e a máis temos o Museo do Mar, á parte de que é un camiño moi transitado na época do verán.

Non sei se houbo unha falta de previsión ou un descuido pero houbo un tramo concreto na confluencia das rúas Tomás Paredes e Rocío e quedou sen asfaltar a rotonda que está alí situada.

Pensamos tamén que non se fixo como actuación previa ó asfaltado e reposición da tubería de abastecemento de auga, sobre todo aquela que cruza a propia rúa de Tomás Paredes.

O único que pretendemos é que se fagan esas actuacións que nós propoñemos na moción: que reparen nomeadamente os tramos das beirarrúas que teñen deficiencias ou que mesmo falla o pavimento; que se remate o asfaltado da rotonda na confluencia das rúas Paulino Freire, Camilo Veiga e máis Rocío; que se substitúa, antes de proceder á remodelación das beirarrúas e reposición do pavimento, o resto da tubería de abastecemento de auga e que, como consecuencia destes asfaltados se suban as beirarrúas sobre todo entre Tomás Paredes e Casiano Martínez porque posiblemente na época de chuvias se poida xerar algún problema que se evitaría con estas obras.

SR. IGLESIAS CARRERA: Teño que repetir o que xa dixen outras veces: nós temos unha planificación porque cando se goberna fanse prioridades. Indubidablemente xa veu que se asfaltou esa zona, acabárase, estase a facer o proxecto porque hai un colexio pero tamén hai un hotel de cinco estrelas que por certo xa está funcionando.

O que pasa é que me chama a atención que a súa moción fale desta avenida Atlántida e non fale doutras cousas que estamos a facer ou xa fixemos como por exemplo cómo están as beirarrúas que non existen en Canadelo Alto, cómo saían os habitantes da bolsa que hai por detrás do Club Financeiro, vaia por alí e verá que agora xa poden baixar cousa que antes non podían.

As prioridades son as que temos. Dende logo eu quédome cos pobres, coas escolas públicas, que está sen resolver dende hai moito tempo e calquera día vai pasar algo. É un problema de prioridades e de cartos como na casa de calquera.

SR. VIEITEZ ALONSO: Eu non sei ó que lle chama vostede pobres ou ricos, en todo caso pediría que se dera unha volta por determinadas rúas que teñen coma obrigación pasar pola Avenida Atlántida e dende logo creo sinceramente que non ten os datos suficientes, tendo en conta que están obrigados a pasar, á parte doutras persoas que o poidan facer, dez mil persoas que están censadas nestes momentos tanto na rúa de Tomás Paredes, que agora mesmo ten 4.700 habitantes, como no resto da rúas que están obrigados a pasar necesariamente por aí.

A maiores coido que se debera ter en conta un índice á hora de priorizar. Se para vostede o tema dos accidentes non é unha prioridade á hora de ter en conta qué actuacións se deben facer ou non, eu débolle dicir que os accidentes que se produciron na Avenida Atlántida no ano 2003 foron 25 e un atropelo, e no ano 2004 foron 27 e tres atropelos dos que un foi relativamente grave.

O único que estamos a dicir é que se acondicionen as beirarrúas porque evidentemente alí vive xente de toda condición pero teñen dereitos como calquera cidadán, entre outras cousas porque pagan os seus impostos.

Como vostede recoñece e acaba de dicir na súa argumentación, entre outras cousas hai un colexio público que, dadas as dotacións que alí ten, xera un tráfico peonil que hai que ter en conta.

Sinceramente non entendo a súa contestación, máxime cando logo da nosa moción anuncian a bombo e prato un acordo coa Deputación onde, entre outros lugares, van actuar na propia Avenida Atlántida. Benvido sexa o acordo pero coido que entra en contradicción co que vostede me acaba de comentar.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Puente e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, relativa a diferentes actuacións a realizar na Avda. Atlántida, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (92).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A SUSPENSIÓN DE ACORDO PLENARIO DO 29.11.05 RELATIVO A DENOMINACIÓN DE RÚAS DO ÁMBITO DO PLAN PARCIAL DE NAVIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de abril de 2005, a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"O día 14 de outubro de 2004, o Pleno do Concello de Vigo aprobou por unanimidade a moción do BNG sobre toponimia concretada no punto 1 do seguinte xeito: "Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificios, etc.), preferirase sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.

Un mes despois, o 29 de novembro de 2004, o concelleiro de Asuntos Sociais levou a Pleno -onde se aprobaron por unanimidade- as seguintes propostas para denominacións de rúas no polígono de Navia: As Teixugueiras (vial nº 1), Lamelas (vial nº 2), Victorino Enriquez (vial nº 3), Pepe Vázquez (vial nº 4), Guillermo Monroy (vial nº 5) e Mercedes Ruibal (vial nº 6).

Posteriormente, e despois de escoitar as protestas veciñais que esta decisión provocou, poidemos comprobar o seguinte:

- No expediente aparecía un informe-proposta que no seu punto 1 e referente aos viais en Navia, dicía: *"Xa existían daquela a Rúa Pozo Cabalo e a Rúa Pedra Seixa, que sería conveniente manter pola defensa da nosa toponimia."*

- O plano achegado por estatística onde figuraban os nomes destes viais así como o resto das propostas non figuraban no expediente, estando no seu lugar un plano en branco cun número sobre cada rúa, o cal necesariamente inducía a erro ao dar a entender que ningunha destas rúas era coñecida por nome ningún.

- No expediente tampouco aparecían as solicitudes de denominacións de rúas da AAVV coa documentación correspondente (rexistros de entrada nº 40057914 e 40059675), así como tampouco o escrito-resposta dado pola AAVV ao Concello de setembro do 2002, xustificando o nome da Rúa Pedra Seixa.

Como consecuencia desta ocultación de datos, o noso grupo aprobou unhas propostas que non tivera votado afirmativamente de haber contado con esa información, xa que:

- Non se respectan os topónimos das rúas que xa estaban funcionando como tales: Pedra Seixa (v.2) e Pozo Cabalo (v.5)., outorgándolle outros nomes: Lamelas e Guillermo Monroy, contradicindo polo tanto o acordo que sobre os topónimos adoptou o Pleno do 14 de outubro

- No caso no que se propón un topónimo: Lamelas, variase a súa localización á respecto da que lle corresponde tradicionalmente e que sería a do vial nº 4.

- Esta decisión provocou un grande malestar veciñal por todos os motivos anteriormente expostos.

Por todo isto, proponse ao Pleno do Concello a adopcións dos seguintes acordos:

1º.- A suspensión da decisión sobre denominación de rúas de Navia no Pleno do día 29 de novembro.

2º.- Que se volva iniciar o expediente coa inclusión de toda a documentación pertinente."

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Esta moción non ten nada que ver con cuestións económicas senón que coa democracia e a xestión transparente.

Resulta que o día 14 de outubro o Pleno deste Concello aprobou por unanimidade unha moción nosa sobre toponimia, deixouna reducida ó seu primeiro punto e dicía que "Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificios, etc.) se prefira sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención".

Despois dun mes, no Pleno de novembro, o concelleiro de Asuntos Sociais trouxo e se aprobaron seis propostas de denominación de rúas no polígono de Navia que eran Teixugueiras para o vial núm. 1, Lamelas para o núm. 2, Victorino Enríquez para o núm. 3, Pepe Vázquez para o núm. 4, Guillermo Monroy para o núm. 5, Mercedes Ruibal vial núm. 6.

Estranoume un pouco que logo da moción aprobada o mes anterior isto estivera de acordo con aquela moción e que non houbera topónimos. Funme ver o expediente, vin que alí aparecía un informe-proposta de Estatística que dicía no punto 1: "Xa existían daquela a rúa Pozo Cabalo e a rúa Pedra Seixa que sería conveniente manter pola defensa da nosa toponimia".

O plano que aparecía xunto co informe estaba en branco, só cun número nestes seis viais para os que se propoñía a denominación e polo tanto daí eu deducín que se ían respectar eses nomes que estaban noutros lugares de Navia e que non había ningún topónimo que contradicira as designacións que se estaban dando.

Tampouco aparecían no expediente as solicitudes de denominación de rúas das asociacións de veciños coa documentación correspondente porque se isto fose así, na exposición de motivos que alegaban os veciños notariase que efectivamente había unha contradicción.

Esta proposta aprobouse por unanimidade nese Pleno que citei e coma consecuencia desa aprobación resulta que non se respectan topónimos de rúas

que xa estaban funcionando como son a rúa Pedra Seixa e a rúa Pozo Cabalo. É máis, no caso da rúa Pedra Seixa mesmo figura nunha publicación do Concello como rúa na que está situado un centro docente público.

A esas dúas rúas se lles outorgan outros nomes: Lamelas e Guillermo Monroy, respectivamente, contradicindo o acordo do Pleno anterior. No caso no que falamos dun topónimo como é Lamelas resulta que a súa localización variáase a respecto da que lle corresponde tradicionalmente se fago caso á documentación que posteriormente puiden ver aportada polos veciños.

Esta decisión provocou un grande malestar entre toda a veciñanza, malestar do que tamén terá constancia o Sr. López-Chaves porque sei que aportaron escritos posteriores.

Traemos a Pleno esta moción para que se acorde suspender a decisión sobre a denominación de rúas de Navia no Pleno do día 29 de novembro e que se reinicie o expediente coa inclusión de toda a documentación necesaria para poder dar un voto responsable.

SR. LOPEZ-CHAVES CASTRO: Toda a documentación precisa e obrigatoria que forma parte do expediente estaba alí, non así a que non forma parte del. O último escrito da asociación de veciños que é do 19 de marzo de 2005 propón que se revise ó expediente e que se leve ó Pleno para que se aprobe a proposta de denominar a rúa número 2 co nome da rúa Pedra Seixa.

Non existe ningunha rúa con ese nome, si é certo que existe un colexio que está na rúa Pedra Seixa pero Estatística informa que non existe esta rúa. É un erro que efectivamente aparece un colexio situado nunha rúa que non existe, quizais sexa como camiño pero no rúeiro municipal non existe Pedra Seixa.

É certo que no Pleno de novembro se aprobou e efectivamente no plano se ve perfectamente cal é a situación dos distintos topónimos. Por certo que os topónimos aínda están suxeitos a revisión porque se enviou á Asociación de Veciños a ortofoto coa situación dos topónimos para que fagan alegacións e unha vez feitas remítilas ó Servizo de Información Territorial de Galicia e á Comisión de Toponimia para a colocación deses topónimos.

Pero cos topónimos que ata o de agora se elaborou, cos microtopónimos, mírase que existen dúas rúas e que esta rúa que foi a que se denominou e que non está completa, que chega ata o colexio Alfonso Castelao, pasa por varios topónimos; pasa polo topónimo Lamela, Pozo do Cabalo ou pola rúa Pedra Seixa.

Eliximos o topónimo que estaba máis ou menos no centro da rúa que era o topónimo Lamela. Podería elixirse Pozo do Cabalo ou Pedra Seixa, é dicir, non se tratou de alterar ningún nome de ningunha rúa e en segundo lugar se podía elixir calquera deles.

Tamén hai que ter en conta que no Pleno de outubro de 2004, cando se di que se prefiren topónimos antes que fórmulas de nova invención, os nomes das rúas que se puxeron e se aprobaron por unanimidade non son nomes inventados, son nomes de persoeiros da nosa cidade e que polo tanto coido que non se incumpre a moción, Guillermo Monroy e todos os demás a quen se lles adxudicaron prazas non son nomes inventados senón que son nomes de persoas.

Aprobar o contido desta moción de deixar en suspensión a denominación suporía deixar sen efecto o acordo de novembro de 2004 e suporía quitar as rúas que se lles adxudicaron a Guillermo Monroy, a Pepe Vázquez e Victorino Enríquez, é dicir, que lle quitaríamos a rúa que se lles adxudicara. A máis tamén suporía a anulación da adxudicación dunha rúa a Mercedes Ruibal que si existe acordo de dar o nome a unha rúa pero non existía determinada qué rúa era, ademais os problemas que suporía para Estatística a anulación do acordo.

Por iso e tendo en conta o último escrito dos veciños que é do 14 de marzo de 2005 que conclue dicindo que se revise o expediente que deu lugar á decisión plenaria e que se eleve ó Pleno municipal e se aprobe a proposta de denominar definitivamente a rúa número 2, que é a denominada Lamelas do plano adxunto co nome oficial de rúa Pedra Seixa, e o que propoño é que ou ben se nomee á rúa Lamelas coa proposta da asociación de veciños, é dicir, darlle o nome de rúa Pedra Seixa ou senón retirar a moción para evitar esa situación de retirar os nomes das persoas a quen lle adxudicamos rúas no Pau de Navia e negociar coa Asociación de Veciños de acordo con ese escrito no que piden que Pedra Seixa sexa a denominación da rúa Lamelas.

Dese xeito non estamos aprobando os nomes dunhas rúas, despois anulando eses nomes ás rúas para logo adxudicar os nomes ás rúas e dese xeito se corrixe o que piden os veciños, é dicir, que a rúa Lamelas se chame Pedra Seixa.

SR. SOTO FERREIRO: Agás que se poñan inmediatamente de acordo, cousa que non me parece posible en principio, para non facer unha cousa esperpéntica de empezar a cambiar rúas, eu proporía ben que pasáramos á comisión correspondente con este tema, ben a unha Xunta de Voceiros para que o

vexamos de vagar, cos informes pertinentes dos técnicos, antes de tomar unha decisión repentina en calquera sentido. Dame igual calquera dos órganos pero ver o tema cun mínimo de calma e traelo ó próximo Pleno ordinario.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Quería clarexar unha cuestión en relación coas palabras do Sr. López-Chaves porque a min non me gusta que me tomen o pelo e coido que coma concelleira teño dereito a ver toda a documentación que sexa necesaria con relación a un expediente cando se vai facer unha actuación como a que por exemplo se fixo aquí.

Aquí hai uns escritos anteriores da Asociación Veciñal con toda esta documentación de xustificación de motivos e na que ademáis figuran planos. Resulta que a esta Asociación de Veciños pregunteilles porqué propoñer unhas rúas si e outras non e dixéronme que este plano llo facilitaron no Concello e entenderon que as rúas coma Pedra Seixa xa estaban postas, polo que entendimos que este plano nolo daban porque estaba contemplado que se ía respectar todo isto.

Eu teño aquí o plano que estaba no expediente que é un plano absolutamente en branco, onde figuran números nestes víais pero o plano que inicialmente mandou Estatística e que vostede lle dixo que non quería e que lle deran un en branco era iste e iste plano ten os nomes das propostas e aquí é onde figura que o informe de Estatística, cando di no punto un: "Xa existían daquela a rúa Pozo Cabalo e a rúa Pedra Seixa que sería conveniente manter pola defensa da nosa toponimia" esas rúas figuraban neste plano e era o xeito de que xuntamente con este plano se puidera entender o informe.

Vostede mesmo lle pide a Estatística que lle mande entre outras cousas as propostas que hai dos veciños para a denominación de rúas para incluír no expediente pero logo non as inclue, entón eu creo que é un exercizo de democracia que interrompamos esta decisión, que poidamos ter acceso a un expediente porque coido que polo que din os veciños isto debe ser deste xeito pero non coñezo a zona nin son experta en cales eran os topónimos daquel lugar. Teñen que figurar no expediente os informes técnicos necesarios para saber onde existen topónimos e onde non.

A PRESIDENCIA: Fago miñas ás súas palabras e co fin de respectar as decisións deste Pleno, as decisións das mocións anteriores e respectar o que queren os veciños, se lle parece, pasámolo a esa comisión para que todo o

mundo opine e que se respecte a todo o mundo que penso que é o máis positivo.

SR. ARIAS MOREIRA: Nós valoramos moito a moción que presenta a Sra. Martíns Vilanova pero a medida que avanza este debate van clareándose unhas cousas e confundíndose outras. Nós tamén estaríamos de acordo con esta posición, parécenos o máis sensato. En todo caso lle tomamos a palabra ó concelleiro de que se consultará cos veciños para avanzar en calquera solución.

De acordo co manifestado durante o curso do debate, a Presidencia retira a presente moción para que, cos informes técnicos pertinentes, pase previamente a estudo da comisión informativa de Asuntos Sociais para que emita un dictame.

14.- (93).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO DIVERSAS ACTUACIÓNS NO BARRIO DE TEIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2005, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

“Despois de falar cos veciños de Ríos un dase de conta que son quen de transmitir e facer compartir certa nostalxia, xa non só polo pasado senón por como o lugar no que as persoas decidimos vivir, antes orgullosos e contentos del, pode chegar convertirse nun lugar que nos abafa e facerse insoportábel ao longo de todo día. Moitas veces entendemos que o desenvolvemento pode traer mellor calidade de vida cando, ás veces, o que ocorre na práctica e que se volta contra nós.

Quen se dea unha volta por este lugar enseguida é capaz de se dar de conta das razóns que os veciños e veciñas de Ríos empregan nas súas vellas reivindicacións para defender aquel “anaco de praia” que aínda lles queda, a limpeza da mesma, a eliminación dos galpóns ou a limpeza da anterga fábrica de conservas. Non pode ser menos, o constante crecemento dos astelleiros alí ubicados e os ouvidos xordos da Autoridade Portuaria ás súas demandas teñen xerado unha situación na que a Corporación Municipal debe actuar de xeito inmediato e programado, para erguer o nivel de benestar das persoas de Ríos e sentírmonos todos e todas orgullosos deste anaco de Vigo, pequeno pero singular.

Da necesidade de actuar deu conta o Goberno pasado. Despois de máis de sete anos demandando un parque para aquel entorno, construíuse un que servirá como punto de encontro dos seus moradores, ao mesmo tempo que recuperamos

un miradoiro no que progreso e ría teñen un punto de intersección. Tamén deixamos redactada unha memoria que permitirá derrubar as instalacións da vella fábrica conserveira, deixando se tecnicamente fora posíbel a chimenea en pé como elemento referencial do pasado. A data de hoxe, as instalacións da fábrica seguen en pé, sendo foco de insalubridade e perigo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

1.- Que se proceda de xeito inmediato ao derrubo das instalacións da vella fábrica de conserva, conservando se fora tecnicamente posíbel a chimenea como elemento singular e acondicionando o lugar como zona de esparcemento dos veciños e veciñas de Teis-Ríos.

2.- Que se recupere a anterga casa usada como vestiario e comedor da fábrica de conservas como local social para que o poidan disfrutar, entre outros, os veciños e veciñas que alí residen, cedendo o seu uso mediante un convenio a asinar coa Asociación de Veciños de Teis,

3.- Que se inste á Autoridade Portuaria a non facer máis recheos en Ríos procedendo, ao mesmo tempo, ao derrubo dos galpóns alí construídos e á limpeza tanto onde estean estes como da rampla onde amarran as barcas."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIEITEZ ALONSO: Producto da sensibilidade que temos algúns ven esta moción dunha zona que sinceiramente, unha vez que se fala cos veciños e veciñas que alí viven, pensamos que son de xustiza as reivindicacións que veñen facendo dende hai xa bastante tempo, algunhas das cales tiveron resposta e outras non, algunhas por dificultades e outras porque hai que as xestionar con outras institucións.

Nese sentido algo que para os veciños e veciñas de Ríos en concreto é vital é o corredor de praia que lles está a quedar. Nestes momentos estamos asistindo á ampliación do recheo dun dos asteleiros alí implantado que está facendo practicamente imposible o acceso á praia e, producto tamén desas ampliacións, o seu espazo vital cada vez queda máis reducido.

Insisto en que coido que é un problema de xustiza e tamén de sensibilidade recoller estes tres puntos que eles veñen reclamando dende hai tempo: que se derrube a antiga fábrica de conservas mantendo, se é posible tecnicamente e que non ofrezca ningún tipo de perigo a cheminea como elemento singular e que se acondicione como lugar de esparcemento para os veciños e veciñas dalí.

A respecto da casa que antes era utilizada como vestiario e comedor das persoas que traballaban na fábrica, está en bastantes boas condicións, o

único problema é que ó non ter vixiancia desmantelaron a instalación de fontanería e a electricidade que tiña dentro pero cun investimento moi pequeno se podería recuperar como lugar de encontro e de esparcemento das persoas que vivan alí, tendo en conta ademais que a idade media de toda aquela xente é moi alta.

Por último pediríamos unha negociación directa coa Autoridade Portuaria para que non se fixeran máis recheos dos que neste momento se están a facer porque repetimos que o único que lles está a quedar é un corredor. Mesmo había un compromiso xa hai algún tempo da Autoridade Portuaria pero agora pedimos que se inste a executalo, que unha vez feito ese aterramento que neste intre se está producindo, que se proceda á limpeza total de entullos que ten a praia e ó derrubo de dúas casetas que hai alí para o arranxar como espazo vital e zona de esparcemento dos veciños e veciñas de Ríos.

SR. SOTO FERREIRO: Antes sorría porque a sensibilidade podémola ter todos, uns máis que outros, e digo isto porque lembro que nós fixemos unha proposición exactamente igual sobre ese espazo na Corporación pasada que lamentablemente non se puido levar a cabo.

En canto ó tema de facer ou non recheos, diga puntualmente onde é porque se me di que non se vai facer ningún recheo máis na Ría non llo voto, así de claro; se me di un sitio concreto porque pode prexudicar algo, igual llo voto encantado.

En canto ó tema anterior como lle dixen era unha proposición anterior nosa así que vótolla encantado.

SR. COUTO PÉREZ: Só para lle anunciar que imos votar a favor pero me gustaría facer uns breves comentarios. Comezo polo punto número un onde di "que de xeito inmediato se derruben as instalacións da vella fábrica mantendo se é posible a cheminea como elemento singular". Como sabe vostede estamos co proxecto de derrubo e ó mesmo tempo co proxecto constructivo e imos un pouco máis alá do que vostede di e por iso quería engadir que, se é posible, manter tamén o forno e o depósito de auga que son elementos singulares e moi identificativos do barrio como no seu día foi a farola ou a pérgola de Jenaro de la Fuente.

Tamén dicir que se alongará a zona axardinada que alí existe e que evidentemente é necesaria.

En canto ó punto número dous este concelleiro xa hai algún tempo estivo visitando a antiga casa de baños desta fábrica con directivos da asociación

de veciños da zona e quería pedirlle un clarexamento. Vostede di se é posible facer un convenio coa Asociación de Veciños de Teis, ¿refírese á Asociación de Teis ou a asociación máis preto daquela zona que é a de San Salvador de Teis? Pregúntollo porque eu estiven vendo o inmoble con directivos da Asociación Cultural de San Salvador de Teis que solicitaban este inmoble, previos os informes técnicos. Penso que a Asociación de Veciños de Teis é a Asociación que xa ten a súa sede nun fermoso local que que é o Centro Cívico de Teis.

O día 19 pasado estiven reunido con directivos da Asociación de Veciños de Teis, á que supoño que se refire, e eles din que non están interesados o máis mínimo no local e si que, se é posible, se lle ceda á Asociación Cultural San Salvador de Teis.

SR. VIEITEZ ALONSO: Non hai ningún inconveniente, senón todo o contrario, en que se conserven aqueles elementos singulares sempre que ofrezan as máximas garantías de seguridade. Nese sentido o caso concreto do forno tamén é a maiores.

A respecto do outro tema falo da Asociación de Veciños de Teis. Eles eran coñecedores de que podería haber interese por parte da Asociación Cultural e nese sentido tampouco terían ningún problema pero nós entendemos que é un problema de que se poñan de acordo pero en definitiva o que nós pretendíamos, en función das conversas que tivemos cos veciños, é que fosen basicamente as persoas que viven alí porque insisto en que é un problema de espazo vital porque, fóra do axardinamento que se acondicionou no mandato anterior, non teñen zona de esparcemento. Que se poñan de acordo pero que teñan a posibilidade os veciños da zona de ter acceso a esas instalacións porque a inmensa maioría son persoas maiores.

Por outra banda estou a falar de que non se fagan máis recheos en Ríos que é de onde trata a moción, non vou levar o debate a toda a Ría e calquera que vaia por alí dase de conta que é un problema de afogue, de espazo vital e nese aspecto coido que é de sentido común instar á Autoridade Portuaria para que non amplíe máis do que xa está a facer neste intre porque iso xa non ten volta de folla, porque o resto dese espazo vital os veciños e veciñas si o necesitan.

SR. COUTO PEREZ: Clarexada xa a cuestión quero respostar ó último punto sobre que non se fagan máis recheos e que se proceda ó derrubo dos

alpendres alí existentes e á limpeza da rampla onde amarran as barcas, pasaráselle nota do acordo que saía desta moción.

Por tanto xa lle dixen antes que imos votar a favor e se me permite engadir que, se é tecnicamente posible, conservar o forno e o depósito da auga que son elementos que algún día dinamizaron e contribuíron á riqueza do barrio.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Barros Puente e a Sra. Martíns Vilanova).

Proposta formulada polo Sr. Couto Pérez, do Grupo do PP, durante o curso do debate:

Engadir como elementos a conservar da antiga fábrica de conservas, se é tecnicamente posible, o forno e mailo depósito da auga.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, instando diversas actuacións no barrio de Teis, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo coa inclusión da proposta formulada polo Sr. Couto Pérez durante o curso do debate.

15.- (94).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA PARROQUIA DE VALLADARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2005, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

“Quen coñeza, anque sexa un pouco, a parroquia de Valladares, sabe ben do seu carácter participativo e solidario para cos seus e o resto do Concello de Vigo. Boa proba disto foi o de asumir durante moitos lustros a acumulación do lixo xerado pola cidadanía viguesa, actuación da que deu boa conta o Goberno da Corporación anterior procedendo ao peche e selado do vertedoiro do Zondal e á súa recuperación medioambiental.

O Parque Tecnolóxico e Loxístico, a construción e decorrer do segundo cinto e a instalación da “Cidade do frío”, están poñendo a proba, unha vez máis, a capacidade solidaria desta parroquia, capacidade da que tamén debe

participar o resto do Concello de Vigo, atendendo ás súas reivindicacións, aínda que sexa dun xeito programado pero constante.

Derivado deste carácter solidario esta parroquia está recibindo enormes cantidades de terras procedentes de diversas obras, todas elas importantes e significativas para o desenvolvemento de Vigo, e levan varios anos padecendo tamén unha situación de molestias e perigos constantes, aos que ata o de agora non se teñen posto medidas minimizadoras ou eliminadoras, xerada polo paso constante e permanente de enormes camións por rúas, algunhas das cales están moi deterioradas, pois non foron construídas para soportar semellante uso.

Se a isto sumámoslle que algunhas delas son de uso obrigatorio para ires á escola de ensino obrigatorio ou ao instituto da Sobreira, estamos ante un cadro de risco permanente para as persoas.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propón a seguinte resolución:

1.- Que se proceda á construción de beirarrúas nas seguintes rúas na parroquia de Valladares:

- a) na estrada de Subida ao Monte Alba, dende o cruzamento da Garrida ata a última fábrica,
- b) na Estrada ao Colexio da Sobreira,
- c) na Estrada da Gándara,
- d) na estrada Camiño do Portal, dende o cruzamento coa estrada de Valladares ata o vial de acceso á Universidade.

2.- Que se proceda á instalación de sinalización vertical e horizontal, acorde coas características e circunstancias que rodean estes viais.

3.- Que se proceda a un estudo por se, tecnicamente, é necesaria a restricción de paso de vehículos pesados por algúns destes viais."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de abril de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIEITEZ ALONSO: Coido que basicamente é un problema de solidariedade recíproca entre esta institución e a parroquia de Valladares. Pensamos que as resolucións que propoñemos non son nada do outro mundo, son tremendamente comedidas como a moción que estamos a presentar. Esta parroquia en concreto, coma outras moitas, ten demostrado ó longo de moitos anos e repito que coido que é un problema de solidariedade recíproca e respecto a esta parroquia.

O único que propoñemos é que se fagan beirarrúas en catro lugares moi concretos porque están afectados e algúns levan xa un par de anos asumindo un tráfico para o que non están configurados, como é a subida ó monte Alba onde mesmo estase a xerar un problema de convivencia e de seguridade do tráfico, sobre todo cando con moita frecuencia hai cruzamentos de camións

pesados e por outro lado estamos a falar dunha rúa que vertebra a parroquia como é a rúa do Portal, que xa se empezou co goberno anterior o inicio de parte da beirarrúa. Nós o que pedimos é que se sega dende a estrada xeral ata o vial de acceso á Universidade.

Por outro lado un vial que ó mellor para quen non o coñece non ten moita repercusión pero si é certo que se está utilizando coma válvula de escape do tráfico de Vigo cara a zona de Porriño, como é a estrada da Gándara no barrio de Seoane e tamén a estrada que vai ó colexio e máis ó instituto da Sobreira por razóns máis que obvias porque é precisamente por aí por onde van a maior parte dos rapaces e rapazas que estudan neste colexio e instituto.

A PRESIDENCIA: Sr. Vieitez, fíxese se estaremos de acordo que nos remanentes que nos acaban de tirar estaban intervencións nas parroquias do rural, antrelas Valladares, obras de novas beirarrúas, adaptación de parques infantís, etc. un millón de euros, pero imos votar a favor.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Puente e Soto Ferreiro e a Sra. Martínes Vilanova).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, proponendo a construción de beirarrúas na parroquia da Valladares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (95).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE, A TRAVÉS DO SERGAS, SE GARANTA A PRESTACIÓN DA INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO (IVE) NO COMPLEXO HOSPITALARIO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de abril de 2005, a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"No ano 1985 aprobábase no Parlamento Español a Lei do Aborto que permitía a interrupción do embarazo en tres supostos. Ata esa data as mulleres que se vían na necesidade de abortar tiñan que saír do Estado para poder facelo. Vinte anos despois as cousas non melloraron moito na Galiza pois, pese a estar dentro dos supostos legais, o dereito a interrupción voluntaria do embarazo (IVE) está moi restrinxido por falta de centros públicos onde realizalo. Esta situación tradúcese nunha discriminación no acceso a este servizo (un 45,8% por debaixo da media española) e pon en perigo a saúde das mulleres galegas, especialmente a aquelas con menos recursos económicos, de baixo nivel cultural e que teñen menos acceso a centros privados. No ano 2004 o 97% dos abortos en Galiza realizáronse en clínicas privadas.

No que respecta a Área Sanitaria Sur, que ten como cabeceira a Vigo e como centro de referencia o Hospital Xeral-CHUVI, comezáronse a realizar os IVE no ano 2002, dezasete anos despois de se aprobar a Lei do Aborto. Ata esta data os Centros de Orientación Familiar (COF) víanse na obriga de derivar ás mulleres que precisaban abortar e que estaban dentro dos supostos legais, a clínicas privadas e dende o ano 2000 o Complexo Hospitalario de Ourense. No ano 2004 ó redor de 250 mulleres que estaban dentro dos supostos legais acudiron ós COF existentes en Vigo demandando IVE. Segundo datos do SERGAS xestionáronse 131, dos que 6 foron derivados a clínicas privadas madrileñas por estar por riba das 16 semanas e 70 ó Complexo de Ourense, fundamentalmente toxicómanas, portadoras de VIH e mulleres con trastornos psiquiátricos.

É evidente que nestas circunstancias ter que se trasladar ata un hospital público doutra cidade para que lle practiquen un aborto amparado pola lexislación, tamén supón en si mesma unha desigualdade e unha discriminación.

Este Concello sempre se caracterizou pola loita a prol da igualdade e en contra da discriminación, é por iso que solicitamos ó Pleno desta Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a que se garante por parte do SERGAS a adopción das medidas necesarias para que todas as mulleres da Área Sanitaria que o soliciten, poidan ter acceso á prestación da IVE no Complexo Hospitalario de Vigo."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 18 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. MENDEZ PIÑEIRO: Maioritariamente saben que en Galicia, vinte anos despois de se ter aprobado no Parlamento Español a Lei do aborto segue a haber unha discriminación clarísima pois o dereito a interrupción voluntaria do embarazo nos tres supostos legais ten un déficit terrorífico porque ata o de agora os centros públicos non a realizaban. Isto a nivel estatal tradúcese en que teñan acceso un 45,8% por baixo da media española e isto está a poñer e perigo a saúde das mulleres, sobre todo daquelas que teñen baixos recursos económicos e baixo nivel cultural.

Concretamente o ano pasado o 97% das mulleres galegas abortaron en centros privados.

No que respecta á área sur da provincia de Pontevedra que é á que se refire a miña moción, ate o 2002 non se facía absolutamente nada nos centros públicos e os centros de orientación familiar estiveron derivando durante 17 anos a centros privados do Estado.

No ano 2000 empezan facerse abortos no complexo hospitalario de Ourense e a alí comézanse a derivar todos os supostos legais, evidentemente estamos a falar de supostos legais, porque o CHUVI non os está a facer. Comezan a facer algo no ano 2002 pero o ano pasado de 131 casos xestionados, só se fixeron no Hospital Xeral 33. Os demais maioritariamente se desviaron a Ourense. Estou a falar de datos do Sergas.

Desviáronse a Ourense pacientes toxicómanas, portadoras do VIH e pacientes con trastornos psiquiátricos. Isto parécenos unha gravísima discriminación porque o feito de que unha muller nunha circunstancia desas características se teña que trasladar a un hospital público doutra cidade significa xa bastante desigualdade e discriminación.

Neste Concello sempre nos caracterizamos pola loita contra a desigualdade e a discriminación e por iso presentamos esta moción para instar á Xunta de Galicia a que poña os medios necesarios no Complexo Hospitalario de Vigo, concretamente no Hospital Xeral, para que as mulleres que así o demanden e estean dentro dos supostos legais, poidan facer nesta cidade a interrupción voluntaria do embarazo.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Ponte e Figueroa Vila e a Sra. Martíns Vilanova).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, e nove abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, propoñendo instar á Xunta de Galicia para que, a través do SERGAS, se garanta a prestación da interrupción voluntaria do embarazo

(IVE) no Complexo Hospitalario de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do Sr. López-Chaves Castro polo Grupo Popular.

A abstención é debida a que tanto respecto merece o dereito de igualdade como a obxección de conciencia dos profesionais.

17.- (96).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O AFORRO E XESTIÓN RESPONSABLE DA AUGA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de abril de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, formula a seguinte moción:

"O 22 de marzo celebrouse o Día Internacional da Auga, data establecida dende 1993 polas Nacións Unidas para lembrar a necesidade dunha maior concienciación no uso e protección deste prezado e limitado ben.

A pesar de que no noso país non existen problemas estruturais de entidade relacionados co abastecemento da auga á cidadanía, debemos lembrar que no noso planeta máis de 1.100 millóns de persoas non teñen garantido o acceso á auga potable e máis de 2.400 millóns de persoas non teñen saneamento seguro.

Por outra banda, a calidade das augas e os ecosistemas acuáticos seguen a deteriorarse en gran parte do mundo.

En España, a pesar das diferentes campañas realizadas sobre a necesidade de aforro da auga segue habendo importantes perdas nas redes de distribución agrícolas e de abastecemento -cada ano se perden 4.500 Hm cúbicos de auga- e se producen usos en moitas ocasións con escasa eficiencia.

A calidade das augas dos ríos e masas de auga deixa, en moitas ocasións, moito que desexar e en grande parte de España os sistemas acuáticos asociados á auga como as marxes das ribeiras, os bosques de galería, etc, están deteriorados, sen esquecer que os caudais ecolóxicos aínda non existen en grande parte do noso país.

Ante tal situación, a aposta polo desenvolvemento sostible implica contemplar a axeitada xestión e protección deste recurso e os ecosistemas asociados a el, polo que o grupo municipal socialista insta ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Que o Concello se comprometa a elaborar unha Ordenanza Municipal que teña como obxectivo o aforro e o aumento da eficiencia no uso da auga, apoiando e fomentando todas aquelas iniciativas, tanto públicas como privadas, que supoñan o desenvolvemento de instrumentos e mecanismos

destinados ao incremento de aforro e a eficiencia do uso da auga no municipio.

2.- Que o Concello se comprometa a traballar xunto ás administracións competentes para minimizar as perdas da auga nas conduccións e no abastecemento, dándolle prioridade á xestión da demanda, á depuración e á reutilización de augas residuais.

3.- Que o Concello se comprometa ao desenvolvemento de campañas de educación para aumentar a sensibilización cara á utilización deste recurso co obxectivo de diminuír o uso da auga nas cidades, tanto cara ós cidadáns e consumidores finais como cara ós xestores de auga, incluíndo os usos municipais deste recurso."

A comisión informativa de Servizos Sociais, en sesión do día 18 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. SÍO LOURIDO: Esta moción ten que ver con prever o futuro e traballar para el e tamén coa corresponsabilidade na xestión dos recursos naturais.

Como todos saben o pasado 22 de marzo celebrouse o día internacional da auga, data establecida dende 1993 polas Nacións Unidas para lembrar a necesidade dunha maior concienciación no uso deste recurso.

Todos sabemos que a auga é necesaria para todos e a súa utilización ten un crecemento progresivo que ten que ser sostible. Máis de 1.100 millóns de persoas no mundo non teñen garantido o acceso á auga potable e máis de 2.400 millóns de persoas non teñen saneamento seguro.

Por outra banda, a calidade das augas e dos ecosistemas acuáticos seguen a deteriorarse en gran parte do mundo e hai unha alta variación na dispoñibilidade da auga resultado das fluctuacións importantes dos períodos secos e húmidos que ultimamente se dan no noso clima. Tamén hai importantes perdas de auga nas redes urbanas e unha desorde xeralizada no uso dos recursos naturais.

Ista moción é unha aposta polo desenvolvemento sostible e implica contemplar aquí ó futuro a axeitada xestión e protección dos recursos, neste caso da auga.

A seguir a Sra. Sío Lourido procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. IGLESIAS CARRERA: Onte puidemos ler que o Secretario das Nacións Unidas para medio ambiente falaba que en breve, neste século a auga será motivo de

guerra, é dicir, que está claro que a auga e o ouro do século XXI e que estamos niso.

O saneamento de Valladares está en marcha, o abastecemento de auga de Beade, o saneamento de Zamáns está próximo a licitarse. Son reflexións e pódese facer unha ordenanza pero eu coido que máis que iso poderíase facer algo divulgativo do valor que ten a auga, como vostede ben feflexionou, para divulgalo, informalo e á vez as institucións públicas dar exemplo en canto ó uso axeitado da auga.

Coido que se está a sanear moito, por exemplo en Vigo hai moitas zonas de ríos que se se vai alí hai unha serie de campos que están inundados por saneamento que sae alí e agora mesmo está en marcha un sistema expropiatorio para que vaia ó colector de marxe de ría, sinxelamente porque os veciños se opoñen a ceder o paso do colector por alí; temos que ir á expropiación e iso significa un ano de demora.

No Vao, a carón da finca de Mirambell estamos traballando precisamente para que tamén se separen e se desvíen as augas porque cando entran en carga se chove moito, as augas fecais inundan propiedades privadas.

Por todo isto eu coido que máis que unha ordenanza debería haber unha campaña, non sei de qué tipo, pero que chegara ás escolas, ós propios nenos, como fan os meus fillos que me chaman a atención cando me cepillo os dentes co grifo aberto. Coido que é unha reflexión colectiva máis que unha ordenanza.

Non paramos de traballar en saneamento e abastecemento; o perimetral que iniciaron outras Corporacións está xa rematado.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Barros Puente e a Sra. Martíns Vilanova).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, sobre o aforro e xestión resopnsable da auga, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (97).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO A INCLUSIÓN DE CLÁUSULAS MEDIOAMBIENTAIS NOS PREGOS DE CONDICIÓNIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de abril de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"En materia de contratación pública existen enormes posibilidades de introducir nas cláusulas administrativas que conforman os contratos públicos, consideracións medioambientais que poden aplicarse nos procesos de adquisicións, obras e servizos.

Non cabe dúbida que a introducción de principios medioambientais nos procesos de contratación pública contribuiría de maneira decisiva á protección do medio ambiente e ao desenvolvemento sostible.

Por iso, a introducción de cláusulas ecolóxicas nos pregos de condicións e nos contratos que o Concello subscribe anualmente, suporía unha contribución importante á protección do medio ambiente e, dende logo, sería un xesto coherente no compromiso co desenvolvemento sostible.

Se ben as posibilidades de introducir requisitos medioambientais nos pregos de condicións son amplas e variadas e sempre baixo o informe dos técnicos, sinalamos algunhas que estimamos poidan ser consideradas:

1.- Establecer requisitos medioambientais que afecten ao deseño, execución, natureza do produto ou modo, ou á condicións de prestación do servizo obxecto do contrato; ou ó tipo de materiais básicos definidos nas especificacións técnicas; ou esixir a utilización dun procedemento concreto de produción, ou ben a posibilidade de remisión ás etiquetas ecolóxicas. Obviamente calquera destas medidas deberá respectar os principios de libre concorrencia e non discriminación.

2.- No proceso de selección dos candidatos á adxudicación de contratos públicos pódense introducir requisitos medioambientais atendendo á capacidade técnica das empresas concorrentes, podendo esixir experiencia determinada en temas medioambientais ou esixir aos contratistas que actúen no marco dun sistema de xestión medioambiental (iso 14001).

ACORDO:

Que por parte dos Servizos Técnicos do Concello se elabore un informe que conteña todos os criterios e requisitos medioambientais que poidan incorporarse aos pregos de condicións que rexen os procesos de contratación."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 18 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Hai unha responsabilidade de carácter ético, máis aló do que esixe a lexislación e por tanto unha obriga propia coma administración e fronte ós cidadáns coma exemplo, de compromiso e aposta

firme por un desenvolvemento sostible que ó noso entender debe trasladarse ó campo da contratación pública.

Podemos citar entre outras tres razóns que coidamos que xustifican suficientemente unha proposta desta natureza. En primeiro lugar o gasto das autoridades públicas en Europa equivale ó 16% do produto interior bruto da Unión Europea. A opción por bens e servizos que respecten o medio ambiente poden contribuir moito ó desenvolvemento sostible.

Unha segunda razón: contratar con criterios medioambientais tamén significa dar exemplo e exercer influencias sobre o mercado. Promovendo os contratos con criterios medioambientais ofrécese á industria incentivos reais para o desenvolvemento de tecnoloxías beneficiosas para o medio ambiente.

E unha terceira razón: contratando con criterios medioambientais pódense aforrar materiais e enerxía, reducir residuos e contaminación e estimular pautas de comportamento sostible.

Hai exemplos concretos como os que de seguido citarei e que están recollidos nun manual sobre os contratos públicos con criterios medioambientais editado pola comisión que no seu caso pode servir de guía para a elaboración do que contemos na nosa proposta.

Exemplos do seguinte teor: se todas as autoridades da Unión Europea solicitaran electricidade limpa, isto aforraría o equivalente de 60 millóns de toneladas de CO₂, o que equivale ó 18% do compromiso de redución de gases de efecto invernadero dentro do protocolo de Kioto. Se todas as autoridades da Unión Europea esixiran ordenadores dunha maior eficiencia enerxética e isto inducira ó mercado a avanzar nesta dirección, aforraríanse 30.000 toneladas de CO₂. Se todas as autoridades europeas optaron por sistemas de aforro de auga nos servizos dos seus edificios, isto reduciría o consumo de auga en 200 millóns de toneladas.

Por isto, recoñecendo que se introduciron de xeito puntual consideracións medioambientais nalgúns dos pregos de contratacións que se tramitaron, propoñemos que por parte dos servizos técnicos se elabore unha guía ou manual de criterios medioambientais para aplicar nos procesos de contratación.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que neste Concello se avanzou bastante nestes temas aínda que temos que seguir mellorando e polo tanto me parece ben que se pase ós servizos técnicos para que se inclua en todos os pregos e está ben ter un manual para no tomar decisións ou impoñer criterios nos pregos que poidan crear problemas. Unha vez tivemos un problema grande cun

concurso importante como é o do lixo que xerou unha polémica tremenda por non o ter claro. Sra. Graña, se non o coñece eu pásollo porque seguramente o que vostede está a apuntar hoxe é bo para que iso non volva suceder.

SRA. GRAÑA BARCIA: Só un pequeno clarexamento. Como xa comentei na intervención existe un informe da comisión que foi ratificado polo Ministerio, pola Fundación Entorno, que coido que perfectamente pode servir de guía para o traballo dos funcionarios.

SR. FIGUEROA VILA: Se nolo remite sería bo para pasarllo ós técnicos.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Barros Puente e a Sra. Martíns Vilanova).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Graña Barcia, instando a inclusión de cláusulas medioambientais nos pregos de condicións, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (98).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO A QUE DENTRO DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DA TRAVESÍA DE VIGO SE INCLÚA O SOTERRAMENTO DE CONTADORES.

A presente moción, a petición do seu propoñente, Sr. Barros Puente, tratouse a seguir do punto 10 da orde do día, constante así nesta acta.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO ACTUACIÓNS RELATIVAS ÓS CORTES DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de abril de 2005, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"O pasado venres, entre quince e vintemil cidadáns deste Concello voltaban sufrir un novo corte de subministro eléctrico, orixinando unha situación de inactividade, anguria e indefensión ante un feito que é moi frecuente e que significa a imprevisión e desentendemento por parte da abastecedora principal de enerxía eléctrica a fogares e empresas en Vigo.

Por se non chegase con este corte, o sábado voltábase producir outro, sumándose así a unha lista interminábel, engrosada tamén pola deficiencia das instalacións que xera caídas de tensión moi por riba dos límites que marcan os regulamentos electrotécnicos e que provocan un maior consumo cargando, aínda máis do normal, a rede.

Estes cortes só teñen unha interpretación sinxela; como xa existe a conexión á rede por parte do consumidor, as empresas subministradoras non fan os investimentos necesarios para á súa adecuación á demanda actual e existe unha deixación manifesta da Consellería de Industria en canto ás súas obrigas, pois debe de proceder de xeito inmediato cando os cortes de subministro eléctrico son reiterados e afectan a un número moi importante de persoas.

Creemos que no ano que andamos este tipo de situacións non se poden voltar repetir, polo que o Grupo Municipal do BNG fai a seguinte proposta:

1.- Que por parte deste Concello se inicie un expediente para que se proceda á recollida de datos e documentación necesaria que permita depurar responsabilidades e sancionar, se procedera, á empresa subministradora responsábel dos continuos cortes de abastecemento de enerxía eléctrica e deficiente servizo.

2.- Instar á Consellería de Industria para que, en función das súas atribucións, proceda, e esta vez en serio, a abrir un expediente sancionador e obrigue á ou ás empresas responsábeis para que tomen as medidas necesarias e presten o servizo axeitado e acorde co contrato establecido e as normas regulamentarias establecidas a tal efecto."

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O pasado venres entre quince e vinte mil cidadáns deste Concello voltaban sufrir un corte no subministro de enerxía eléctrica, orixinando unha situación de inactividade, anguria e indefensión ante un feito que é moi frecuente e que significa a imprevisión e desentendemento por parte da abastecedora principal de enerxía eléctrica a fogares e empresas en Vigo.

Por se non chegase con este corte, o sábado voltábase producir outro, sumándose así a unha lista interminábel, engrosada tamén pola deficiencia das instalacións.

Estes cortes só teñen unha interpretación sinxela; como xa existe a conexión á rede por parte do consumidor, as empresas subministradoras non fan os investimentos necesarios para á súa adecuación á demanda actual.

Creemos que en pleno século XXI non se pode permitir que estas situacións se volvan repetir, actuacións que ademais teñen moito que ver coa calidade de vida dos nosos veciños e veciñas e que crean, sempre que se producen, unhas consecuencias tanto económicas como persoais moi importantes.

É un servizo que os veciños e veciñas de Vigo pagan relixiosamente e non están a recibir o que realmente merecen.

A seguir o Sr. Domínguez Olveira procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(No momento das votacións están ausentes o Sr. Barros Puente e as Sras. Graña Barcia e Martíns Vilanova).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando actuacións relativas ós cortes no subministro eléctrico en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOBRE AS PEDRAS PROCEDENTES DA DESMONTAXE DO CHALET AGARIMO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de abril de 2005, o concelleiro do Grupo Municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"O Concello recibiu as pedras procedentes da demolición do chalé Agarimo e dende entón están depositadas en Beade, preto da zona onde vai ser reconstruído segundo o acordo que se tomou no seu día.

Pero as pedras repousan dende hai unha chea de meses sen que ninguén informe sobre a reconstrucción do tal chalé, que será adicado a fins sociais. Agora vai chega-la importante celebración da festa de cereixa en Beade, unha festa entrañábel por estar adicada ó cultivo de cereixas na nosa zona e, as pedras, depositadas mesmo en fronte do Centro Sociocultural, constituirán un estorbo gravemente prexudicial pra esa festa.

Consonte co antedito propoñemos:

Que de xeito inmediato se comece a reconstruír o chalé chamado Agarimo nos terreos previstos a tal fin, en Beade, ou, no seu defecto, que se aparten as pedras a un lugar onde non prexudiquen pra celebración da festa da cereixa e se comece logo a reconstrucción do chalé."

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Falo eu polo meu compañeiro Xulio Alonso porque está absolutamente ronco e case que non se lle escoita e por iso son o seu voceiro.

Esta moción ten dous aspectos. O primeiro que se reconstrua o chalet Agarimo porque foi un compromiso corporativo que se debe materializar canto antes.

O segundo aspecto é que, independentemente de que se poñan de acordo coa Xunta Parroquial o que me parece moi ben, viabilicen a celebración da festa da cereixa. Non entro agora se é movendo as pedras ou non, o que pasa é que as pedras están onde se celebra sempre esta festa.

Póñanse de acordo facendo caso ás peticións da Xunta Parroquial de Beade para resolver o problema.

Non lles poño data concreta pero pídolles que reconstruan o chalet e pido que cando teñan prazos concretos nos informen.

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Barros Ponte e Figueroa Vila e as Sras. Graña Barcia e Martíns Vilanova).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime

xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, relativa ás pedras procedentes da desmontaxe do chalet "Agarimo", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

C.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS INSTANDO TOMAR MEDIDAS PARA UN MAIOR USO DA BICICLETA.

ANTECEDENTES.- Nesta mesma data os membros da Corporación Sr. Alonso Vázquez, do PG, Sr. Fernández Fernández, do BNG, Sra. Sío Lourido, do PSdeG-PSOE, Sra. Lolares Pérez do PP e Sr. Iglesias Carrera do PP, presentan a seguinte moción:

"Paseo, emprego divertido do lecer, saúde, deporte e transporte sostible son posibilidades que nos brinda a bicicleta.

Nesta dirección pronunciáronse os participantes na Conferencia Mundial sobre a Bicicleta, "Vélo Mondial 2000", reunidos en Amsterdam en xuño do ano 2000, cando fixeron a seguinte declaración:

"Proclamamos que as persoas (incluídos os nenos) deberían ter o dereito de usa-la bicicleta cando queiran. Declaramos que o uso da bicicleta require unha maior aceptación e promoción por parte de todas as organizacións pertinentes e de todos os gobernos en todo o mundo. Facemos un chamamento para que se adopten medidas neste senso".

Seguindo o dito anteriormente, hai uns meses constituíuse unha comisión composta por todos os grupos políticos da cidade, co obxectivo de desenvolver na nosa cidade o uso da bicicleta como se fai noutras cidades de España e de Europa, porque pensamos que a bicicleta é un dos medios de transporte máis eficaz por ser:

- **Sostible, limpo e non contaminante** xa que permite o aforro dos recursos enerxéticos non renovables.
- **Económico**, pois diminúe o orzamento público e privado destinado a mobilidade e reduce as horas perdidas nos desprazamentos fundamentalmente polos atascos.
- **San**, debido a que a súa práctica regular mellora a saúde das persoas e evita as enfermidades.

e, ademáis, pensamos que na nosa cidade, para dar un paso adiante, poderíanse potenciar máis aquelas zonas onde a bicicleta represente ocio, transporte e turismo, como por exemplo o percorrido costeiro do litoral por Beiramar dende Isaac Peral ata Bouzas e a súa continuación ata as praias.

Esta é unha mostra, pero tamén na Comisión formuláronse outras propostas, algunhas delas contéplanse na seguinte moción:

1.- Que o Goberno xestione as infraestructuras ciclistas necesarias con motivo da Volvo Ocean Race 2005 e a súa divulgación. O obxectivo sería que os participantes da regata, os turistas que visiten a cidade e os propios cidadáns poidan desprazarse polo porto ata as embarcacións e pola zona costeira de Vigo en bicicleta, facendo especial fincapé no núcleo de Bouzas e na súa continuidade ata as praias, así mesmo polo Areal ata Isaac Peral. Implantaríase dous meses antes da regata e pasada a mesma redundaría no beneficio da cidade xa que quedarían unhas infraestructuras permanentes que todo o mundo podería disfrutar.

2.- Que o Goberno promova actividades de Educación Vial en diferentes zonas da cidade, como por exemplo no parque de Castrelos, co obxectivo, de facilitar ós máis pequenos lugares seguros para circular coa bicicleta e pensando que no futuro algunhas destas zonas poidan contar cun circuito permanente de educación vial como o do Castro.

3.- Que o Goberno formalice a COMISIÓN DA BICICLETA."

INTERVENCIÓN DO SR. IGLESIAS CARRERA: Levamos un ano xuntándonos unha serie de persoas de distintos grupos para tentar de poñer en marcha, dentro da clave dunha cidade máis humana e máis sostible con respecto ó medio ambiente, o estímulo da circulación en bicicleta.

O Sr. Iglesias Carrera procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Barros Puente e a Sra. Martíns Vilanova).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase a moción presentada por representantes dos catro grupos municipais instando a tomar medidas para o maior uso da bicicleta, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Felicítámonos todos de que sexamos quen de quitar un acordo común.

20.- (99).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVO Á SITUACIÓN DE SEIS FAMILIAS ADICADAS Á VENDA AMBULANTE.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Hai uns meses, neste mesmo salón de Plenos, faciamos o rogo de que se dialogara e se chegara a algún tipo de acordo coa situación que estaban a vivir seis familias que dependían da venda ambulante. A día de hoxe temos novas de que non se chegou a ningún tipo de acordo nese sentido e é polo que voltamos traer este tema e voltamos rogar que se poñan as medidas necesarias para solucionar un problema que está afectando a seis familias, que tiñan o seu dereito recoñecido pola propia normativa do Concello a desempeñar a venda ambulante, que a raíz dunhas reformas que se fixeron foron quitados do sitio que recoñecía esa propia normativa de onde desenvolvían as súas actividades e que a día de hoxe levan máis de seis meses sen poder traballar.

Nestes momentos sabemos que hai un escrito, que eu mesmo lin porque mo mostraron, do presidente da Asociación de Comerciantes da Zona Príncipe indicando que por parte do dito presidente non hai ningún tipo de problema para que estas persoas poidan desempeñar o su labor onde o viñan facendo ata o momento na rúa Manuel Núñez e polo tanto pensamos que a solución da vida de seis familias merece unha ampla vontade de chegar a un tipo de acordo con eles.

Polo que teño falado cónstame ademais que estas persoas están dispostas a adecuar os seus postos tal e como se lles indique, facer as reformas necesarias neles para que non supoñan un afeamento cousa que non temos porqué pensar e sabemos que no sitio onde desempeñaban o seu labor agora

cámbiase por un aparcadoiro de motos que creo lembrar que está a funcionar nestes momentos.

A boa vontade por parte destas persoas, e así nolo teñen exposto, está en chegar a calquera tipo de acordo, que se lles indique por parte do Goberno municipal un emprazamento nesa zona e nese contorno que loxicamente sexa axeitado ós seus fins, non se lles pode mandar a calquera sitio, entre outras cousas porque o tiñan recoñecido, non estamos a falar de novos vendedores ambulantes que se queiran instalar senón que estamos a falar dunhas persoas que tiñan recoñecida a súa potestade para exercer a venda ambulante na propia normativa do Concello.

Polo tanto rogámoslle encarecidamente á Sra. Alcaldesa ou ó concelleiro ou concelleira que corresponda que se chegue a un acordo porque nos parece suficientemente grave que seis familias leven máis de seis meses sen poder traballar.

Anunciamos xa que de non se facer así, no vindeiro Pleno presentaremos unha moción para instar e dar xa unha solución concreta a este tema.

A PRESIDENCIA: En todo momento estivemos abertos ó diálogo para chegar a acordo e seguiremos tentándoo.

SR. SOTO FERREIRO: Pois á parte de tentalo eu pediríalles que fosen un pouco máis eficaces. Súmome absolutamente ó rogo feito polo voceiro do BNG e con todos os respectos paréceme que vostedes non están a dar as mostras de sensibilidade que deberan en temas coma iste.

Sra. Alcaldesa, faga vostede un esforzo de diálogo cos seus propios compañeiros de Goberno, tráteo na Xunta de Goberno e evítenos ós demais facer outro tipo de papeis no Pleno da Corporación, sobre todo cando saben e coido que hai unha sensibilidade na maioría da Corporación que está clara en qué dirección vai. Non digo a súa persoa, digo que o seu Partido vai nesa dirección e se vai demóstreno canto antes, por favor.

* PREGUNTAS DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO DO BNG, SOBRE TITULARIEDADE DA ESTRADA DE ACCESO Ó AEROPORTO E FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO II CINTO.

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Dous rogos que lamentablemente veño repetindo. No primeiro trimestre do ano 2005 unha estrada como é a do

acceso ó Aeroporto, que neste Pleno acordouse pedir a súa titulariedade, está tendo uns accidentes graves, vedadeiramente importantes posto que no primeiro trimestre xa van dous mortos e que a xente non proteste non quere dicir que non haxa eses accidentes. Dos accidentes graves hai trinta atestados con dous mortos.

A miña pregunta é ¿temos prazo para facer ese acto de recepción da estrada de acceso ó Aeroporto do Ministerio de Fomento como se pediu neste Pleno? Se non o temos, ¿qué xestións se fixeron?

O rogo é referente a que hai un ano tomamos por unanimidade a decisión de facer unha comisión para o seguimento do II cinto e xa se mencionou que a relación co Ministerio de Fomento non é todo o fluída que tiña que ser. Asómbreme porque se de algo podo gabarme é que durante os meus catro anos a relación alomenos coa institución galega da Demarcación de Estradas foi sempre moi boa.

Cando esta fin de semana vin que os nosos veciños e veciñas afectados por unha expropiación andaban vagando polos sotos deste Concello para cobrar intereses e expropiacións pendentes, a verdade é que non me estraña que non teñamos boa relación porque coido que dúas institucións teñen que se ter o respecto de que cando se pide un local para facer pagamentos se manteña antes que un ensaio que foi o que fixo que se desprazasen a un corredor dos sotos ós nosos e veciños e veciñas para o pagamento.

Polo tanto, saber se isa comisión tivo algunha eficacia, saber se están inventariados os afectados, tanto públicos como privados e qué esperanza temos de que esta comisión teña o fin para eles que se quería, que é que Vigo non quede afectado máis do normal e qué expectativas temos de que isto mellore porque realmente eu nunca mirei que uns veciños de Vigo teñan que ir a un corredor para lles pagar. Foi lamentable e tivo que ir ata a Policía.

Se nós recibimos a outra administración para facer este proceso administrativo deste xeito, non é de estrañar que se produzan estes desencontros porque as persoas somos as que facemos que as administracións se entendan. As administracións soas non funcionan, funcionamos as persoas cando conectamos e facemos o servizo mutuo que todas as administracións responsables temos que facer.

A PRESIDENCIA: Teño que lle dicir que non só se pediu por escrito a cesión da titulariedade, senón que eu mesma trasladeillo no seu día ó Secretario

de Estado. Estase a traballar dentro dunha comisión técnica e espero que os resultados por fin sexan satisfactorios.

* ROGO DA SRA. MENDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVO Á PETICIÓN DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA Á XUNTA DE GALICIA.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: En maio de 2004, como lembrarán todos os corporativos e corporativas presentes, a instancias dunha moción do BNG aprobouse neste Pleno por unanimidade instar á Xunta de Galicia a dotar dunha ambulancia medicalizada máis á área sur de Pontevedra.

Tras un ano de espera por fin se concedeu esta ambulancia a área sur, concretamente que tivera a sede no Concello de Mos, precisamente saía esta nova o outro día na prensa.

Pero cando vas ver o que ten que realizar esta ambulancia realmente non é o que nós queríamos que é dar un servizo público durante as vinte e catro horas porque é unha ambulancia medicalizada. A razón é que esta ambulancia tamén ten que facer o servizo a MEDTEC, é dicir, todos aqueles pacientes que teñen que ser trasladados para realizar unha coroariografía ou que teñen un infarto e teñen que se trasladar ó MEDTEC para facer unha, coroariografía ten que se facer por esta ambulancia.

Isto quere dicir que os pacientes da área de Ourense, de Pontevedra, etc., por exemplo, tamén se teñen que trasladar. Na práctica quere dicir que ir a Ourense, vir, facer a angioplastia e marchar de novo para Ourense son tranquilamente dúas ou tres horas. Se van á Garda outro tanto.

Isto quere dicir que esa ambulancia prometida, que agora se concede e que teoricamente ía estar ó servizo de toda a poboación realmente non vai ser así.

O noso rogo é que este servizo se cubra por unha ambulancia hospitalaria e non polo 061 e que verdadeiramente a ambulancia medicalizada estea ó dispor de toda a área durante as vinte e catro horas.

A PRESIDENCIA: Trasladarei o rogo.

* ROGO DA SRA. MENDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ-CHAVES RELATIVA A OBXECCIÓN DE CONCIENCIA DO SERVIZO DE XINECOLOXÍA DO CHUVI.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Un rogo e unha resposta ó concelleiro Sr. López-Chaves para lle dicir que non se arroguen vostedes, señores do Partido Popular, en defensores da obxección de conciencia porque o Servizo de xinecoloxía do CHUVI non ten feito obxección de conciencia como tal servizo e hai moitos profesionais dentro del que si están dispostos a facer interrupcións voluntarias do embarazo pero non se artellan as cousas para que isto se faga.

* PREGUNTA DO SR. ALONSO VAZQUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, SOBRE RESPOSTA ÁS SÚAS PREGUNTAS RELATIVAS A PROTECCIÓN CIVIL NO PLENO ORDINARIO DE MARZO.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VAZQUEZ: No Pleno anterior fixera unhas preguntas polo tema de Protección Civil e como xa estamos nas datas do verán quería saber se se xestionara todo iso e cómo está o tema.

A PRESIDENCIA: Xestionouse todo e como é longo remitirémolle por escrito as actuacións que se teñen feito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.